

ANEXO I

O CONTORNO
DAS ÁRBORES E
FORMAÇÕES

PAZO DE LENS

Ames

Tras varias décadas de titularidade ininterrompida de Gustavo Varela Gutiérrez de Caviedes, profesor e naturalista eminente, novos tempos corren no Pazo de Lens –sito nas terras da Mahía, cerca das augas do río Tambre, con varios séculos no seu haber existencial– agora baixo o goberno do seu sobriño, Javier Varela Tato, continuador do legado recibido, que ten ben presente o labor desenvolvido polo seu antecesor, experimentando o predio desde entón un potenciación da vertente xardinística en detrimento de utilidades hortenses.

A propiedade, cuxa extensión superficial supera unha hectárea sen chegar a dúas, pechada por unha potente muralla, de defensa e delimitación, está inserida no mundo rural, na vila de Lens, presidida pola casona residencial e outras edificacións e instalacións secundarias (casa do forno, palleira, tuia, hórreo, pombal, galiñeiro, cruceiro, portalóns, mina, fonte, lavadoiro, miradoiro, pozos, mesas, bancos, escalinatas, muros, cancelas), que completan a súa bagaxe arquitectónica construtiva. Todo o espazo comprendido entre os edificios é un xardín paisaxista, no que a pradería impón o seu carácter, forrando de verdor un solo que acolle plantas ornamentais e froiteiras, cunha marcada predominancia das especies de adorno, servindo de sustento alimenticio e conferindo estabilidade a moitas árbores e arbustos, en disposición solitaria ou grupal.

Da masa verde que aparece na posesión, como formación, o que máis chama a atención son as sebes e as beiras de buxo, que contan con moita antigüidade, bordeando camiños e marcando espazos; xunto cun exótico canaval, de bambú negro, que é salientable polo número e a altura das canas, e polo tempo que leva no lugar que ocupa. En plan individual, hai moitas árbores vellas pertencentes a plantíos pretéritos, destacando, entre outras, as camelias, os boneteiros, os rododendros, os acivros, as cordillinas, as palmeiras excelsas, a criptomeria, os abeleiras, o castiñeiro, a nogueira e a nespereira. Por suposto, nesta relación hai que facer unha mención especial para o ciprés de Portugal que flanquea e vixía o pazo desde hai décadas, pegado ao muro e próximo á entrada.

De todo o inventario florístico, á camelia “Pantalóns” correspóndelle un protagonismo extraordinario, tanto dentro do pazo, por ser o seu elemento máis valioso, como tras as súas fronteiras, por tratarse dun dos representantes máis prezados da súa especie no país galego.

CASA DE BOTANA

Arzúa

Un predio de apreciable superficie territorial, entre 2 e 3 hectáreas, que mira e cae naturalmente cara á estrada de Arzúa-Boimorto, da que se encontra separada por un consistente muro pétreo, é o lugar de vida dun dos buxais máis valiosos da Finisterrae, por razóns estruturais e biométricas, dispoñendo as súas árbores en filas, sinxelas e dobres, ao bordo de paseos, e construindo ceadores de orixinais feitura e moito encanto.

O compoñente arquitectónico da Casa de Botana –que remonta as súas orixes ata a segunda metade do século XVIII– posúe un merecido protagonismo dentro da propiedade, tendo na casona residencial o elemento determinante do conxunto construtivo, con outras pezas complementarias: casetas, alpendre, muros, reixa de peche, fonte, lavadoiro, arcos, glorietas, mesas, bancos, etc. Todo no seu sitio, en perfecto estado de conservación e de revista, grazas aos coidados e atencións dedicados pola titular, María Xosé Botana Vaamonde, que puxo as miras de futuro do patrimonio familiar herdado, conformador do contorno da casa principal, no turismo rural.

Unha vista como entidade unitaria revela que a xardinería practicada na posesión é de pegada ecléctica, aínda que o paisaxismo gaña claramente a partida á xeometría, por razóns de cantidade e de calidade. Por aquí e por alá, aparecen parterres xeométricos, xardíns hortícolas, bosquetes de carballos, praderías e o buxal, coas súas carreiras e os ceadores. A flora mestura plantas autóctonas e foráneas, destacando a combinación resultante pola súa integración equilibrada



é harmónica. Como proba, non hai máis que ver a boa convivencia existente entre a carballeira, a pradería e os xardíns, que son os elementos predominantes, que teñen o buxal como nexo de unión das partes. Como queira que a Casa de Botana é un xardín, a flora de ornato e máis atractiva en todas as ordes, cun importante mostrario, onde, ademais dos buxos, outras especies adquiren relevancia e notoriedade. É o caso dunha magnolia grandiflora e unha parella de eucaliptos, que presumen dos portes desenvolvidos e da veteranía secular que os caracteriza. Os eucaliptos, que se encontran en altitudes considerables –arredor dos 400 m– para a especie (*Eucalyptus globulus*), son dignos dunha mención especial, ocupando unha posición sinalada, inseridos nunha das carreiras de buxos, podendo ser contemplados desde a estrada, ofrecendo a mellor imaxe cara á vía circulatoria.

IGREXA DE CÓRNEAS

Baleira

Córneas é un pequeno núcleo poboacional do concello lucense de Baleira que ten na igrexa parroquial un elemento primordial polo seu valor arquitectónico, relixioso e simbólico, en medio dun adro murado de reducidas dimensións que confina co cemiterio. Todo ese complexo construtivo eclesiástico e funerario, sendo importante de seu, ten nun emblemático teixo o referente indiscutible que chama a atención de propios e estraños pola admiración que causa a súa contemplación, con independencia da súa posta en valor dendrolóxica. A ninguén se lle escapa a contribución prestada polas características ambientais emanadas do contorno, por tratarse dun enclave inserido nun val fluvial –o regato Córneas, afluente do río Navia–, que acolle as manifestacións paisaxísticas xenuínas do ámbito montañoso: nas ladeiras, formacións boscosas (reboleiras), áreas de soutos e extensas matogueiras (uz, xesta, toxo); no fondo do val, bosque de ribeira e pradería. Completando o mostrario compoñente do mundo verde do lugar, o agro conta con cultivos hortícolas (legumes e hortalizas), millo, patacas e froiteiras (maceiras, pereiras, cerdeiras, nogueiras...).

Sorprende agradablemente comprobar como esta aldea recóndita da xeografía lucense, de escasa entidade, con poucas casas e veciños, atesoura semellante representante arbóreo, cunha dendrometría troncal que o coloca no primeiro lugar da súa especie nos lares galegos e garante a antigüidade multiseccular que distingue o seu haber existencial. Unha mestura de necesidade, insensibilidade e conveniencia son responsables dos danos producidos na zona da copa que se estende cara ao cemiterio. Estamos a falar da construción duns panteóns en veciñanza da árbore sagrada, que a converteron en elemento molesto para poder levar a cabo tal actuación. A solución foi doada: cortando uns brazos e ramas, desapareceu o obstáculo que impedía a obra. Unha pena pola molesta proximidade da edificación funeraria e o dano fisionómico causado que, non sendo moito, nótase polos claros e ocas abertos na arquitectura copal. A pavimentación acometida no recinto adral, non hai tanto tempo, levou consigo un enterramento, por grava, e un lousado que en nada benefician esta ximnosperma; aínda que, todo hai que dicilo, respectouse unha área terreal de 10 m² aproximadamente, na que se botou unha capa de terra fertilizada para garantir a provisión de auga e aire, e mellorar a calidade do solo.

IGREXA DE BAAMONDE

Begonte

A N-VI, carreiteira que une A Coruña e Madrid, entre Guitiriz e Lugo, ao seu paso por Baamonde, ofrécelle ao viaxeiro unha grata sorpresa, á vista de todos, que invita a facer unha parada para ver e gozar amodo e con detemento, a partes iguais, a harmonía reinante entre a arte e a natureza, aquí representados por unha igrexa antiquísima e un castiñeiro multiseccular, que enchen de contido e razón de ser o escenario relixioso representado por un pequeno pero carismático adro eclesiástico sito no concello lucense de Begonte. No contorno, a pouca distancia, aparece a Casa-Museo Víctor Corral, un referente artístico da Terra Chá e de Galicia que tamén hai que visitar; depósito, mostrario e expositor

da obra do autor, persoa coa que o castiñeiro está en débeda de gratitude permanente.

Inserido no núcleo poboacional, as orixes do templo remóntanse ata o Medievo, situándose entre os séculos XII-XIII, enmarcándose as súas directrices fabricacionais primixenias no románico galego, ofrecéndolle ao espectador unha factura edificativa de abraiante beleza. Construción principal que se acompaña dun trío de cruceiros, nunha praciña lateral, instalados na centuria decimonónica, con maior protagonismo para o que está en posición central, cunha talla de Cristo crucificado.

As obras de ampliación da N-VI, acometidas hai tempo, puxeron en perigo o futuro e a vida da venerable árbore, por encontrarse no bordo do espazo sagrado, polo que a piques estivo de desaparecer. Foi determinante a intervención de Víctor Corral, reputado escultor do país que, en principio, se opuxo con firmeza e determinación a súa corta e derrubamento; e, despois de conseguilo, tomou o castiñeiro como un obxecto artístico.

Dun folleto monográfico divulgativo, editado pola Xunta de Galicia (sen data), tomamos un parágrafo moi revelador, non en van se constata como a árbore é unha parte consubstancial da vida e da obra do artista local: "Todo na súa Casa-Museo é obra das mans do artista: desde a casa, feita pedra a pedra, incrustando nos seus muros tallas senlleiras, ata o pombal, feito con pedras traídas dos máis diversos lugares de Galicia. Desde as obras que garda no interior ata as que inundan –inundación de arte– o xardín que a rodea. Sen esquecer a capela por el instalada no interior do castiñeiro milenario que vive á beira da igrexa parroquial de Baamonde, e que vén ser complemento da Casa-Museo". Galicia é terra de castiñeiros, encontrándose espallados por todas as provincias representantes moi cualificados. O castiñeiro da Igrexa de Baamonde, sen ser o exemplar máis vello nin o de maior dendrometría, é unha das árbores máis reputadas da súa especie, pola súa gran antigüidade, a súa condición de caracocha, o acervo histórico-cultural e o valor artístico, sumando a estes méritos as citas e referencias bibliográficas coas que conta, responsables da súa fama e celebridade.

PAZO DE BALDOMIR

Bergondo

Un plano desta propiedade señorial, asentada na parroquia de Santa María de Guísamo/Bergondo, reproducido no *Catálogo dos pazos galegos* (Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, 1992), dános unha idea xenérica da planta do pazo, de contorno rectangular e grandes dimensións, asentado entre dous compartimentos axardinados –un de menor dimensión, que se estende e ocupa o patio de entrada, e outro, de maior superficie, na zona posterior do predio, cunha grande escaleira de pedra que salva o desnivel do terreo–, estando o resto do terreo cultivado polos caseiros. No momento da publicación da obra, os autores revelan a situación de abandono que padece a posesión. Tomadas do magnífico libro *Torres, pazos y linajes de la provincia de La Coruña*, as palabras de Martínez Barbeito (1986) son moi expresivas para poñer de manifesto o significado histórico deste nobre ben señorial do país: "*Baldomir es uno de los pazos más hermosos de las Mariñas. Presidía un vasto patrimonio agrícola que en buena parte se mantuvo hasta ahora unido, y el bosque y jardín que se extienden al pie de la escalinata de la fachada posterior, aunque abandonado y selvático, y quizá por eso mismo, conserva un indecible encanto*". Daquela, o pazo atravesaba por un período decadente que se evidenciaba no estado de descoido e de esquecemento padecidos pola arquitectura construtiva e a natureza vexetal (paisaxes, xardíns, agros, hortas e plantas).

Nada que ver coa súa fundación como pazo, que se remonta a principios do século XVIII, como o constata a documentación encontrada por Fernández Gasalla, sendo contratado o proxecto construtivo no ano 1702, co mestre de obras Benito de Monteagudo, por Diego de Ribera (Sánchez García, 2008).

A visita practicada nos albores do ano 2008 sáldase cunha mestura de impotencia e de tristeza que invade a calquera espectador que se achegue ata o lugar, tras a contemplación do espectáculo que ofrece o terreo, cun palacio reducido a ruínas, do que quedan só as paredes, baleiro de contido, afogado pola hedra, en medio de silvas e doutra

maleza que invadiu e destruíu os xardíns. Situación que amosa a inxusta realidade que atravesa a nobre posesión, onde o teixo é o elemento máis valioso, que sobrevive a tan penoso panorama grazas á súa autonomía, poñendo en valor un soar ao que o Concello de Bergondo, titular da terra e da vexetación, con inclusión do teixo monumental, e a Comunidade de Veciños Urbanización Pazo de Baldomir, dona do palacio, deben de buscar fórmulas e proxectos revitalizantes que devolvan o esplendor perdido, tanto nunha orde fabricacional como botánica.

A pesar de que se deixaron algúns metros de distancia con respecto á ximnosperma, con motivo das obras de urbanización levadas a cabo a finais da centuria pasada, a apertura dunha rúa e a instalación dun muro pétreo de contención, sitas preto do teixo, produciron danos irreversibles no sistema radical, que quedou parcialmente mutilado.

PAZO DE MARIÑÁN

Bergondo

Ao Baixo Medievo remóntase a aparición do Pazo de Mariñán, que nace como unha casa-forte, provista dunha torre como elemento construtivo referencial, evolucionando ata pazo no século XVIII, procedéndose, ao remate das obras, á creación do xardín primitivo, de traza xeométrica, e a introdución das plantas ornamentais. Deste período fala Sánchez García (1999), na publicación monográfica sobre un dos pazos máis relevantes de Galicia: *“Al analizar la arquitectura del Pazo y la configuración de los terrenos que lo circundan igualmente salta a la vista la realidad de una posesión que fue modelada y organizada continuamente, durante siglos, evolucionando desde una construcción militar y de control, expresión de un poder señorial, hasta un conjunto volcado en el aprovechamiento de la tierra pero que no olvidaba el solaz y recreo de sus poseedores como es el dieciochesco pazo final. Entre aquellos lejanos tiempos del final de la Edad Media, unos siglos XIV y XV en los que se han señalado los orígenes de Mariñán como fortaleza, y la configuración del conjunto pazeo definitivo a finales del siglo XVIII median, pues, siglos de sosegada explotación agrícola pautada por las sucesivas dinastías y generaciones de señores”*.

Tras un prolongado período de titularidade privada, na primeira metade do século XX, Gerardo Bermúdez de Castro y Suárez de Deza doa a nobre propiedade á Deputación Provincial da Coruña, comezando un novo período como ben público. Ninguén mellor que Chamoso Lamas (1977), artífice da redacción da memoria que conformou o expediente para a declaración do pazo como conxunto histórico-artístico e monumental, para explicar o significado de tal declaración e o novo cometido:

“Una vez que fue declarado Conjunto Histórico-Artístico, fue tramitado un proyecto, redactado por el arquitecto provincial de Bellas Artes, Carlos Fernández-Gago Varela, destinado a obras de ordenación y cuya realización fue subvencionada por la Dirección General de Bellas Artes y la Diputación Provincial de La Coruña, devolviendo al pazo su noble aspecto, en tanto se le dotaba de construcciones anejas cuidadosamente ambientadas en el conjunto. Merced a la encomiable acción de la Exma. Corporación Provincial, que no regateó toda clase de medios artísticos y económicos, el Pazo de Mariñán constituye hoy un extraordinario centro cultural de alcance internacional, pues en sus salones tienen acogida reuniones de científicos, congresos, certámenes, conciertos, conferencias, etc. Destino altamente provechoso para la cultura del país y compatible con el vetusto origen del pazo, que así evita toda interrupción ambiental”.

A ninguén se lle escapa que o mundo botánico de Mariñán é un dos principais atributos que atesoura o pazo, acadando valores cimeiros en todas as súas vertentes: paisaxe, flora e xardinería. Como conxunto unitario, a paisaxe mariñanesa resulta da conxunción dos compartimentos territoriais, once en total: entrada, avenida residencial, capela, galería, xardín principal, viveiro, embarcadoiro, campo agrícola, bosque, balcón da ría e xardín paisaxista. Partindo do feito de que uns compartimentos acadan máis prezo que outros, o certo é que todos eles configuran unha realidade verde sen parangón que sobe moitos enteiros a cotización do pazo.

A xardinaria, na súa totalidade, amosa un eclecticismo no que teñen cabida tanto os elementos xeométricos como os paisaxistas. Admitindo este punto de partida, temos que dicir que hai parcelas formais e parcelas paisaxistas plenamente diferenciadas, sendo o chamado xardín principal ou xardín antigo –formado polo parterre e o parque–, o que mostra máis interese e valía, ata o punto de que, sen lugar a dúbidas, é un sinal de identidade da posesión betanceira. Como botón de mostra, das moitas citas existentes, eliximos a feita polo Marqués de Quintanar et al. (1928-1933), na súa obra *Los Pazos gallegos*, pola súa acertada caracterización descritiva:

“Los jardines de Bergondo son obra de la época de esplendor del pazo -siglo XVIII-. Vencido el desnivel posterior de Bergondo por la escalinata, se extiende a su pie el jardín con sus cuadros de mirto, sus palmeras y su grandioso arbolado lateral, jardín que centra la avenida de cipreses, el naranjal, el bosque y la extensa pradería. Al fondo, la tranquila ría de Betanzos que besa todo a lo largo de los jardines y turban su tranquilo espejo las barcas del pazo que han desplegado del pabellón del embarcadero. El conjunto de los jardines y el pormenor que reproduce la estampa son de tal sabor italiano que parecen arrancados de una villa toscana o de la campiña de Roma”.

A flora é un depósito de diversidade e monumentalidade. De tal maneira que a listaxe supera con moito o centenar de especies, procedentes de todos os continentes, dando cabida a un importante continxente de exemplares e conxuntos arbóreos senlleiros.

PAZO DO CASAL

Bergondo

Na parroquia de Santa Marta de Babío localízase o Pazo do Casal, unha das propiedades señoriais de maior notoriedade das mariñas betanceiras, froito da conxunción dos valores arquitectónicos que reúne intramuros, que non son poucos, e as excelencias do mundo botánico que enche de contido o predio, que, ao noso entender, é de moita entidade e consideración polo seu indubidable interese paisaxístico, xardinístico e florístico. Mírese como se mire, nótase, no protagonismo acadado pola natureza vexetal, o influxo benéfico das características ambientais do lugar de asentamento do pazo, que non é outro que o fondo da ría de Betanzos, cun microclima especial e unha edafoloxía moi propicia para a plantación de toda clase de cultivos.

O equipamento construtivo, presidido pola casona residencial, complétase cun mostrario variado de pezas e estruturas salientables, como son as edificacións anexas, o hórreo, o alpendre, a pista de tenis, os invernadoiros, o lavadoiro, o depósito de auga, as fontes, os estanques, as presas, a muralla de cerramento, os muros de contención, as escalinatas, os portalóns, as reixas metálicas, os arcos, as mesas, os bancos, as columnas e os copóns. Rico e diverso patrimonio arquitectónico que potencia con forza e positividade a valoración desta fermosa casa señorial do país.

O ano 1853 –así aparece escrito con letras de buxo– é unha data clave na historia do pazo. O motivo non é outro que a realización dun proxecto xardinístico de grandes pretensións que, na actualidade, a grandes trazos, mantén fidelidade ás liñas de actuación orixinais. Por riba de todo, chama a atención o modelo practicado, que converte a posesión nun prezado xardín, con parcelas territoriais ben diferenciadas: patio da sequoia xigante, xardín principal, avenida e praciña, xardín hortícola e bosque axardinado.

A flora é abondosa e diversa, logrando reunir en torno ao centenar de especies, cunha importante participación do arboredo, por razóns de cantidade individual e de número de especies representadas. Da listaxe florística, que conserva e se nutre de moitos exemplares vetustos pertencentes a plantíos pretéritos, sen ningún xénero de dúbidas, a maior relevancia, en plan individual, correspóndelle á sequoia xigante, en primeiro lugar, acompañada por outros individuos (magnolias grandifloras, teixo, camelias, rododendros, eritrinas e algunhas árbores vellas do bosque-xardín); como conxuntos formativos, hai que constatar a presenza do labirinto de buxo e do bambueiral.

En relación coa xardinería e a flora ornamental, interesa, polo seu valor histórico-cultural, a reprodución dun parágrafo descritivo sobre este espazo, que aparece no libro de Sánchez García (2008): "Acompañan este singular labirinto un vello teixo situado nun ángulo e, ao pé do paseo que sae da casa, unha pequena composición de buxos recortados que serve, cousa excepcional nos xardíns galegos, para datar todo o conxunto: A frase «ESTE JARDÍN FUE HECHO EN EL AÑO 1853» desenvolta en forma de ferradura arredor das letras J e M entrelazadas, apuntan ás iniciais de D. José María Moscoso, feito confirmado ademais pola coroa condal do remate".

PARQUE-XARDÍN E CARBALLEIRA

Caldas de Reis

A declaración de "*Paraje Pintoresco*", no ano 1962, é un feito no curso existencial do xardín caldense, repercutindo positivamente na súa fisionomía e na súa estrutura por sucesivas obras de mellora levadas a cabo desde entón. Non hai máis que dar unha volta polo recinto e examinar o seu contido para decatarse do porqué da súa declaración, que lle outorga a honra de formar parte dos recintos do seu xénero máis reputados da Finisterrae.

Na súa historia, que comeza no ano 1884, está ben presente a conexión co termalismo, motor de progreso e modernidade da vila, concibíndose como un espazo lúdico-recreativo para uso e gozo dos habitantes do lugar e dos *agüistas*, como consta no proxecto de creación (Arquivo Municipal de Caldas de Reis), redactado e firmado por Francisco Alcarraz, enxeñeiro agrónomo e director da Escola Provincial de Agricultura de Pontevedra: "*La villa de Caldas, de suyo bastante importante, mira a otro objetivo al querer establecer un jardín. Durante el verano se ve la citada villa ocupada por una elegante e ilustrada población veraniega que va a aprovecharse de sus salutíferas aguas termales, por lo que consideramos de interés primordial el que el indicado pueblo establezca sitios de recreo, como el que encabeza estas líneas*". Tamén é evidente o feito xacobeo, que se plasma no Monumento ao Pelegrín, xa que Caldas de Reis é punto de paso e parada dos camiñantes do Camiño Portugués. Así mesmo, e palpable a relación coa raiña Urraca, a través doutro monumento que escenifica un castelo construído sobre rocha, xa que tiña na vila unha fortaleza.

A condición de zona pintoresca reflicte ben as claras a coexistencia dos tres compartimentos constituíntes –parque-xardín, carballeira e pradería da ribeira fluvial, localmente chamada Parque dos Choróns– conectados mediante o río Umia, curso acuático notable dos lares galegos cuxa presenza fai que o establecemento gañe moitos enteiros, sendo parte consubstancial do conxunto, que non sería o que é sen o seu concurso e achega.

No proxecto creativo orixinal, o parque-xardín concíbese como un espazo novo; a carballeira xa existe, pero vai sufrir unha profunda remodelación, por plantación "a cordel" do arboredo, modelo que se mantén na actualidade; mentres que ao Parque dos Choróns non se lle dá carácter xardinístico, condición que adquirirá despois da declaración como zona pintoresca. No presente, cada compartimento é un xardín en si mesmo, destacando o parque-xardín por concentrar case toda a diversidade florística; a carballeira, polo seu simbolismo, como lugar de celebración de feiras, festas e romarías; e a pradería da ribeira fluvial, por expresar mellor a función primitiva do ámbito xeográfico, como bosque de ribeira. O acervo construtivo reúne un mostrario variado de elementos e obxectos, con mención especial para a biblioteca municipal, o parque infantil, a caseta de xardineiros, os muros, as fontes, e, como non, o miradoiro fluvial, que ten nas singulares bancadas o reclamo principal. A derradeira incorporación e a aula de interpretación do espazo axardinado, instalada na carballeira. Os monumentos (Laureano Salgado, Irmáns Mosquera Vázquez, Pelegrín, Raiña Urraca e 11-M) son outro dos aspectos a considerar pola súa connotación. A flora destaca pola diversidade, superando con moito o centenar de especies, chamando a atención o arborado de moitos anos procedente das primeiras plantacións. De tal maneira que, aínda que non o pareza, os tres rexistros (araucaria do Brasil, cunninghamia e carballeira) que figuran no *Catálogo das árbores senlleiras* (Diario Oficial de Galicia, 2007b) constitúen unha achega significativa, sobre todo tendo en conta que unha delas é unha das poucas carballeiras urbanas dignas de aprecio.

TEIXEDAL DE CASAIO
Carballeda de Valdeorras

Pena Trevinca é unha zona de gran valor natural integrante da serra do Eixe, espazo natural protexido na parte oriental da provincia de Ourense, pertencente aos concellos de Carballeda de Valdeorras e A Veiga, lindeira coas provincias de León e Zamora. A serra conta coas cotas máis altas da comunidade, que superan 2.000 m en Pena Trevinca e en Pena Survia, con vexetación maiormente de matogueira, excepto as masas arbóreas que aparecen nas valgadas.

A xulgar pola bagaxe de citas bibliográficas dispoñibles, aparecidas en libros, revistas e outra clase de publicacións, científicas e divulgativas, a ninguén se lle escapa o interese amosado por esta masa de teixos, da que mostramos outra referencia, que vén da man de Silva-Pando e Rigueiro Rodríguez (1992), reputados botánicos galegos: "No ourensán municipio de Carballeda de Valdeorras, dentro da serra de Pena Trevinca, atópase a representación galega máis xenuína desta estirpe, e unha das mellor conservadas do Estado; trátase dun rodal de 5 ha de teixo que todos os veráns está ameazado polo lume, polo que é merecente dunha atención especial, de cara a súa conservación". González Rodríguez et al. (1995), na *Guía dos espazos naturais de Galicia*, fan unha descrición histórico-cultural e botánica do célebre teixedal, que constitúe a singularidade máis salientable do contorno xeográfico no aspecto florístico:

"O teixo (*Taxus baccata*) é unha árbore escasa en Galicia pola presión a que foi sometida polo valor da súa madeira. Isto unido a que non soporta o lume, fixo que desaparecera de case todo o noso territorio. Atópanse pés soltos desta árbore nos bosques mellor conservados, como son as devesas do Courel, as Fragas do Eume ou Os Ancares, pero en ningún deles se presenta unha formación tan chea como neste caso, composta por uns 200 pés de teixo ao que acompañan no estrato arbóreo o acivro (*Ilex aquifolium*), a abeleira (*Corylus avellana*) e o capudre (*Sorbus aucuparia*) e, no estrato herbáceo, a polpaxunta (*Sanicula europea*) e *Galium odoratum*".

En realidade, o Teixedal de Casaio, ou Teixedal de Trevinca, non é unha masa pura de teixos, formando parte dun bosque encaixado no fondo dunha valgada montañosa, atravesada polo regato Penedo, nun terreo de acusada pendente, onde o estrato arbóreo do bosque está poboado por teixos en compañía doutras especies: bidueiros, rebolos, abeleiras, freixos, capudres, pradairos brancos, acivros, etc.

Olano Gurriarán (2004) é autor dunha publicación monográfica que leva por título *El tejo y el teixedal de Casaio (Ourense)*, editada pola Deputación Provincial de Ourense, que pasa por ser, hoxe en día, a obra máis significativa deste rexistro monumental e senlleiro dos lares galegos, ofrecéndolle ao lector abundante e valiosa información histórica, cultural e botánica, tanto da especie (*Taxus baccata*) como da sen par formación forestal galega.

ESTRADA N-540 (PQ 61 e 65)
Carballedo

Non se lle pode negar ao concello de Carballedo –na comarca de Chantada, sito entre a serra do Faro e o encoro dos Peares, ao suroeste da provincia de Lugo, lindando coa provincia de Ourense-, o protagonismo que alcanza a especie arbórea xenuína por excelencia dos lares galegos, o carballo (*Quercus robur*), que, no caso que nos ocupa, adquire condición de embaixador verde do termo municipal ao que dá nome. De tal maneira que, formando carballeiras ou en disposición illada, a especie aparece distribuída por todo o territorio, na compañía de soutos, bosques de ribeira, matogueiras e praderías como unidades vexetacionais máis características do concello. Do vasto mostrario de carballos, dous acreditan un conxunto de méritos propios e atributos alleos que os fan figurar no catálogo de árbores senlleiras, localizándose tanto en espazos públicos como en ámbitos privados. O Carballo Grande de Bustelo de Abaixo forma parte da xeografía poboacional e natural de Bustelo de Abaixo

–pouco despois da Barrela en dirección a Ourense, no P. K. 65–, aldea de poucas vivendas, cuxo contorno paisaxístico está constituído, nun plano máis afastado, por piñeirais, por carballeiras e por matogueiras; mentres que, de cerca, aparece un regato co seu bosque de ribeira, estando dedicado o terreo, no que a cultivos agrícolas respecta, a pradería, pataca, millo, hortenses e froiteiras. A fenomenal árbore encóntrase na propiedade coñecida como Casa de Julio, que ten na vivenda e no hórreo, de pedra granítica, os seus referentes construtivos primordiais, ocupando o *quercus* un lugar destacado no predio, lindeiro entre o terreo privado e a estrada pública, gozando dun amplo campo de visualización desde calquera parte.

O Carballo Grande do Mestre –que debe o nome ao feito de que o antigo propietario era mestre de escola– está nas aforas da vila de Barrio (P.K. 61), onde destacan a igrexa parroquial e a casa do dono da árbore, que conta con capela, hórreo e pombal, elementos propios do mundo señorial, aínda que non se trate dun pazo. Lugar da parroquia de Santiago de Pradeda, cuxa paisaxe está caracterizada pola abundante presenza de masas boscosas (carballeiras, soutos, bosques de ribeira) e repoboacións de piñeiros; con extensas áreas de monte baixo e amplos territorios de pastos e forraxes. A árbore “Pantalóns”, que cobre, a modo de teito, boa parte da anchura da estrada, é facilmente localizable, aparecendo pouco antes dun paso elevado, sobre un noiro cun regato de regadío no seu límite inferior.

CASA DO HERDEIRO

Carballedo

A Casa do Herdeiro é un dos bens privados notables do ámbito municipal, coa vivenda familiar como elemento determinante do conxunto construtivo, no que respecta ao mundo arquitectónico, ao que hai que lle engadir outras instalacións e dependencias agropecuarias, asentadas sobre un extensa predio que dá cabida a cultivos agrícolas e masas arboradas, onde a pradería e os carballos impoñen o seu carácter.

Despois de durmir un longo sono de séculos no máis total dos anonimatos, dun tempo a esta parte, saltou de repente ao dominio público, tanto en Galicia como máis alá das fronteiras, gozando de sona polas excelencias que acredita. Domínguez Lerena, 2007, explica o porqué do seu nome:

“El carballo ha ido pasando de los padres al primer hijo, heredero de la gran mayoría de los bienes más importantes de la familia. Esto en tierras gallegas tiene un especial significado, pues si algún tipo de árboles puede considerarse representativo de la vegetación secular de Galicia, son los robles. Estos árboles han pasado de padres a hijos a lo largo de los siglos, ya que han representado un papel esencial en el desarrollo y economía de multitud de pueblos gallegos, a la vez que han escenificado la fuerza y el poder de la tierra”.

CASA GRANDE DE LOUREIRO

Carballedo

En plena eido rural municipal de Carballedo, entre as vilas de Loureiro de Arriba e de Loureiro de Abaixo –nunha zona onde a carballeira e o souto son as masas autóctonas dominantes, con presenza de piñeiral; cun agro dominado pola pradería, acompañada por outros cultivos (froiteiras, cereais, pataca e hortas)–, localízase a Casa Grande de Loureiro, propiedade claramente diferenciada das que compoñen as aldeas próximas entre as que se encontra. Para chegar ata o lugar, na Barrela, hai que apartarse cara a San Cristovo de Cea, pasar por Bucíños, aparecendo un indicador cara a Loureiro de Abaixo e, seguidamente, aparece un desvío á dereita que conduce directamente ata a praza que se abre e se estende diante da Casa Grande.

A casona é o referente principal deste pazo da Comarca de Chantada, que conta co seu hórreo, capela e dependencias agrícolas. A súa contemplación pon de manifesto a notoriedade do predio no contorno inmediato, por razóns

cuantitativas e cualitativas, sendo tamén certo que se trata dunha de tantas posesións señoriais espalladas pola xeografía galega cuxo mundo arquitectónico, cultural e botánico non resalta por nada en especial, coa excepción feita do carballo, polo que non pode ser incluída dentro das expresións máis destacables do país. Ben que pertenceu á liñaxe dos Ribadeneira –que conta, entre os membros, cun personaxe ilustre, José Antonio Ribadeneira (bispo de Valladolid, auditor da Sagrada Rota Romana, que ocupou o cargo de consiliario da Real Academia de Belas Artes da Purísima Concepción, de Valladolid, e tamén xogou un importante papel na creación do Concello de Carballedo no ano 1840)– ata que foi comprado, a principios do século pasado, polo pai dos herdeiros actuais, José Fernández Vázquez.

Para a visualización da árbore non fai falta entrar no pazo por encontrarse na praciña que leva o seu nome, Praciña do Carballo, espazo configurado pola Casa Grande, pola palleira, polo hórreo e pola fonte. Admitindo a importancia dos elementos construtivos na posesión, o certo é que o carballo, que enche de contido e razón de ser a praciña, é un dos sinais de identidade da Casa Grande, que non sería o mesmo sen o *quercus*; tamén das viñas limítrofes e, por extensión, do termo municipal que, como é sabido, conta con importantes manifestacións monumentais. O Carballo da Casa Grande de Loureiro é un dos individuos máis prezados do Concello de Carballedo, ámbito xeográfico do que Maroño Mañá (1997), no seu interesante artigo sobre os grandes carballos galegos, di “que con razón se chama así, pois en ningún sitio da nosa terra hai tantos e tan monumentais carballos. E dá gloria ver no corazón de Galicia, ao pé do mítico Monte Faro, tan grandiosos exemplares da nosa árbore patria”.

PAZO DE CARTELOS

Carballedo

A ruta dos *quercus robur* galegos –que se pode recorrer, contemplar e gozar na comarca de Chantada– ten, no carballo do Pazo de Cartelos a súa máxima expresión, tratándose dunha árbore grandiosa como poucas, tanto no Fogar de Breogán como na xeografía española. Dentro da propiedade do pazo, o veterano carballo abandeira a súa inmensidade paisaxística, que abarca unha superficie en torno ao centenar de hectáreas, onde a pradería e os bosques mandan, por razóns de calidade e de cantidade. Del fala Maroño Mañá (1997), no seu traballo sobre os grandes carballos do país: “Deste concello é a parroquia de Santo Estevo de Cartelos, na que está o enxebre pazo de igual nome e nel o Carballo Grande, tamén chamado Carballo dos Varrugos, por ter unha verruga enorme, como un aro, todo ao redor do pé, na parte baixa. Está no terreo do pazo, nun val moi fermoso, acompañado doutros carballos xigantes e de castiñeiros vellos que medran abrigados do norte polo Monte Faro”. O complexo fabricacional que se asenta na nobre posesión lucense é un dos principais activos de Cartelos, o que non sorprende polo feito de conter unha das mansións residenciais de maior entidade da provincia, equipada do correspondente compoñente construtivo agropecuario, para prestar un servizo que na actualidade, e así vén sucedendo ininterrompidamente desde as orixes, constitúe unha das razóns de ser e de existir, cometido moi consonante e revelador do significado e funcionamento dos pazos galegos.

Un longo camiño conduce ata a casona do pazo, pero para chegar ata o carballo hai que continuar a marcha por outro camiño descendente que desemboca nunha carballeira, que rodea a extensa pradería a modo de orla forestal, constituída por unha masa de exemplares de grandes portes e moita idade. Na súa posta en valor, hai que facer referencia dalgúns feitos históricos salientables: *“Este impresionante árbol está enclavado próximo al antiguo Camino Real de Orense a Lugo y Santiago, trazado sobre la Calzada Romana que unía a Braga con Lugo y Padrón, que era una arteria vital del comercio y la cultura en la Hispania romana. La finca en donde se encuentra fue cedida por la corona a los antiguos propietarios en el siglo IX, como pago por haber luchado contra los árabes. Existen documentos de 1333 en donde se dan cuenta de los bienes que se reparten, entre los que se encuentra el bosque en donde habita el árbol”* (Dominguez Lerena, 2007).



PAZO DE VILAR DE FRANCOS

Carballo

A ninguén se lle escapa que esta clase de árbores xenuínas galegas garde vinculación coa orixe da toponimia do concello coruñés, pero o certo é que, aínda que *a priori* haxa xente que trate de establecer unha relación, nada ten que ver o nome co carballo máis emblemático do termo municipal –enclavado no lugar que leva incorporado o seu nome propio, pertencente a parroquia rural de San Xurxo de Artes, nun outeiro da comarca de Bergantiños–, considerado tamén como un dos monumentos verdes máis salientables de Galicia enteira.

Desde hai pouco tempo, o pazo –con distribución territorial tipificada segundo o patrón establecido en compartimentos (xardín, agro e bosque)– cambiou de titularidade e cometido, converténdose nun ben empresarial destinado ao sector de hostalaría, o que lle supuxo un proceso de remodelación do que resultou claramente beneficiado o compoñente xardinístico. Dando unha volta, pronto se decata un do excelente estado de conservación deste microcosmos de verdor, onde a flora arbórea plantada en tempos pretéritos goza dunha envexable posición de liderado, por causas de número e calidade.

O edificio principal, de planta rectangular, loce con forza a magnificencia emanada da fábrica construtiva granítica, cun portalón de acceso brasonado que denota as antigas orixes da liñaxe, confirmadas por Antonio Riobó Seixas Pardiñas Villardefrancos, membro desta nobre casa. Edificio señorial que se sitúa en medio doutras construcións e instalacións de moito interese, como é o caso do pombal, do hórreo, do cruceiro, das fontes, das mesas e dos bancos. Equipamento mobiliario pechado por unha imponente muralla de pedra de gran consideración, extensión e elevación, un dos sinais de identidade da posesión. Non esquecemos, por suposto, a Capela de Santo Antonio de Padua, santo moi querido e venerado no lugar que conta cunha romaría anual o 13 de xuño.

Extramuros, nun campo próximo que se transformou en souto por plantación de castiñeiros non hai tanto tempo, separado do camiño por un valado de pedra, vexeta o celeberrimo carballo casamenteiro, virtude que se lle atribúe ao santo.

CASA DE ORDÁX

Castro de Rei

Formando parte da comarca da Terra Chá –singular entidade galega, polas características paisaxísticas, culturais e humanas que lle son propias–, o concello de Castro de Rei deixa ver na súa xeografía o porqué que xustifica a denominación, derivada da planitude topográfica determinante da penichaira desta zona, cunha orografía carente de accidentes destacables. Dentro do ámbito municipal, figura a vila das Lombas, na parroquia de Santo Estevo de Loentia, enclave da Casa de Ordáx, tamén chamada Casa das Lombas por razóns de asentamento poboacional, ámbito de vida dun dos eucaliptos máis salientables dos lares galegos.

Hai uns anos, a propiedade experimentou un proxecto remodelador global responsable da fisionomía que mostra hoxe en día, sacándoa do penoso estado de conservación que presentaba ata entón. Estamos en tempo de Xoán Manuel Pérez Fernández, titular actual, cuxa actuación é de tal envergadura que marca un antes e un despois no ser e existir desta senlleira posesión chairega. A súa información persoal e a que aparece no libro *Castro de Rei. Historia, arte e patrimonio* (López Pombo (1999) permite facer unha secuenciación dos feitos máis importantes. As orixes da propiedade remóntanse ao XIX, xa avanzado o século, sendo o fundador Manuel Darriba Dorrego, coñecido localmente polo alcume de “O Cuco”, analfabeto e pastor de ovellas, que marchou a Madrid buscando a vida e acabou acadando unha gran fortuna, chegando a ser deputado a Cortes e xefe superior de Administración. Ao cabo dos anos, volveu á súa terra natal e fixo esta casona de tipo señorial. A súa filla, Virginia Darriba Lorenzo Dorrego y Díaz, herdeira, na segunda metade, casa con César Ordax Avecilla y Urrengoechea, home de alta reputación,

que desempeña importantes cargos, co que entra o nobre apelido na casa de Loentia.

Postos en contacto co dono actual, Xoán Manuel Pérez Fernández, cóntanos que a posesión se mantivo durante varias xeracións en poder da mesma familia. Ata que foi vendida, no terceiro cuarto do século XX, a Antonio Escuredo Fernández. Persoa –segundo nos informa este colaborador– á que lle debe a vida o eucalipto, xa que, con motivo da ampliación do Aeródromo de Rozas, quixeron eliminalo, sen conseguilo por impedilo este dono. A lectura do parágrafo de López Pombo (1999), revela que é unha árbore dobremente afortunada, porque con anterioridade xa se salvara de ser derrubada pola súa proximidade ao aeródromo: *“Centenario eucalipto de grandes proporciones, el cual se libró de ser cortado durante la II Guerra Mundial, gracias a las gestiones realizadas por el entonces capitán ingeniero de armamento, D. César Ordáx-Avecilla, pues dicho árbol por su volumen podría ser punto de referencia a los posibles aviones enemigos que intentarían localizar las pistas del Aeródromo de Rozas”*.

Nunha orde arquitectónica, á vista de todos está a presenza dalgúns elementos construtivos orixinais (casona, capela e pombal), que aproximan o predio ao modelo adoptado polo mundo señorial, aínda que, para ser sinceros, a pesar das similitudes e coincidencias, non é un pazo verdadeiro. Xoán Manuel Pérez Fernández construíu unha nova casona residencial e tres naves con fins pecuarios e está restaurando as construcións antigas, adquirindo novas terras, maiormente destinadas a pradería, ata un total de 62 ha de extensión superficial.

En posición de bordo, o carón da estrada, vixiando o predio, á vista de todos, lucindo un porte e unha fisionomía dignas de ser destacadas, vive este fenomenal exemplar secular de eucalipto, posiblemente un cruzamento de eucalipto do maná con outra especie do xénero. Certamente, a súa contemplación deixa no observador unha fonda pegada.

PRAZA DO CAMPO DE QUINDOUS

Cervantes

O concello de Cervantes forma parte da comarca dos Ancares, da que encabeza a listaxe no que a superficie territorial respecta. A serra dos Ancares, xunto coa do Courel, configuran un Lugar de Interese Comunitario da Rede Natura, que abrangue todo o termo municipal, que impresiona pola mole montañosa que o caracteriza e preside, límite xeográfico coa provincia de León, entre cuxos promontorios se albisca o val de Cervantes. Calquera visitante que se mova por este escenario natural oriental do país, pronto se decata das excelencias emanadas das paisaxes, xeradoras de vistas e panorámicas indescribibles. Impresións que quedan gravadas na súa retina, deixando unha pegada tal que pasan a segundo lugar as dificultades derivadas da orografía irregular e accidentada, con fortes pendentes; as condicións climáticas adversas, pola acusada altitude e afastamento do mar, con invernos moi fríos e rigorosos; e as restricións que marcan as comunicacións deficitarias e duras condicións vitais que teñen que soportar os habitantes da zona.

Desde Becerreá, circulando en dirección a Navia de Suarna, ao chegar a San Martiño, deixando atrás a ponte fluvial, hai que tomar o desvío que conduce a Quindous, núcleo habitado inmerso nun contorno de matogueira, coa masa boscosa que busca refuxio no fondo do val, atravesado na súa parte baixa por un regato que leva o nome da vila. Na entrada da vila está a Praza de Quindous, xardín que se desenvolve nun pequeno terreo, de manifesta pendente topográfica á que se adapta toda a estrutura xardinística que, desde unha óptica arquitectónico-mobiliaria, ademais do dito, só ten bancos e unha fonte empedrada nun lateral.

No núcleo poboacional, de poucas casas, chama poderosamente a atención o Pazo de Quindous e a igrexa parroquial, co seu adro e cemiterio. O antigo campo feiral –ata a súa desaparición, hai algunhas décadas– deulle paso a un espazo axardinado, de escaso valor, que pouco lle axuda ao cerquiño senlleiro, que é o que é fundamentalmente por méritos propios, contando coa inestimable colaboración, nun ámbito xeral, dos activos e atractivos achegados pola serra dos Ancares.

Por riba de todo, o Pazo de Quindous, unha das propiedades señoriais de maior altitude dos nosos lares, é a construción máis emblemática da parroquia, pertencente a unha liñaxe que conta por séculos o seu haber existencial. De materiais de lousa, deixa ver a súa primitiva condición de fortaleza, que ten nas torres cilíndricas o feito máis apreciable. Yebra de Ares (1997), no seu libro sobre pazos lucenses, escribe: *"El aspecto de este pazo montañés es de gran interés, no luce lo suficiente debido al entorno en que se sitúa, formando conjunto con la iglesia, antes capilla familiar del pazo, y el grupo de casas que componen la parroquia, lo que le resta visión"*. Na fachada principal e sobre a porta de entrada, aparece o escudo nobiliario, no que destacamos unha árbore e a lenda gravada que aparece na base: "Soy la Casa de Quindous fundada en esta montaña".

PATIO DA POLICÍA MUNICIPAL

A Coruña

Pouco espazo habilita o patio da Policía Municipal para a súa transformación e consideración como xardín, de tal maneira que este quefacer creativo queda nun proxecto de boas intencións pero de mínimas pretensións territoriais e artísticas, que non pasa de ser o que é por impedimentos técnicos e propios do cometido que presta o recinto, como sede da policía municipal coruñesa. Porén, en compensación aos mínimos xardinísticos, unha das árbores do establecemento verde chega de seu para que o reduto adquira unha importancia inusitada nos lares galegos e máis alá das fronteiras. Trátase dun celeberrimo metrosideros que leva incorporado ao seu nome propio a denominación da institución pública de asentamento.

A dicir verdade, á árbore ten pouca sorte no tocante a habitáculo vital e a campo visual, por encontrarse totalmente encaixada e confinada entre edificios e muros, pertencentes ao cuartel da policía e ao tecido construtivo urbano, vivindo nunha situación de abafamento permanente do que sabe saír airosa, aproveitando o pouco espazo que lle queda.

XARDÍN DE SAN CARLOS

A Coruña

Son dúas as imaxes fisionómicas que ofrece o Xardín de San Carlos aos coruñeses e demais visitantes, nas que se aprecia a vinculación existente entre o mundo da pedra e o mundo das plantas: unha extramuros, onde domina o primeiro, e outra intramuros, onde prima o segundo. Pero, en ambos os casos, cada elemento convértese en parte determinante e substancial.

Trátase dun establecemento de gran valor artístico aínda que minimalista no que respecta á superficie territorial, comprendida entre media e unha hectárea, o que pon de manifesto que non é o tamaño o parámetro que prima necesariamente á hora de establecer e ditaminar a relevancia e notoriedade dos espazos axardinados. O de San Carlos é un dos xardíns públicos máis antigos do país, xa que foi creado no ano 1834, estando concibido, desde as súas orixes, como un xardín funerario, para albergar os restos mortais de John Moore, insigne militar inglés que loitou contra as tropas napoleónicas, sendo ferido mortalmente na Batalla de Elviña no ano 1809. Do asunto fala Carré Aldao (1936): *"El jardín data de 1834 y su conservación corre a cargo del municipio coruñés. Cuando se depositó en este sitio el cadáver del infortunado caudillo, se hizo en un apartado lugar, a la una de la madrugada, sin ataúd ni sábana, envuelto en la bandera británica. Condujéronlo así, y en el silencio de la noche, ocho higlanders, para evitar cualquiera profanación por parte del enemigo, si éste la intentase. Allí quedó hasta que se le dio más decorosa sepultura"*.

Aínda que hoxe en día, e desde hai máis dun século, é un xardín público, o certo é que, inicialmente, foi un ben de titularidade militar, participando na súa construción España e Inglaterra, sendo o brigadier Francisco de Mazarredo o

responsable máximo da súa aparición. Dos primeiros momentos da conta Naya Pérez (1978), outrora cronista oficial da Coruña: *"Mazarredo comunicó la idea al cónsul de Inglaterra a la sazón y a varios vecinos, y todos se prestaron gustosos a cooperar en la realización con sus servicios y recursos. Abrióse una suscripción popular enseguida y con estos medios se consiguió llevarla a cabo y seguir entreteniendo el jardín, hasta que pocos años después se hizo cargo de él el Ayuntamiento, que continúa manteniendo un jardinero-guía"*.

O feito de integrar o Patrimonio Artístico Nacional constitúe un dos principais atributos que lle dan sona e potencian a posta en valor do recinto verde herculino. O Boletín Oficial del Estado (1944) recolle a declaración, achegando unha relación de argumentos que xustifican a condición e a categoría que se lle asigna:

"El Jardín de San Carlos, levantado sobre las ruinas de la llamada Fortaleza Vieja, es el rincón romántico de más abolengo de la ciudad coruñesa. Durante el pasado siglo XIX, se convirtió en jardín botánico, dotándosele de gran variedad de árboles exóticos y plantas de belleza insuperable. Sus tapias se han ido enriqueciendo con lápidas de mármol, entre las que destaca la grabada con la arenga del Duque de Ciudad-Rodrigo a los soldados gallegos. Y en el centro del jardín se alza un hermoso mausoleo que contiene los restos del General inglés Sir John Moore, herido en la batalla de Elviña. Teniendo en cuenta los valores histórico y artístico de las murallas, puertas y jardín que se reseña, y vistos los informes de la Real Academia de la Historia y de la Comisaría General del S. de D. del Patrimonio Artístico Nacional, el Gobierno acordó la declaración de Monumento Histórico-Artístico del Jardín de San Carlos".

Non sabemos cal foi o deseño estrutural nin a composición florística do Xardín de San Carlos no momento da súa fundación. Pero, por ilustracións que datan da segunda metade da centuria decimonónica, desde unha óptica xardinística, sabemos que desde entón ata o presente mantén bastante fidelidade, mostrándose como un parterre indivisible composto por tres zonas compoñentes do conxunto unitario: paseo arborado, cinto de cadros e praciña do sepulcro.

O paseo arborado, que discorre entre a muralla de cerramento e o cinto de cadros, ten na aliñación circunferencial de olmos o aspecto máis significativo, que substituíron, desde hai máis de cen anos, as árbores preexistentes (robinias). O cinto de cadros, que consta de sete unidades, está feito por boneteiro, alfaneira e buxo, albergando cada cadro un contido multiespecífico. A praciña do sepulcro, que ocupa a zona central do establecemento, está presidida polo mausoleo de John Moore e dispón de catro olmos en posición angular, que, igual que no paseo arborado, substituíron un anel interior de robinias.

XARDÍNS DE MÉNDEZ NÚÑEZ

A Coruña

E moita a contribución prestada polos Xardíns de Méndez Núñez á arte da xardinería galega, por tratarse dun dos escenarios verdes máis carismáticos, non só da cidade coruñesa, senón de toda Galicia, figurando tamén entre os mellores da súa clase presentes na xeografía española. As orixes do espazo sitúanse a partir do 1870, segundo afirma López Vallo (1996) no seu documentado artigo, que lle dá rigor e credibilidade á data indicada, tardando anos en adquirir a fisonomía definitiva. Polo tanto, estamos ante un xardín público municipal secular, nota distintiva de cara á súa posta en valor.

Ao referirse aos Xardíns de Méndez Núñez, pronto nos decatamos, e así o recolle a súa designación, de que falamos en plural, aspecto que non debe de pasar desapercibido para o dominio público, xa que constan de tres compartimentos (alameda, xardín de Méndez Núñez propiamente dito e a rosaleda) que son partes compoñentes dunha realidade común pero mantendo unhas características botánicas (paisaxísticas, xardinísticas e florísticas) perfectamente diferenciadas, que lles confiren a categoría de auténticos xardíns individualizados.

Mención á parte para o capítulo de obras arquitectónicas e escultóricas, que se distinguen pola súa riqueza e variedade, expresada tanto en termos cuantitativos como cualitativos. As obras arquitectónicas están representadas principalmente polos quioscos e o palco da música. Se algo chama verdadeiramente a atención do espectador, *a priori*, son os quioscos que enmarcan e poboan o recinto. Ningunha cidade galega e poucas españolas se permiten o luxo de poder contar con pezas de tal calibre e grandiosidade, integrando o seu patrimonio mobiliario xardinístico. Que mellores exemplos que o Quiosco Alfonso, o Quiosco La Terraza, o Edificio Atalaya, o palco da música, o Hotel Atlántico, etc. No tocante aos monumentos escultóricos, a súa instalación foi unha constante histórica, desde os

primeiros anos ata os nosos días. Só temos que facer un percorrido polo establecemento para comprobar o dito: monumentos a Linares Rivas, o a Daniel Carballo, a Emilia Pardo Bazán, a Afonso Castelao, a Manuel Murguía, a Juan Fernández Latorre, a Menéndez Pidal, ao Doutor Hervada, a Concepción Arenal, etc.

Botando unha ollada ao recinto xardinístico e ás súas partes integrantes, a grandes trazos, a Alameda está presidida por un Salón de Palmeiras, maxestoso, con dous emblemáticos monumentos nos seus extremos (Curros Enríquez e Daniel Carballo) e o palco da música en posición centrada e interior; acompañada, lateralmente, por un xardín paisaxista e a zona dos edificios (hotel, Quiosco Alfonso e Quiosco La Terraza). O Xardín de Méndez Núñez propiamente dito, de carácter paisaxista, concentra boa parte dos monumentos escultóricos (Emilia Pardo Bazán, Concepción Arenal, Afonso Castelao, Manuel Murguía, Juan Fernández Latorre, UNICEF, Doutor Hervada, Pondal, etc.) xunto a outras construcións (cafetería e oficina municipal de turismo, servizos de xardinería e aseos públicos, estanque redondo, calendario, reloxo floral). A Rosaleda componse do cinto de cadros e da praciña de Linares Rivas, contando co anel de palmeiras canarias e o monumento a Linares Rivas como detalles máis significativos.

Na urbe capital coruñesa, a ninguén se lle escapa que os Xardíns de Méndez Núñez son os máis fermosos, os máis visitados, os máis coñecidos, os máis queridos e os que mellor se identifican coa cidade e os seus habitantes. Das moitas descrições e narracións existentes, botamos man da feita por Naya Pérez (1978), historiador local que gozou deles, que os amou e os contou de maneira continuada:

"No hay viajero que llegue a La Coruña, desde finales del siglo pasado hasta el presente, que no repare en dos notas esenciales en esta ciudad: las galerías y los jardines. Hoy hablaremos de éstos, comenzando por los llamados de Méndez Núñez, que así se denominan unas veces y otras con el complemento de Parque (...). En el corazón de la ciudad, dando frente a la amplia avenida de los Cantones, plaza de Mina y calle de Sánchez Bregua, se han creado este Parque y Jardín, sobre terrenos ganados al mar. Vastas carreras enarenadas, flanqueadas de palmeras y corpulentos plátanos y álamos, tilos, abetos, camelios; platabandas y arriates cargados de floridas plantas en todo tiempo; frondosas arboledas de escogidas especies; macizos de las flores más diversas, dando su aroma y sus colores; plazoletas donde los niños desarrollan sus infantiles pasatiempos, y escondidas umbrías de enamorados; estanques y surtidores armonizan en estos bellísimos parajes siempre concurridos y que en las noches de primavera y del estío especialmente, ofrecen encantador atractivo".

IGREXA DA VIRXE DAS NEVES

A Estrada

A Casa dos Hórreos e a Igrexa da Virxe das Neves –cuxos edificios, sendo de maior entidade que os das vivendas unifamiliares do lugar de asentamento, non se distinguen por nada en especial digno de ser subliñado desde unha óptica artística–, son os principais activos construtivos que conforman o contorno arquitectónico inmediato dun *quercus* excepcional que de sobra ten méritos propios para alcanzar a valoración e a estima que o caracterizan, que fan del un dos rexistros de maior interese e notoriedade que atesoura o catálogo das árbores senlleiras do país. Postos a buscar, dentro dun contexto xeral, a medida que nos deixamos de localismos e nos situamos dentro dun contexto global, sen dúbida, a natureza xeográfica e paisaxística di o que é, o que vale e o que significa. Non en van, o espectador pronto se decata de que está no país ullán, que tanto soa en Galicia, vixiado de cerca polo Pico Sacro, presidido polo gran río, que corta verticalmente o relevo topográfico nun singular e vistoso val, atravesando o territorio e poñendo fronteiras administrativas, ao separar as provincias de Pontevedra e da Coruña. Un montón de escenas e de paisaxes irrepitibles e inesquecibles que potencian as exquisiteces que emanan dos valores intrínsecos da sobreira.

A súa situación illada, nun enclave totalmente rural e campestre, afastado de presións urbanísticas e fontes de contaminación, non libran a espectacular árbore dos efectos nefastos que veñen da man do ser humano, que neste caso se manifestan en forma de incendios, que converteron a emblemática árbore galega nunha caracochoa.

PAZO DE OCA

A Estrada

Entre os innúmeros testemuños escritos cos que conta o célebre pazo ullán, para definir a súa gloria e a súa grandeza, seleccionamos un par de citas saídas de insignes plumas do país, da entidade de Otero Pedrayo (1954), quen afirma que "*Oca, de haberse cumprido la voluntad de su fundador, hubiera sido grande como un San Marcos de León*"; e de Pardo Bazán (1912), quen opina que "*de haberse cumplido el prosígase que en un extremo del vastísimo edificio escribió un inquietador, hoy sería un segundo Escorial!*". Facendo unha crítica construtiva sobre a opinión que ambos os autores expresan para poñer en valor o que é e o que significa, só exclusivamente con fins laudatorios, pensamos que o Pazo de Oca non necesita ser comparado con outras construcións emblemáticas da xeografía española co fin de non desvirtuar a súa gloria e a súa grandeza. Mírese como se mire, o de Oca é un dos pazos galegos por excelencia, xunto ao Pazo de Santa Cruz de Ribadulla (Vedra), co que amosa veciñanza xeográfica e unha serie de semellanzas e paralelismos arquitectónicos, estruturais e botánicos.

As súas orixes remóntanse a mediados do século XV, en tempos de Álvaro de Oca, correspondéndolle ao seu fillo, Suero de Oca, por razóns históricas, aínda que non lle saíran ben as cousas, unha importante cota de notoriedade. Haberá que esperar ata o século XVIII para asistir á transformación da fortaleza en palacio, obra da que se encargan Andrés Gayoso Mendoza e o seu fillo, Fernando Gayoso Arias, a termo do cal se crean os xardíns, de tipo hortícola e ornamental, descritos maxistralmente por Martínez Correcher y Gil de Durán-Loriga (1988) no artigo *Los Jardines del Pazo de Oca*, como se desprende do seguinte parágrafo:

"Cerca de los Estanques había plantación de navicol, tirabeques, brecol morado y blanco, cohombros, cebollino, berza gallega, chirivías, fresas, espárragos y veinte hortalizas más. El jardín de Oca fue una hermosísima huerta, delicada y palaciega, con un propósito dual de utilidad y belleza, verdadero ideal dieciochesco. Su dimensión de huerta ornamentada se la proporcionaban los perfiles de plantas medicinales que contorneaban las plantaciones alimentarias, que eran de romero, santolina, tomillo, salvia, mostaza, hisopo, guardarropas, murta y menta, que son cuidadosamente trasquiladas y adornadas a veces con bordados de tomillo, romero, abrotano y hasta de fresas..."

O elemento verde máis salientable do xardín do XVIII e o buxal, que xa aparece debuxado no Plano de Pedro Peinador de 1805 (Arquivo do Pazo de Oca) –que ilustra o mundo botánico intramuros coetáneo ás obras de remodelación do pazo de mediados do XVIII–, en forma de arboriñas individualizadas arredor da ría, permanecendo no mesmo estado na actualidade. Documento gráfico que confirma de maneira inequívoca a antigüidade desta masa vexetal na propiedade. Na centuria decimonónica, ao longo da segunda metade, asistimos á potenciación do quefacer xardinístico e da plantación de especies ornamentais, con intervención de Francisco Vié, xardineiro do Palacio Real de Madrid, que é o artífice da carreira de tileiras. No século XX, o aspecto máis relevante é o prolongado proxecto de reforma, non rematado, que está experimentando o pazo desde a década de 1970, baixo o control e mando de Ignacio de Medina e Fernández de Córdoba. As palabras de Portela et al. (1984) –inmellorable broche final para poñer de manifesto a valía de Oca: "*El pazo en su conjunto ofrece un inusitado interés por su valor histórico, arqueológico, artístico, legendario, científico, social, paisajístico, tecnológico, constructivo y pintoresco*" – admiten un engadido para facer fincapé no innegable protagonismo acadado polo mundo botánico, que ten un papel primordial, en igualdade de méritos con respecto ao mundo arquitectónico.

PAZO DE VALIÑAS

A Estrada

É, a do Pazo de Valiñas, unha das sobreiras máis coñecidas do panorama florístico galego. A dicir verdade, sóbralle razóns para a consecución da categoría que acredita, tanto intrínsecas como extrínsecas. Non podemos nin queremos esquecer o feito de encontrarse no país ullán, atravesado e regado polo río Ulla, territorio que percorre as beiras dun dos cursos fluviais de maior entidade dos nosos lares, no que as sobreiras crecen con descoido e liberdade, aproveitando a fertilidade dos solos

e as bonanzas climatolóxicas, que permiten e garantir o crecemento e desenvolvemento en estado silvestre de innúmeros exemplares.

O rexistro protagonista desta historia está na vila de Vilar, unha aldea pertencente á parroquia de San Martiño de Calobre, nas proximidades da vila capital do concello, da que dista un par de km. O Pazo de Valiñas, bordeado polo río Lagares, é o distinguido marco de asentamento.

Á fama e notoriedade que presenta a sobreira do Pazo de Valiñas, que se estende a toda a xeografía galega, contribuíu en boa medida un extenso poema composto á árbore por un dos titulares da posesión, Ramón Cervela Arias-Teixeiro, namorado da poetisa Avelina Valladares Núñez, non chegando ao matrimonio o froito deste amor. Composición da que reproducimos uns versos significativos:

*“Salve, oh árbol, que tus años
tal vez por tus hojas cuentas,
y tus raíces asientas
en la tierra del dolor
Dios guarde tu negra copa,
que es mi hermana de amargura:
no me dio el cielo ventura
como a ella no le dio flor”.*

Por todo isto, non estraña en absoluto, aínda que haxa individuos da súa especie de maiores dimensións dendrométricas, que a celebridade do representante ullán e estradense sexa de máis calado e envergadura.

CASA DE REIMUNDE

Foz

O concello de Foz –enclavado nas Rías Altas, nas beiras do mar Cantábrico– ten na súa costa, de grande extensión superficial e con praias de augas cristalinas, un dos principais atractivos naturais. Neste contexto, encontrámonos cunha vexetación orixinal moi alterada, con claro protagonismo para os eucaliptos, que poden aparecer en masas repoboacionais e como exemplares illados, sendo o eucalipto da Casa de Reimunde o pé máis valioso, xa que pasa por ser un dos rexistros monumentais máis prezados da provincia lucense e un dos mellores representantes da súa especie da nosa terra, xeografía que acolle unha mostra innúmera de exemplares históricos e monumentais.

Árbore plantada nunha pradería froiteira e de ornato, fronte á casona residencial. A vantaxosa localización dentro do predio proporciónalle ao individuo un amplo campo visual, aspecto a ter en consideración a hora da súa posta en valor, aínda que sexan os seus méritos intrínsecos os seus principais aliados.

No contorno próximo á mirtácea, sen dúbida, chama a atención a casona residencial, pola súa feitura construtiva –con torres, chemineas e pináculos–, o seu bo aspecto fisionómico e a súa cor, dominada polo branco, non pasando desapercibido un reconfortante lema para os visitantes: “*El que entre «con Dios venga» y el que salga «con Dios vaya»*”. O predio que dá asentamento ao monumento vexetal revela, ao fondo, en posición lateral, a presenza dun bosque axardinado, con vellas árbores de elevadas copas, entre as que predomina unha masa de coníferas; o resto é unha pradería, dividida en dúas partes por unha canle acuosa, próxima á mansión, dedicada á plantación froiteira (pereiras e maceiras). En boa lóxica, o eucalipto beneficiase especialmente polas augas da canle, que circula polo seu pé, constituíndo a súa fonte de bebida permanente. Nun ámbito distante, para ser sinceros, e a pesar da distancia que os separa, non podemos nin debemos esquecer a cita da igrexa románica de San Martiño de Mondoñedo, do século XII, que é unha auténtica xoia artística e relixiosa.

Todo o mundo sabe e di que os eucaliptos son árbores falsas, no sentido de que sofren tronzas e desprendementos ramais con certa frecuencia, o que os converte en especies perigosas. Pola incesante afluencia de xente e a situación na zona, a familia titular ten ben aprendida a lección, por incluír, dentro do seguro da propiedade, os danos que poidan ocasionar a caída da ramaxe sobre as persoas.

O VAL DA FONTE

Folgozo do Courel

Paderne é unha aldea encaixada no val do río Pequeno, asentada na súa ladeira noroeste, inmersa na realidade xeográfica, paisaxística e histórica que encerra a emblemática serra do Courel, un dos espazos naturais por excelencia dos nosos lares. Serra sita na parte oriental do país, nos concellos de Folgozo do Courel e de Quiroga, entre cuxos principais valores naturais de interese, hai que subliñar, en primeiro termo, a riqueza florística e a diversidade vexetacional. Ata o punto de que no 1% do territorio que abarca –por razóns climáticas, debido ao feito de encontrarse entre o mundo eurosiberiano e o mundo mediterráneo–, contabilízase o 40% da flora, non dándose en ningunha outra parte do Fogar de Breogán as circunstancias necesarias para unha diversidade florística parella; sendo as devesas, os aciñeirais, as reboleiras, os soutos, os bosques de ribeira e os matos –abundan, sobre todo, a queiruga e a carqueixa– as formacións máis representativas (González Rodríguez et al., 1995). Tamén é considerable o censo de vertebrados, un dos máis ricos do noroeste, cun cómputo aproximado dunhas 160 especies. Así mesmo, temos que destacar que a serra lucense é unha das zonas de Galicia onde mellor se conservou a pegada do xeo. O contorno do castiñeiro caracterízase pola presenza maioritaria de soutos, arredor do núcleo habitado, e bosque de ribeira no fondo do val, en ambas as marxes da corrente acuosa; en posición máis arredada, masas de carballeira e moita matogueira, que é a formación arbustiva dominante, ocupando a maior parte do territorio de montaña. No ámbito proximal –onde tamén é notable a existencia de cultivos hortícolas e de froiteiras, para consumo doméstico, e pradería para sustento de gando–, está o castiñeiro monumental, integrante do souto poboacional, configurado por varios pés seculares e outros de menor idade. Non moi distante del, no mesmo termo municipal, vive outro rexistro monumental, o Castiñeiro de Suascasas, na aldea de Seceda, sendo ambos os dous exemplares formidables de moita fama e popularidade no lugar e no país enteiro.

PAZO DE GONDOMAR

Gondomar

En poucos espazos axardinados galegos, como na parcela territorial dedicada a parque –que se estende ante a fachada principal do Pazo de Gondomar, orientada ao norte, nunha ladeira con forte pendente topográfica que cae naturalmente cara á estrada–, aparece tan elevada densidade de vexetación, co arborado campando por todas partes e imponendo a súa lei, en medio dunha loita permanente polo espazo e pola luz, que obriga os exemplares integrantes a estirar as súas copas ao alto compoñendo un teito que pecha o paso aos raios solares e lumínicos xerando unha situación de escuridade, acentuada sobre todo durante o período no que as especies caducifolias visten de follaxe.

Neste galimatías vexetal e florístico, media ducia de *cunninghamias* constitúen unha singular colección. Entre outras consideracións, é o grupo de maior entidade da especie do país, entre a escasa representación que vive cultivada nos parques e xardíns da nosa xeografía, chamando a atención un dos rexistros, pola súa condición de conífera “pantalóns”, dividíndose á altura do peito en dous brazos.

Un paseo pola posesión axiña evidencia o desequilibrio entre o mundo construtivo e o mundo natural, con claro protagonismo e dominancia para as edificacións arquitectónicas (fortaleza, con murallas ameadas, torres, portalóns, garitas de vixilancia, palacio señorial, dependencias anexas, capela, hórreo, cruceiro, pombal, etc.). O predio divide o terreo en cinco compartimentos (parque, capela e paseo de eucaliptos, patio de armas, campo agrícola e bosque), que poñen de manifesto a existencia das tres clases de cultivos vexetais presentes nos pazos: ornamentais, agrícolas e forestais.

Seiscientos anos de historia contemplan o Pazo de Gondomar, unha das propiedades de maior raizame e soleira de Galicia, tamén coñecido por Pazo de Sarmiento. O nacemento de Diego Sarmiento de Acuña, e a súa obra, marcan un punto culminante e o período de máximo esplendor do ben señorial. Inmerso entre a historia e a lenda, o certo é que a restauración decimonónica do pazo, co seu pórtico neoclásico, e o denso e sombrizo arboredo do xardín principal, compoñedores dun escenario singular, sitúan o espectador nun mundo inquietante, tenebroso e fantasmagórico, creando unha atmosfera irreal e máxica.

Abandonando gradualmente o seu papel defensivo a prol dunha nova etapa de carácter residencial e produtivo, o proceso de reconversión non se fixo a custa dun cambio de localización nin da desaparición de elementos defensivos primixenios. A restauración foi levada a cabo por reconstrución do palacio e dependencias agropecuarias, así como a través da redistribución do espazo territorial para satisfacción do novo cometido. A pesar dos avatares históricos que padeceu, que arruinaron a propiedade, sempre logrou refacerse e conservar dentro da medida do posible a súa raíz orixinal. Así, pois, a súa grandeza arquitectónica, xunto á gran cantidade de restos que quedaron, a documentación histórica dispoñible e o relevante papel desempeñado por algúns dos seus moradores –sobre todo Diego Sarmiento de Acuña– fan deste pazo un dos de maior valor e interese.

MONTE DA SIRADELLA

O Grove

O Monte da Siradella é un enclave natural no que se localiza o punto de maior cota altitudinal do termo municipal, de litoloxía granítica, deixando ver por todas partes a súa constitución pétreaa través dos innúmeros afloramentos rochosos, baseados en cantís e penedos que compoñen un dos principais atractivos do lugar. Un manto de vexetación –que consta de varios estratos florísticos: árbores, con piñeiros como formación dominante; arbustos, representados por matogueiras (toxeira, trobisco e xilbarbeira); e masas herbáceas litorais– que poboaa, non sen dificultade, o substrato edáfico, de pouca substancia e fertilidade. Monte que ofrece mil e unha posibilidades de contemplar magníficas panorámicas e perspectivas visuais, de tal maneira que é un dos miradoiros naturais máis fermosos de Galicia.

Desde o cumio, onde se encontra o Centro de Interpretación da Natureza da Siradella, contéplase e dominase boa parte do espazo natural de asentamento: o Complexo Intermareal Umia - O Grove, A Lanzada, Punta Carreirón e Lagoa Bodeira. “Área de extraordinario valor e interese biolóxico, por encontrarse na ruta migratoria de moitas aves, declarada Zona Húmida de Importancia Internacional (Convención de Ramsar, ano 1989); Zona de Especial Protección para Aves (ZEPA) pola CEE (ano 1979) e Espazo Natural en Réxime de Protección Xeral (Xunta de Galicia, 1991). González Rodríguez et al. (1995), na *Guía de espacios naturais de Galicia*, fan unha caracterización concisa e precisa deste espazo que abarca zonas coma o istmo da Lanzada, parte do litoral da península do Grove, as enseadas do Bao e do río Umia e a beira sur da Illa de Arousa. Paisaxe natural que se distribúe polas áreas litorais dos concellos pontevedreses de Sanxenxo, O Grove, Meaño, Ribadumia, Cambados e Vilanova de Arousa:

“Extensa área cun marcado carácter intermareal de grande importancia pola diversidade e magnitude dos biótopos que nela se dan cita: areais, representados por numerosas praias, entre as que compre subliñar pola súa extensión a da Lanzada; chairas intermareais, asociadas ás enseadas do Bao e río da Chanca; marismas, desenvolvidas tanto nas enseadas anteriores como nas do río Umia e Punta Carreirón; e tamén a única lagoa costeira de toda a provincia, a lagoa de Bodeira. Deste xeito, a máis da indubidable beleza paisaxística coa que conta, neste grande complexo danse cita outros importantes valores naturais entre os que cómpre subliñar constituír unha das áreas máis sobranceiras de todo o noso país en canto á invernada de aves se refire”.

Todo o mundo sabe das andainas do Meco, personaxe lendario, malvado e violento, que se caracterizou polo seu desenfreo sexual coas mulleres do Grove, practicando o chamado «dereito de pernada». Cansas de sufrir tantos agravios e

padecementos, as mulleres determinaron desfacerse deste ser maléfico, matándoo e aforcándoo da Figueira do Meco no Monte da Siradella. A pesar dos esforzos por parte do xuíz por encontrar o asasino, todos os intentos resultaron inútiles, xa que á pregunta: ¿Quen matou o Meco?, a resposta dos veciños, invariable e unanimemente, sempre foi a mesma: “Matámolo todos”.

CASA DE LA PUEBLA

O Incio

Poucos lugares locen con tanta intensidade os seus encantos arquitectónicos e naturais como o asentamento da Casa de la Puebla, na parroquia de San Pedro Fiz de Hospital, ligada á ruta principal do camiño xacobeo que, un ano si e outro tamén, é percorrida por gran cantidade de peregrinos e viaxeiros, alcanzando o máximo de afluencia e tránsito cada Ano Santo. Este é un feito crucial ao que hai que engadir outros non menos importantes emanados das excelencias artísticas e paisaxísticas deste ámbito xeográfico tan singular.

Otero García (1993), en *Galicia pueblo a pueblo*, di o seguinte:

“Pero sobre todo destaca el bellissimo conjunto monumental de S. Pedro Fiz o del Hospital, catalogado como Monumento Histórico-Artístico y edificado en el siglo XII. Se trata de un templo románico construido en mármol azul de las canteras de O Incio. La portada está compuesta por cuatro pares de columnas monolíticas con capiteles vegetales y una cruz de malta, rodeado todo el conjunto por una moldura en zigzag. Además, también pertenece al conjunto el panteón de los Quiroga y la torre, que se transformó en campanario al perder su carácter defensivo”.

A Casa de la Puebla, ou Casa dos Quiroga, é unha posesión de gran superficie territorial na que se observa a típica disposición florística que presentan os pazos, con tres parcelas organizadas arredor da casona residencial: ao lonxe, unha gran masa arbórea forestal, con extensa carballeira como protagonista principal e soutos entremesturados; un agro, provisto de ampla pradería para manutención do gando; e o xardín, que rodea a mansión, de pequeno tamaño e de carácter paisaxista, adaptado á forte pendente terreal, con abundante arboredo, encabezada pola parella de sensacionais camecíparis, fronte á fachada principal da casa con vistosa galería.

Os camecíparis lawsonianos da Casa de la Puebla, xunto co representante que vexeta no Castelo-Pazo de Soutomaioir (Soutomaioir), constitúen as mostras máis selectas da súa especie cultivadas no país galego.

PAZO DE DOMPIÑOR

O Incio

O de Dompiñor é un xenuíno pazo de montaña que, como na maioría dos casos, se pecha en si mesmo para a protección dos rigores ambientais, economizando en xardíns, ganándolle a partida as manifestacións agro-forestais, representadas pola carballeira, o souto e a pradería. Porén, a flora ornamental conta con este rexistro impresionante, que pasa desapercibido para a xente pola súa posición, na periferia da propiedade señorial e distante da estrada. Dun tempo a esta parte, xa empeza a ser considerado e valorado como lle corresponde, non en van é o rei das alturas en moitos quilómetros arredor, non tendo rival que se lle achegue en canto a talle dendrométrico.

Unha fonte xenerosa, que mana auga nun depósito rectangular, presta desde tempos pretéritos diversas funcións (bebida, rega, lavado). Xenerosidade que aproveita o plátano monumental que, grazas a ela, bebe cando quere e ten necesidade. Na praciña que enmarca a fonte e o lavadoiro aflora unha veta marmórea agrisada, rocha metamórfica de escasa presenza en Galicia, utilizada para a construción destas estruturas arquitectónicas e que é, indubidablemente, un atractivo máis do contorno xeográfico da árbore monumental. Mírese por onde se mire, o certo é que a situación actual da praciña non pasa polo seu mellor momento, descoído que non lle fai ningún ben á posta en valor do

plátano de sombra. Cómpre recuperar vellos esplendores, mellorando a fisionomía do lugar por actuación sobre o marco pétreo, banco acaroadado, fonte e lavadoiro; xunto con chan, que outrora se encontraba limpo e agora está invadido de herba e de maleza.

FRAGA DE CATASÓS

Lalín

A Fraga de Catasós está incluída no catálogo de espazos naturais protexidos, coa categoría de monumento natural (Xunta de Galicia, 2000; declaración: Decreto 76/2000, do 25 de febreiro; DOG n.º 72, do 12 de abril de 2000): "A Fraga de Catasós, cunha superficie de 4, 5185 ha, está situada na parroquia do mesmo nome do concello de Lalín, é tamén coñecida como Carballeira de Quiroga, é, na súa maior e máis importante parte, un bosque mixto de carballo (*Quercus robur* L.) e castiñeiro (*Castanea sativa* Mill.). Os exemplares de castiñeiro son considerados dos mellores de Europa polo seu porte, despertando o interese de diversos investigadores". Como se pode comprobar, a Fraga de Catasós, tamén chamada Carballeira do Campo, ten poderosas razóns para xustificar a fama e a notoriedade que a caracterizan. Estamos no termo municipal de Lalín, que centra a Comarca do Deza. As terras do País do Deza, que marcan o tránsito da Galicia litoral á Galicia interior, albergan extensas masas arbóreas de castiñeiros, bidueiros, piñeiros, eucaliptos e carballos, con mención especial para un par de carballeiras: de Quiroga (Catasós) e da Barcia (Vilatuxe). Circulando desde Lalín cara a Ourense, ao bordo da N-525, na parroquia de Santiago de Catasós e lugar de Quintela aparece a interesante expresión boscosa, coñecida como Fraga de Catasós, de mediana extensión, composta por varios centos de vellos carballos e un pequeno grupo de castiñeiros no seo da formación arbórea. En orixe, o bosque pertenceu ao Pazo de Quiroga, sendo por tanto un dos dominios compoñentes das propiedades señoriais, encontrándose extramuros. Pazo pontevedrés que acolleu a políticos, escritores e intelectuais, como Emilia Pardo Bazán, casada con Xosé Quiroga e Pérez de Deza, segundo fillo do daquela titular da nobre posesión, onde a insigne escritora galega redactou algúns dos capítulos da novela *Los pazos de Ulloa* durante as longas tempadas que pasou na casona. Na fraga, os carballos poñen a cantidade, pero a calidade débese ao quinteto de castiñeiros que, a teor do expresado por expertos da FAO, son individuos únicos en Europa polas súas excelencias e atribucións, estando considerados, segundo os científicos, como árbores senlleiras no que a formación forestal respecta. Vázquez Crespo e González Alén (1964-80), no libro *A Comarca do Deza*, ao referirse á carballeira do Campo, din que "é esta unha das carballeiras que sombrean a parroquia, aínda que non son os carballos os que lle dan sona, senón os castiñeiros de Quiroga, senlleiros exemplares de castiñeiro que foron considerados únicos en Europa polos expertos da FAO".

CAMPO DA FESTA DO PELETE

A Lama

Na vila do Pelete, pertencente ao concello da Lama, inserido no ámbito montés da serra do Cando e a serra do Suído, que serven de separación natural entre concellos e provincias (Pontevedra e Ourense), vexeta un dos carballos máis emblemáticos dos lares galegos.

"Junto con la Virgen, aquí conocida popularmente como «la Santa», el carballo es el alma de la fiesta. Entre gaitas y jolgorio, la mayoría de las 2.000 personas que esos días se dan cita junto a la ermita se acercan al árbol para admirar su tamaño, medirlo con cuerdas (hacen falta siete personas para poder abrazarlo), hacerse fotos junto a él e incluso regarlo con algo del vino sobrante. Respecto a su edad, como la de tantos otros gigantes arbóreos, ésta es un absoluto misterio." (Palacios Palomar e Redondo Regidor, 2005).

A Festa da Virxe dos Remedios, o dicir dos veciños, é a festa do viño, líquido alcohólico que non se produce no Pelete, de tal maneira que, para poder bebelo, hai que ir buscalo previamente á comarca do Ribeiro. Conta a tradición que

o fillo dun arrieiro sufriu un accidente, pola couce que lle propinou unha mula da recua, que o deixou como morto. O pai prometeulle á Virxe dos Remedios do Pelete que, se o seu fillo curaba, encargárase o resto da súa vida de traer gratis o viño consumido durante as festas. O fillo curou e o pai cumpriu a promesa. Por costume, todos os anos, o primeiro día da festa, despois da Santa Misa, o cura vai ata a adega da Casa da Santa, onde están depositadas as barricas, “bendice” o viño e bótalle a primeira cunca ao carballo.

A vila do Pelete –coa Casa da Obra Pía, a Capela da Virxe dos Remedios, a Casa da Santa, as vivendas do lugar, a praza pública e o campo da festa– constitúe o contorno inmediato do *quercus*, sendo o verdor a nota dominante, tanto de cerca como de lonxe, debido ás masas forestais (carballeiras e eucaliptais), a matogueira e a pradería, cobertoras do relevo, que asoma a través de innúmeros afloramentos rochosos.

CAMPO DE GOLF

Lugo

“El contacto con la naturaleza es uno de los requisitos esenciales para un estado físico óptimo, contamos con 400.000 m² de terreno a 8 km de Lugo y en una zona paisajísticamente insuperable. Si a ello sumamos la posibilidad de practicar un deporte que consigue unir el ejercicio físico con la relación personal y el aire libre, habremos encontrado una fuente de bienestar. La calidad de vida, que todos intentamos alcanzar, pasa por encontrar un tiempo que podemos conseguir si nos lo proponemos, de forma que signifique un paréntesis en nuestras horas de trabajo y nos posibilite el alejarnos de las tensiones y preocupaciones diarias. No hay mejor forma para conseguirlo que el estar rodeado de árboles y zonas verdes”. Así comeza, con atractivas e suxestivas verbas de presentación, o folleto divulgativo editado polo Club de Golf Lugo, onde se dan a coñecer as características da propiedade deportiva, acompañado por un plano con indicación das instalacións e das árbores.

O campo de golf –situado no concello lucense, en Portoganoi, moi preto da urbe capital, asentado sobre unha superficie territorial de gran extensión, próxima ás 40 ha– débelle unha parte significativa do que é ás súas árbores, que aparecen espalladas por aquí e alá, como representantes cualificadas dunha carballeira.

O carballo de maior protagonismo, que aparece no anagrama da sociedade, forma parte do grupo de exemplares máis selectos da súa especie que vexetan pola nosa xeografía. Encóntrase na cancha de prácticas, en posición medial e á vez excéntrica, en veciñanza do paseo de cipreses. Desde este punto, resulta sinxelo localizar o segundo individuo, por quedar ao outro lado da carreira de coníferas, case que á mesma altura.

A dicir verdade, poucas árbores do país teñen a sorte de mostrar unha imaxe fisionómica tan espectacular como a que exhibe a protagonista principal desta historia, que non é outra que o carballo do campo de prácticas. Diante de árbores coma esta, o observador axiña se decata e agradece a importancia que adquire a disposición dun campo visual como o que posúe este *quercus* lucense, feito que constitúe un dos parámetros a ter en conta de cara á súa posta en valor. Non sei cantas bólas de golf se agochan na súa copa, que non son máis que bicos que lle envían polo aire, desde lonxe, os golfistas agradecidos pola súa presenza no campo.

PAZO DA PENA

Manzaneda

No termo municipal de Manzaneda e lugar de Rozabales, o Pazo da Pena é un xenuíno ben señorial, situado a considerable altitude, como lle corresponde pola vinculación que presenta coa serra de Queixa e montes do Invernadoiro, prezado enclave montañoso dos lares galegos pola súa paisaxe e natureza, cerca da Estación Invernal de Manzaneda e das gargantas do río Bibei. Queixa-O Invernadoiro, na zona centro-norte ourensá, abrangue terras de diferentes concellos, sendo un extenso macizo ocupado na súa parte central pola propia serra, que alberga os

montes do Invernadoiro e que posúe algunha das cotas máis altas de Galicia, como é o caso de Cabeza de Manzaneda, con 1.778 m (González Rodríguez et al., 1995).

O pazo –coas súas torres rebaixasadas, asentado sobre unha enorme mole rochosa que lle dá nome– e as terras debuxan un marco idóneo para un espléndido rebolo que –non o sabemos con certeza, pero é de imaxinar– debeu nacer dunha landra e, despois, co paso de décadas e centurias, acabou, na súa propia área de distribución natural, escribindo unha fermosa páxina do libro dos rebolos e reboleiras galicianos. Mágoa que o marco arquitectónico construtivo, nin o seu terreo –cos seus xardíns, hortos, labradíos, plantacións froiteiras e arboredos– atravesen por un evidente estado de descoido e desatención, provocador dunha lamentable situación que repercute negativamente na valoración do rebolo, que foi quen de manter o tipo polo seu grao de autonomía vital a pesar do ambiente desfavorable.

Manzaneda e Rozabales presumen dos seus castiñeiros e dos seus rebolos, e das formacións boscosas que orixinan; dito con outras palabras, tamén presumen dos seus soutos e reboleiras. Boa proba da copiosa nómina de castiñeiros sobresaíntes, con dimensións perimétricas que superan a media ducia de metros, poña o mellor castiñeiro galego, situado no Souto de Pombariños. E, dentro do mundo dos rebolos, o exemplar que habita cerca deste castiñeiro, á entrada da viña, ligado ao eido do pazo, que o veu nacer e crecer, e que, de seguir así as cousas, talvez non o vexa morrer. O rebolo está situado na parte posterior da casona residencial, despois do xardín e do horto, no extremo dun paseo encespado, paralelo á plantación froiteira, camiño de acceso á propiedade, hoxe en día fóra de uso pero que outrora debeu de ter certo protagonismo. Boa proba disto son a ringleira de árbores vetustas (espiños albares, freixos angustifolios, castiñeiros de Indias, abeleiras, rebolos) que adornan o mencionado paseo, que remata coa presenza do rebolo.

SOUTO DE ROZABALES

Manzaneda

Por riba de calquera outra consideración, o Souto de Rozabales –tamén coñecido como Bosque de Pombariños, que se encontra en íntima asociación con praderías e matogueiras (xestas, toxos e silvas), masas mixtas de rebolos e manchas de bidueiral– forma parte dos espazos naturais protexidos, gozando da declaración como monumento natural (Xunta de Galicia, 2000): *“O espazo de Rozabales é un souto que contén, entre outros exemplares, o famoso Castiñeiro de Pombariños, con perímetro de 12,15 m, que o determina como un dos exemplares sobresaíntes desta especie en Galicia; especie que constituíu un exemplo de equilibrio entre as actividades forestais, agrícolas e pastorais, formando parte do noso patrimonio, non só natural, senón tamén cultural.*

Se á declaración do souto como monumento natural lle engadimos o feito de que o seu representante fundamental, o castiñeiro do Bosque de Pombariños, tamén é un rexistro arbóreo senlleiro, pronto comprenderemos a dimensión e a proxección acadadas polo souto e o sen par castiñeiro. Aínda que, a dicir verdade, neste caso, pola entidade e a envergadura individual, podemos afirmar, sen temor a equivocarnos que “é a árbore a que non deixa ver o bosque”, de tal maneira que, por si mesmo, o castiñeiro dignifica esta paisaxe, a aldea de asentamento e, por extensión, Galicia enteira. Sirvan as palabras de Vega Pato (1996) para comprender o culto e a veneración que se lle presta a tan venerable árbore do Fogar de Breogán: “O castiñeiro de Pombariños goza de gran popularidade dentro e fóra da comarca, sendo costume que os descendentes de emigrados da parroquia nas súas visitas a Galicia veñan contemplar a árbore cal coñecemento, mitificado, obtiveron por relato dos seus maiores”.

A Xunta de Galicia é a titular do castiñeiro e da súas castañas, por doazón do derradeiro propietario privado, Bernardino García Fernández, dono que conseguiu o castiñeiro por un procedemento moi habitual por estes lugares, consistente na adquisición da árbore sen a terra (castiñeiro sen terra). Por suposto, existe unha preocupación permanente, por parte do ente público, polo estado fitosanitario do monumento vexetal, que é aceptable tendo en conta a idade multiseccular que se lle adxudica, estando libre das temidas infeccións fúnxicas produtoras do

chancro e do cáncer.

Polo seu interese etnocultural, insírese un parágrafo da publicación de Domínguez Lerena (2007): *“El «Souto de Rozabales», como es conocido el lugar donde se encuentra el castaño, es un rincón muy especial. En este sitio habitan un gran número de ejemplares de castaños de considerables dimensiones, que forman parte de la vida y de la historia de Galicia. Del castaño se sacaba alimento, se construían enseres e instrumentos y se cimentaban las casas desde tiempos remotos. De hecho, el soto es conocido también como el Bosque de Pombariños, palabra que significa construcción o habitáculo de una casa”.*

PAZO DE QUINTÁNS

Meis

No corazón da comarca do Salnés, na chá e fértil veiga coñecida como val do Salnés, atravesada e regada polo río Umia, sitúase o Pazo de Quintáns, que distribúe as súas terras, case a partes iguais, entre cultivo de albariño e de kiwi. Estamos no termo municipal de Meis, nun enclave xeográfico privilexiado, caracterizado polas temperaturas benignas e abundantes precipitacións anuais, que facilitan en extremo a vida das xentes e das plantas, o cal se pode comprobar pola alta densidade demográfica e o verdor permanente das súas paisaxes, provinte dunha capa vexetal protectora do terra que cobre palmo a palmo o substrato edáfico a través de diferentes manifestacións (boscosas, agrícolas e xardinísticas) ilustrativas da utilidade das plantas compoñentes. De cara á definición dos principais sinais de identidade municipal, sen dúbida, temos que deixar constancia, de maneira inequívoca, do reinado que posúe o Mosteiro de Armenteira, nunha orde arquitectónica e relixiosa, e o albariño, desde o punto de vista agrícola e industrial.

Contrasta, despois do percorrido intramuros, os coidados prestados á explotación agrícola, que non se corresponden en absoluto coa situación de esquecemento e abandono que atravesa o palacio, a capela e outras edificacións e dependencias construtivas. Con todo, sabemos que está na mente dos donos o proxecto de restauración, que desexamos que se acometa máis pronto que tarde. Non obstante, botando unha ollada xeral, axiña se decata o observador da grandeza fabricacional do mundo arquitectónico, ao que non lle faltan os elementos xenuínos dos pazos, sendo unha das propiedades máis sobresaíntes da comarca do Salnés. A xardinería corre a mesma sorte, estando baixo mínimos, contando con importantes masas arbóreas ornamentais que, coa súa autonomía vital, locen elegantes figuras, salvando o estado de afectación comentado, elevando o listón e deixando ver antigos esplendores, que alcanzan na Praza do Ciprés a súa mellor expresión.

Na súa antigüidade secular, sorprende agradablemente o significativo estado de conservación, que foi posible polo feito de verse liberado de contratemplos ambientais que danasen o seu corpo, contribuíndo na causa a plantación nunha posesión particular e o protagonismo que supuxo para os membros da liñaxe familiar, que viron nel un elemento simbólico. Con todo, non está libre de incidencias, que teñen na perda dalgún ponlón a afectación máis importante, debido ao paso do ciclón Hortensia.

SOUTO DA RIBEIRA

A Mezquita

O clima impón o seu carácter no concello da Mezquita, pertencente á comarca do Bolo, no sector sudoriental da provincia ourensá, nunha xeografía presidida por cotas altitudinais moi elevadas, con importantes contrastes térmicos e abundantes precipitacións. O termo municipal ocupa a maior parte da chamada Terra das Frieiras, que pon de manifesto as baixas temperaturas invernales, con moitos fríos e xeadas, constituíndo un territorio de terras altas dominado por serras e chairas. Unha ollada ao escudo da Mezquita serve para evidenciar os dous trazos máis

salientables desta terra, que ocupan e se reparten por metades o seu simbolismo: é a porta de entrada a Galicia desde Castela e Portugal, e abondosa en frondosos e extensos soutos de castiñeiros, que abastecen cos seus froitos as máxicas celebracións dos magostos do outono.

Témonos que situar, polo tanto, en Manzalvos, a sete km de Chaguazoso, e baixar ata o río Paulador, no fondo do val, co seu bosque de ribeira, para atoparnos, pouco antes, cun souto de vellos castiñeiros, a medio quilómetro da vila, con árbores que ocupan o territorio salferidos, por aquí e por alá, en medio dunha extensa pradería, do que forma parte o protagonista da nosa historia, que dispón dun gran campo visual, sendo visible desde calquera parte.

SOUTO DO MOLA

A Mezquita

Facendo honor a un dos sinais de identidade do concello, tanto que figura por dereito propio no escudo municipal, A Mezquita, como acabamos de indicar, e terra de castiñeiros e de soutos, acadando estas árbores e as súas formacións boscosas gran coñecemento e estima entre os habitantes da zona, abarcando unha considerable extensión superficial xeográfica. Polo tanto, dentro do mesmo termo municipal, cambiamos de escenario, trasladándonos ata outro lugar, Chaguazoso, para visitar un dos innúmeros soutos existentes que, no caso que nos ocupa, está capitaneado por un dos monumentos verdes máis prestixiosos do país galego: o Castiñeiro do Mola. Como xa comentamos, A Mezquita ten o seu relevo topográfico salpicado por manchas boscosas de reboleiras e de soutos, aínda que a maior parte do territorio estea cuberto por monte baixo; non en van, movémonos por cotas altitudinais que superan os mil metros e os rigores climáticos imponen a súa lei, limitando a presenza da vexetación arbórea.

Nas inmediacións da vila, próximo ás últimas casas, encóntrase este xigante, protagonista da nómina de castiñeiros senlleiros no que a titularidade da árbore e a do predio non coinciden, por tratarse de propietarios diferentes, integrando o colectivo das “árbores sen terra”.

O seu hábitat é completamente rural, estando contido nun pequeno predio delimitado por un muro empedrado, coa nobre rocha granítica á que o paso do tempo, a natureza e os liques cubriron de gris, e os brións de verde, creando unha sinfonía de cores e de matices constituíntes da razón de ser da nosa terra. É como sen quere-lo ou sabelo, ou talvez si, o paisano galego lle quixera poñer defensa e render homenaxe á árbore que delimita e protexe. A proximidade xeográfica implica, neste caso, un contorno dominado por hortas e terras de labradío que axiña deixan paso á masa boscosa, dominada polas especies citadas (rebolos e castiñeiros) que conviven formando unha especie de cinto, non extenso nin profundo polo grao de antropización do terreo, con abundantes claros de pradería. Entre ambas as masas, a terra de cultivo e a manifestación boscosa, encóntrase tan salientable castiñeiro, acompañado por outros irmáns notables.

O MONTEPANDO

Monforte de Lemos

Monforte de Lemos –urbe que alberga un rico patrimonio artístico, con monumentos tan emblemáticos como o Castelo de San Vicente, presidido por unha das torres de maior magnitude e mellor conservación do país, e o Colexio da Nosa Señora da Antiga, santo e símbolo da Terra de Lemos, é a poboación máis importante do val de Lemos, extensa depresión topográfica, contida entre un cinto montañoso, nunha de cuxas faldas se encontran As Nocedas, a poucos quilómetros do núcleo capital monfortino. Neste ámbito físico e poboacional –onde a paisaxe está configurada pola presenza de bosques de rebolos e de carballos, e plantíos de piñeiro; monte baixo, con carrascos, xestas, silvas e toxos; moita pradería e os típicos cultivos hortícolas e froiteiros, de uso doméstico– habita o freixo de folla estreita salientable, principal representante arbóreo do lugar. Chega ata tal punto a súa relevancia, que está

considerado como o individuo de maior perimetría troncal e monumentalidade da súa especie que vexeta na xeografía galiciana. O freixo localízase no predio do Montepando, ao bordo da pista de Santa Mariña a Gullade, que atravesa a aldea, podendo gozar dunha gran panorámica visual, inmerso nunha paisaxe xenuína rural.

PASEO MARÍTIMO

Narón

O paseo marítimo de Narón, de recente creación, é un corredor lúdico-recreativo que segue o curso baixo do río Xubia, atravesando o núcleo poboacional camiño da desembocadura na ría. A longa vía circulatoria, que se dispón paralelamente ao leito fluvial, habilita unha pequena parcela paisaxista, de escaso valor xardinístico, na que o forro de pradería, a instalación dalgunhas plantas leñosas, distribuídas ao azar, xunto con algúns bancos, farois e un muro protector son os elementos que imprimen carácter e xustifican o estilo indicado. Este é o escaparate vital dunha magnolia que ocupa unha posición cimeira dentro do inventario de magnolias grandifloras galegas, que conta cun número de rexistros considerable. Escenario físico que se configura tamén coa incorporación doutras pezas dignas de mención, como é o caso da ponte, vellos muíños e o tecido urbanístico local, cos seus edificios e rúas.

Con miras histórico-culturais temos a obriga de mencionar a antiga propiedade do que formou parte a magnolia os últimos anos da súa dilatada vida, que se computa por séculos, que non e outra que o Cuartel Vello da Garda Civil, encontrándose o monumento vexetal na horta. O traslado do cuartel ás novas instalacións liberou a fenomenal árbore dun contorno non acorde co protagonismo biolóxico que lle corresponde, debido á precariedade reinante no lugar. A creación do paseo marítimo e a habilitación do recuncho verde, fíxolle moito ben á magnolia, en todos os sentidos, gañando enteiros a súa valoración.

Falando do contorno, quedan atrás vellos esplendores, segundo noticias proporcionadas por Tomás Casal Pita, estudoso e investigador local. O muíño pertenceu a un complexo de muíños ao que a Coroa lle outorgou o título de Real Fábrica de Fariñas; a Fábrica da Moeda de Galicia, ao outro lado da ponte do Xubia, logo pasou a ser Fábrica de Fusilería, estando hoxe ocupados os terreos pola empresa Galicia Textil; sen esquecer as salinas, xa desaparecidas, citadas polo Padre Sarmiento.

IGREXA DE VILARPANDÍN

Navia de Suarna

O ámbito de asentamento do pradairo branco da Igrexa de Vilarpandín está inmerso na parte setentrional da serra dos Ancares, no val que forma o río Navia e as serras que o rodean, encontrándose o termo municipal encaixado entre as terras de Asturias e León, pola vertente oriental, mentres que o concello de Becerreá e o de Cervantes limitan pola zona occidental, sendo esta última a referencia que mellor serve para a localización de Vilarpandín. É un lugar con clima típico de montaña, con baixas temperaturas e moitas precipitacións, onde o pradairo branco vive silvestre, distribuído por todas partes, aínda que, na posición que ocupa, en boa lóxica, debeu de ser plantado pola man do home.

O *Inventario de árboles sobresalientes de Galicia* (Xunta de Galicia, 1985) serve como punto de referencia para axuizar a valía deste pradairo branco fenomenal, de considerable dendrometría, tanto no que se refire ao talle como á circunferencia troncal, e condición secular, que destaca pola súa extraordinaria beleza –punto, a xuízo da publicación, no que reside o interese da árbore– que, por tal motivo e polo seu porte, é coñecido na zona xeográfica do lugar de asentamento, que non e outro que a entrada do adro eclesiástico parroquial.

SOUTO DA RAMIGOA

Nogueira de Ramuín

A ninguén se lle escapa, no concello de Nogueira de Ramuín, a súa condición de terra de afiadores e de paraugueiros, aspecto anecdótico que cede todo o protagonismo aos valores paisaxísticos emanados de tan singular enclave xeográfico, presidido por unha impactante topografía e polo feito da concorrencia das augas do río Sil que aflúen e desembocan nas do río Miño, orixinando espazos, paraxes e escenarios espectaculares e irrepitibles, dignos de ser recordados pola fonda pegada que deixan no visitante. A vila de Armariz está no centro na zona sur do termo municipal, onde a topografía permite o desenvolvemento de terras de cultivo e de especies arbóreas de ribeira, con importante presenza de ameneiros, bidueiros, carballos e castiñeiros. De todo o patrimonio arbóreo, o Castiñeiro do Souto da Ramigoa eríxese como o ben de maior monumentalidade.

O contorno próximo, en diferentes ámbitos de distanciamento, é o típico de xeografía rural, con zonas hortícolas, terras de cultivos agrícolas e pradería, xunto con carballeira e reboleira que conviven co souto. Masas autóctonas que ocupan considerable extensión por toda a parroquia e o concello. A singularidade que achegan as dúas xoias rutilantes de Nogueira de Ramuín –o Canón do Sil, espazo natural emblemático da Galicia mediterránea, e o Mosteiro de San Estevo de Ribas de Sil, un dos monumentos artísticos do seu xénero máis notables e distinguidos dos lares galegos–, é a responsable de que os restantes monumentos artísticos e naturais pasen a un segundo plano.

Aínda que, no caso que nos ocupa, por dereito merecido, o Castiñeiro do Souto da Ramigoa é un monumento verde sen parangón, cuxo porte sorprende a propios e estraños polas súas circunstancias e peculiaridades de caracocha. Evidentemente, é un castiñeiro necesitado de coidados, non soamente de restauración corporal senón tamén do contorno circundante, sendo salientable o conxunto de castiñeiros xuvenís que constitúe un serio obstáculo, que vai aumentando en importancia co paso do tempo, pola competencia do espazo e da luz que xera co rexistro monumental que, de non tomarse as medidas oportunas, a medio prazo, poden contribuír a acelerar a súa desaparición.

CASTELO-PAZO DE SANTA CRUZ

Oleiros

A Illa de Santa Cruz –segundo información do Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia, CEIDA (sen data)– atópase no interior da ría da Coruña, formación costeira de gran riqueza ecolóxica típica de Galicia. O Castelo de Santa Cruz foi mandado construír no ano 1594 con motivo do ataque que en 1589 sufriu A Coruña pola armada inglesa ao mando de Francis Drake. A ausencia de defensa neste lado da ría permitiu que na súa incursión chegaran ata o fondo da baía, entrando por terra na cidade. Coa construción deste castelo quedou reforzada a defensa da ría fronte ás invasións navais posteriores: a Armada Inglesa (1598) e as tropas francesas do Arcebispo de Bordeos (1639). No século XIX, o castelo pasa a propiedade de D. José Quiroga, que o converte nun pazo, herdado polo marqués de Cavalcanti ao casar con dona Blanca Quiroga, filla da célebre escritora Emilia Pardo Bazán. Ao carecer de descendencia, a familia Cavalcanti cede o castelo ao exército no ano 1938, que o converte en casa de colonias de verán para orfos de guerra. En 1989, é adquirido polo Concello de Oleiros. Na actualidade, é sede do Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA).

A colocación do Castelo-Pazo de Santa Cruz –coas súas torretas, murallas, garitas de vixilancia e demais construcións– sobre un illote no fondo da baía, en veciñanza e comunicación coa vila de Santa Cruz, confírelle un extraordinario valor paisaxístico ao enclave. Noticia que resalta Sánchez García (2008) na introdución sobre esta propiedade: "*Elo fundamental da cadea de fortificacións que durante séculos defenderon a baía coruñesa, a imaxe actual do Castelo de Santa Cruz non pode ser máis pintoresca, practicamente tapado pola densa vexetación arbórea que mesmo chega a*

ocultar as edificacións principais".

Aspecto a ter en consideración na tarefa de salientar o interese da zona é a presenza dun piñeiro excepcional –plantado no xardín principal, ou xardín do palacio, de natureza ecléctica, espazo onde adquire notable protagonismo–, que ten nos méritos propios (porte, dendrometría, estado de conservación, antigüidade), por suposto, as claves da significada valoración que se lle adxudica.

PAZO DAS TORRES DE SANTA CRUZ

Oleiros

O Pazo das Torres de Santa Cruz, ben do Concello de Oleiros, con casona residencial multiúsos e parque paisaxista, afunde as súas orixes fundacionais no século XVII, sendo mercada na centuria decimonónica por un comerciante, Martín de Torres Moreno, que procede á súa restauración arquitectónica e á creación de xardíns, manténdose na familia durante varias xeracións de descendentes, ata que despois da Guerra Civil pasa a poder dunha Institución do Movemento Nacional, prestando durante décadas actividades de formación xuvenil ata a chegada da democracia. Desde finais do século XIX, ocupando posición excéntrica dentro do predio –non sabemos a identidade do introdutor, nin tampouco a datación da plantación con exactitude–, vive cultivado un dos rexistros máis emblemáticos do patrimonio vexetal galego, pegado ao muro de contención separador do CEIP Isidro Parga Pondal. A pé de árbore, unha washingtonia robusta; o espectador queda abraiado ante o espectáculo que ve, proporcionado por un promontorio de madeira anular, que deixa unha praciña no centro, produtor dunha profunda sorpresa, sobre todo a aquelas persoas que se paran a pensar e intentan darlle unha explicación convincente a semellante formación.

PAZO DE BRANDARIZ

Ortigueira

A Guía de espacios naturais de Galicia (González Rodríguez et al., 1995) fai unha caracterización completa, desde unha óptica xeográfica e biolóxica, deste enclave coruñés, da que tomamos a súa situación e descrición: "*A ría de Ortigueira, abríndose nos límites da Galicia setentrional entre os cabos Ortegaleira e Estaca de Bares, baña as terras litorais do concello de Ortigueira. Ría na que alternan diversas zonas de marisma, coma as asociadas ás enseadas de Caleira, Medra e Ladrado, e praias, das que a máis extensa é a de Marouzos, barra areosa que limita o vertido das augas da enseada do Ladrado á ría de Ortigueira*". Ao final da caracterización, no apartado do estado de conservación e de propostas de mellora, amósase con preocupación o exceso de presión humana que lle afecta negativamente ao espazo natural, polas verteduras de augas residuais, a presión cinxética ilegal, a diminución da superficie das enseadas e marismas, etc.

Esta declaración, como espazo natural protexido do país, non pode pasar desapercibida de cara á posta en valor da árbore protagonista –localizada no Xardín da Capela, plantada nunha pradería situada na parte posterior do templo, na compañía doutras laranxeiras–, no capítulo de atributos alleos ou extrínsecos, que se completa con detalles non menos importantes, como é o caso de atoparse nunha posesión de tipo pazo e, ademais, estar asociada a un feito lendario de moita singularidade. Claro está que os méritos propios ou intrínsecos resultan determinantes na súa fama e celebridade, baseados na antigüidade e nas peculiaridades que afectan aos froitos, sendo esta última a razón máis influente de cara á súa consideración como árbore senlleira.

En efecto, aínda que nunha visión afastada, aparentemente, non se observe nada raro e todo pareza normal, porque a fisionomía corporal e a follaxe non expresan ningunha incidencia digna de ser comentada, a medida que nos

aproximamos á árbore e comezamos a visualizar as laranxas axiña nos decatamos da aparición na codia dunhas modificacións sorprendentes, a modo de protuberancias máis ou menos desenvolvidas, que poden acadar ata varios centímetros de lonxitude, así como repregamentos e fendeduras, cuxa forma e aspecto gardan unha certa similitude cos órganos sexuais masculinos e femininos, respectivamente. Pero non acaban aquí as sorpresas, xa que se lle damos un corte pola metade para observar a típica distribución radial dos cuarteiróns vemos con asombro como ese ordenamento radial non existe, sendo substituído por unha agrupación totalmente irregular. *"La interpretación de tan curioso fenómeno ha dado pie a los comentarios más diversos, hasta los parapsicológicos, que dan el nombre de «ideoplastia» a este tipo de fenómenos que, según mantienen, no son exclusivos de esta especie, sino que también son extensivos a otras, como el caso de un limonero de Laredo (Santander), cuyos limones tenían forma de pata de perro, debido, según se aventuraba, a que bajo el árbol había un perro. A nivel florístico, se trata de una variedad del naranjo amargo, Citrus aurantium L. var corniculata Risso, forma teratológica conocida desde antiguo (siglo XVI-XVII) como Aurantium hermafroditum sive corniculatum; en Bari (Italia), recibe el nombre popular de auraci maschi e femminé, figurando en la colección de cítricos del Jardín Botánico de la Universidad de Nápoles (Morena e Schicchi, 1997)".* A casona residencial centra o predio, arredor da cal se desenvolveron diversos proxectos xardinísticos que definen dúas áreas ben delimitadas –unha xeométrica e outra paisaxista– que en conxunto imprimen un claro eclecticismo ao espazo. Unha vez dentro do pazo, non fai falla andar moito para chegar ao Xardín da Capela, no que se atopa a laranxeira que chama a nosa atención, cuxa celebridade lle vén dun antepasado seu, en torno ao cal se desatou toda unha situación polémica que lle puido ter custado a súa desaparición polas “obscenidades” das codias froiteiras, que non encaixaban dentro do puritanismo da época e que, segundo as crónicas, valeulle un serio enfrontamento coa Igrexa. Os artigos xornalísticos firmados por García Lamigueiro (1987) e por Torres Bouza (1996) constitúen unha fonte de información dos datos e noticias histórico-culturais de maior interese con respecto á vida deste monumento arbóreo de Ortigueira.

XARDÍN DO MALECÓN

Ortigueira

A ría de Ortigueira –que ten no xogo de contrastes entre o mar e a montaña o seu principal atractivo xeográfico, paisaxístico e natural, non en van a propia ría e a serra da Capelada están declaradas espazos protexidos–, comprendida entre o cabo de Ortegaleira e o de Estaca de Bares, a través da zona portuaria do concello de Ortigueira, ofrece un espléndido marco litoral para o asentamento do principal núcleo axardinado urbano, constituído pola Alameda de Daniel Carballo e o Xardín do Malecón, co contorno arquitectónico construtivo proporcionado polas vivendas, establecementos industriais e comerciais e edificios públicos, coa praza de abastos e o centro social como mellores expoñentes.

O parque municipal, que se estende sobre un terreo chan é un establecemento urbano que –sen resaltar especialmente en nada no que a pretensións, estrutura e tamaño respecta– agocha o seu particular encanto, como lles corresponde a algunhas desta clase de áreas verdes litorais. No caso que nos ocupa, ese encanto ten moito que ver coa súa veciñanza coas augas do mar, das que está protexido por un forte muro de defensa rematado por balaustrada ornamental. Cunhas orixes creativas que se remontan ata o segundo cuarto do século XX –polo que, dentro do contexto da arte da xardinería galega, o recinto tampouco destaca precisamente pola súa antigüidade–, é un xardín ecléctico de pequenas dimensións, atravesado por un paseo principal, lonxitudinal e central, ao que van parar paseos secundarios que se cruzan perpendicularmente, configurando praciñas centrais no punto de confluencia. Retícula viaria que define os cadros xardinísticos, en disposición ordenada, onde se localiza o colectivo de cipreses californianos, conxunto protagonista e dominante, caracterizado pola súa preponderancia e notoriedade florística.

CASA-MUSEO DE ROSALÍA DE CASTRO

Padrón

A Casa da Matanza, fogar familiar de Rosalía de Castro nos derradeiros anos da súa vida, onde finou en 1885, transformouse e funciona, desde principios da década de 1970, como casa-museo, converténdose nun centro de peregrinación que recibe e acolle, anualmente, decenas de miles de devotos rosalianos. No outono de 1947 créase o Padroado Rosalía de Castro co fin de recuperar a Casa da Matanza, que será restaurada en 1971. A fundación, que continúa o labor do padroado, é a actual propietaria da casa-museo. As súas actividades culturais representaron un importante papel no fomento da cultura galega. Ten como obxectivos prioritarios dar a coñecer a figura e a obra de Rosalía, ao mesmo tempo que difundir a do seu marido, o historiador Manuel Murguía. Ademais, encárgase da conservación tanto da casa-museo como do mausoleo da poeta en Santiago, situado na igrexa de San Domingos de Bonaval.

Foron moitos esforzos e moitas obras, pero a empresa pagou a pena. Situada na periferia de Padrón, a casa alberga no seu interior un mundo infinito de recordos da poetisa, mentres que a horta de antano, na actualidade, é un sinxelo pero fermoso xardín, cheo de plantas vistosas, algunhas de gran valor simbólico. A cabeza de todas, sen ningún xénero de dúbidas, aparece unha popular figueira, situada no patio que se estende ante a fachada frontal do edificio residencial, en posición excéntrica, protexida por unha reixa e apoiada nun soporte, nun lugar que vai parello ao seu indiscutible protagonismo.

Estamos a falar dunha figueira secular cuxa plantación, por tradición, se lle atribúe á propia Rosalía. A dicir verdade, non existe ningún documento que o demostre e confirme, sendo o célebre poema de *Cantares gallegos*, titulado *Adiós, ríos; adiós, fontes*, a fonte histórica que proporciona o argumento para facer esa adxudicación, xunto coa idade secular do *ficus*, que é compatible co mencionado evento:

Adiós, ríos; adiós, fontes;

adiós, regatos pequenos;

adiós, vista dos meus ollos:

non sei cándo nos veremos.

Miña terra, miña terra,

terra donde me eu criéi,

hortiña que quero tanto,

figueiriñas que prantéi,

Polo seu estado e a súa fisionomía, a figueira responde ao prototipo das caracochas, polo desmoche copal e a podremia e oco troncal que presenta, estando sometida a control fitosanitario para garantirlle as mellores condicións vitais posibles e prolongar o seu ciclo vital o máximo tempo, para gozo da xente que, ao penetrar no predio e chegar á vivenda, visualiza obrigatoriamente tan entrañable monumento verde.

CEMITERIO DE ADINA

Padrón

Moitas obras e remodelacións sufriu ao longo da súa historia a Igrexa de Santa María de Iria Flavia, desde a súa antiquísima fundación, nos primeiros tempos do cristianismo. A finais do século X, o antigo templo foi destruído por Almanzor, experimentando posteriores reconstrucións, sendo salientable a que fixo o arcebispo Diego Xelmírez en 1134, adquirindo a categoría de colexiata, dotada cun cabido de doce eclesiásticos e un prior. Condición e categoría que, despois do transcurso de máis de sete séculos, foron suprimidas polo Concordato no ano 1851.

Formando parte do espazo sagrado, coa igrexa, hai que citar o adro e o cemiterio de Adina, camposanto que, no caso que nos ocupa, adquire o máximo protagonismo por razóns diversas. En primeiro lugar, polo que é. Mellor que as nosas palabras, unha visita ao recinto serve para descubrir os encantos e as calidades que reúne entre os seus muros, pola súa estrutura e ordenamento das sepulturas, e o coidado e as atención prestadas polos habitantes do lugar aos seus mortos. Por tal motivo, pódese afirmar que é un sitio cheo de encanto e de fermosura. En segundo lugar, polo que significa, non en van conta con defuntos moi senlleiros na historia de Galicia, do talle de Rosalía de Castro e de Camilo José Cela, que manifestaron en vida o seu desexo de ser enterrados nese cemiterio. Na actualidade, só permanecen os restos mortais de Cela, xa que os de Rosalía foron trasladados e descansan no Panteón de Galegos Ilustres. Dentro do significado, adquire tamén gran valor a presenza no recinto das vellas oliveiras cantadas pola poetisa do Sar:

O simiterio da Adina

n'hai duda que é encantador,

cos seus olivos escuros

de vella recordazón;

.....

Moito te quixen un tempo,

simiterio encantador,

cos teus olivos escuros,

máis vellos que os meus abós;

.....

Cibeira Moreiras (1993), en Galicia pueblo a pueblo, ofrece unha caracterización do contorno, cuxos méritos potencian a posta en valor das oliveiras do camposanto: "La hermosa iglesia o colegiata de la parroquia de Iria Flavia es originariamente románica ojival (siglo XIII), aunque tenga partes del barroco. En ella, que fue sede episcopal, están enterrados cerca de una treintena de obispos de Iria. Sus dos torres, que sobresalen en el valle y se divisan desde cualquiera de los miradores del municipio (Santiagoño do Monte, Monte Lapido o Meda), fueron inspiración para Rosalía. Enfrente se encuentra la «Casa de los Canónigos», edificada a fines del siglo XVIII para albergar a estos religiosos. Es una serie de varias casas adosadas, en una de las cuales está la actual Fundación Camilo José Cela. Convertida en un importante foco intelectual de las letras, conserva un patrimonio literario y artístico de gran valor".

CONVENTO DE HERBÓN

Padrón

O Convento de Santo Antonio de Herbón ten claustro barroco e poucos frades. Cumpriu hai xa unha década o sexto centenario –a súa fundación remóntase ao ano 1396–, pero sabe manter o tipo, tanto nunha orde arquitectónica como botánica. Nun enclave xeográfico óptimo, como é a ribeira do Ulla, veu pasar o tempo sen sobresaltos –coa excepción do saqueo sufrido polas tropas napoleónicas en 1809– ata o ano 1835, en que a desamortización de Mendizábal deixou Herbón sen comunidade bieita, reiniciándose a vida monástica no ano 1884. Por dereito propio, a palmeira supervivente –derradeiro representante do colectivo de pés sucesores das palmeiras orixinais procedentes de Terra Santa– é un sinal de identidade do convento. É un dos rexistros máis prezados do patrimonio arbóreo galego, contando con importante apoio histórico-cultural, do que reproducimos uns versos do poema *La palmera del Convento de Herbón* (Rey Romero, 1944):

*Ha ya quinientos años -la fecha va lejana-
que el sol de Palestina su germen fecundó:
un trovador de burda librea franciscana,
que otrora fuera esclavo de una pasión mundana,
de aquel país bendito a Herbón la trasplantó.*

Cibeira Moreiras (1993), na descrición feita do concello de Padrón, dedica unhas palabras á parroquia de Herbón, na que se localiza o mosteiro franciscano: "Casi oculto en una extensa y tupida masa forestal, en un estrecho valle cerca del Ulla, tiene su origen en el siglo XIV. Consta de varios edificios envueltos en una muralla, de sobria piedra, rodeados y animados por pequeños bosquetes de árboles centenarios y densa vegetación, y huertas de frutales y otros productos". Por suposto, integrando os bosquetes centenarios, hai que facer mención ás historiadas sobreiras, unha masa moi cualificada que se sitúa á entrada do convento.

PASEO DO ESPORÓN

Padrón

O val do río Sar, ao seu paso por Padrón, enmarcado pola igrexa parroquial e a ponte do Carme, habilita un espazo para se converter en escenario xeográfico dun dos xardíns máis carismáticos da nosa terra: o Paseo do Esporón. Con tal finalidade, desde o derradeiro cuarto do século XIX, por un proceso de recheo terreal, transformouse nunha terraza chan e horizontal, que supera douscentos metros de lonxitude e vintecinco de anchura, abeirada por unha dobre ringleira de plataneiros, con bancos intercalados, compoñentes dun paseo arbóreo que causa admiración a propios e estraños.

No curso existencial, todo o mundo sabe que o Paseo do Esporón é o lugar de celebración das Festas de Pascua e dos mercados dominicais, acontecementos que o enchen de vida e colorido. Porén, son menos as persoas sabedoras das dúas datas máis senlleiras na súa historia, coincidentes cun par de eventos que teñen que ver coa instalación dos monumentos escultóricos asentados en ambos extremos do seu andar: Monumento a Rosalía de Castro (ano 1957) e Monumento a Camilo José Cela, nos albores do presente século e milenio.

Sen dúbida, a colocación do monumento a Rosalía foi o momento de maior gloria e esplendor, como queda reflectido no *Libro de ferias y fiestas de Pascua* (1960): "*La inauguración tuvo lugar el 23 de abril de 1957. Un inolvidable martes de Pascua, se dieron cita en el Espolón las representaciones religiosa, civil, militar, intelectual y artística de toda Galicia, celebrándose dos actos entrañables: el homenaje a Rosalía de Castro y la coronación del ilustre vate D. Ramón Cabanillas, recientemente fallecido. Presidió el acto el Emmo. y Rvdmo. Cardenal Arzobispo de Santiago, Dr. Fernando Quiroga Palacios, rodeado de las autoridades y representaciones provinciales y locales*".

XARDÍN BOTÁNICO-ARTÍSTICO

Padrón

Non hai unanimidade de criterios á hora de establecer con certeza a súa fundación. Os datos existentes permiten argumentar dúas posibles hipóteses: unha, que mantén a orixe de pazo, como ben pertencente ao Pazo de Antequera, regalo do III Conde de San Juan á súa filla Vicenta, casada co entón reitor da Universidade de Santiago de

Compostela, Juan José Viñas; e outra, que defende a condición pública desde a súa creación. Sen descartar ningunha hipótese, conta con máis credibilidade a que considera o xardín como espazo municipal desde a súa constitución, en consonancia co expresado por Areses Vidal (1970-72) no *Itinerario VIII (Caldas de Reis, Padrón, Herbón y Villagarcía)*: *"El parque se hizo en dos etapas; primero, en 1868, el trozo que da a la estación del Ferrocarril, y el resto hace unos cincuenta años, por un jardinero inglés que acompañaba a los ingenieros de igual nacionalidad que, procedentes de Santander, construyeron la vía férrea. Las plantas fueron llevadas de Portugal"*.

No capítulo histórico-cultural do carismático Xardín da Vila do Sar, hai moitos feitos salientables que contribúen á súa posta en valor. A súa declaración como xardín artístico, conseguida no ano 1946, que marca un antes e un despois no seu curso existencial; a vinculación ao Apóstolo Santiago, claro reflexo do carácter xacobeo da vila de Padrón, que se manifesta tanto no cerramento de pedra e fundición, en forma de cruces e veneras, como no interior, onde hai algún cadro que garda relación e se está pendente de materializar o parterre do Apóstolo Santiago; a conexión con Rosalía de Castro, visitante máis ilustre e significada do recinto verde, cuxo protagonismo faise notar a través de plantas que levan o seu nome (sequoia vermella e figueira), e a próxima erección dun monumento da insigne escritora; a relación con Camilo José Cela, que o bautizou como *"jardín poblado de ánima de poetas"*, expresada mediante unha planta con historia: o Buxo do Nobel, que recorda o seu pasamento.

Polo cometido prestado, o Xardín Botánico-Artístico vai máis alá da función lúdico-recreativa propia desta clase de establecementos, asumindo un protagonismo científico, educativo e cultural que o sitúa á cabeza nos lares galegos. De tal maneira que o xardín programa e presta, anualmente, unha actividade que se desenvolve e reparte en tres ámbitos xeográficos: a) local, para os centros escolares da vila, co Día da Árbore como manifestación principal; b) provincial, mediante a realización de cursos de formación, con homologación e recoñecemento acreditados, en colaboración con organismos oficiais; e c) autonómico, a través do Trimestre de Charlas Educativo-Culturais, destinado a colectivos escolares, profesionais e sociais, que xa vai pola decimosexta convocatoria, coa participación de máis de 50.000 visitantes, distribuídos en centenas de grupos e de visitas, procedentes maiormente do Fogar de Breogán, con inclusión doutras comunidades autónomas españolas e, mesmo, doutros países.

Sorprende como en tan pouco terreo, arredor de 1 ha, se deseñou un proxecto que pasa por ser unha obra mestra da arte da xardinería xeométrica –a observación do parterre (compartimento por excelencia, composto por unha rede de avenidas e paseos delimitadores dun sen fin de cadros multiformes) constitúe o mellor comprobante– e dá cabida a un extraordinario inventario florístico, en torno ás trescentas especies.

Do conxunto, brillan con luz propia a "Coroa de Cristo", como testemuño vivo da relación existente entre a especie (*Cercis siliquastrum* L.) e a paixón de Cristo; a sequoia de Rosalía de Castro, pola súa conexión coa poetisa; e a palmeira do Senegal, a arbore das palmas dos padroneses, que está considerada como a formación máis importante da súa clase cultivada nos xardíns españois.

CASTELO-PAZO DE MASIDE

Pantón

A Ribeira Sacra é un dos enclaves galegos de maior valor histórico, xeográfico, artístico, cultural e natural de Galicia. Ámbito ao que pertencen as terras de Pantón, concello cuxa xeografía vén determinada polo seu especial emprazamento, encaixado entre ríos senlleiros, coa singularidade da confluencia entre o Cabe e o Sil, e do Sil co Miño. Á entrada de Ferreira, pouco despois do Mosteiro do Divino Salvador, en dirección a Canaval e Sober, no primeiro km –integrando o seu importantísimo acervo patrimonial histórico-artístico– aparece unha fortaleza medieval, o Castelo-Pazo de Maside, que conta con declaración monumental desde o ano 1985, transformada en pazo co paso do tempo, sen perder as raíces militares e defensivas, representadas por diferentes elementos (torres,

ameas, murallas) cuxas orixes hai que situadas nunha fortaleza primixenia, do século XI, reedificada no século XIII. A propiedade do pazo –separada do contorno por unha potente muralla, ben conservada, cun par de portalóns de entrada– está atravesada polo río Ferreira, un dos seus principais atractivos, dispoñendo na actualidade de escasa superficie territorial intramuros, ocupada maiormente por un xardín ecléctico, de estilo paisaxista, arredor da nobre mansión residencial, que destaca máis polo contido florístico que pola súa traza estrutural.

PAZO DE CASANOVA

O Pino

Como marco referencial, dicir que O Pino é un concello que se encontra a poucos quilómetros das terras de Santiago de Compostela, coas que limita, así como tamén o fai cos termos municipais de Frades, Oroso, Arzúa, Touro e Boqueixón. A xeografía municipal, que ten ó río Tambre como fronteira territorial pola parte setentrional, está definida por un relevo sen moitos accidentes, con cotas altitudinais de escasa consideración, que dan lugar a un modelado de formas suaves e de escasa pendente. No que se refire ao patrimonio artístico, cabe destacar a Igrexa de Lardeiros, templo eclesiástico denominado polos veciños como a “catedral da montaña”, e as propiedades de pazos que, sen ser das de primeira categoría do país, poñen unha nota distintiva coa súa presenza. Do acervo, interesa subliñar, en Bermás de Arriba, o Pazo de Casanova, que remonta as súas orixes construtivas, probablemente, ata o século XVI. Pazo que non carece de ningún dos elementos arquitectónicos propios das propiedades señoriais (casona residencial, edificacións agropecuarias, capela, hórreo, lavadoiro, estanque, alpendre, muros, escalinatas, portalóns), aínda que o seu estado de conservación actual denota un pasado mellor que, como en tantas posesións desta clase, se viñeron abaixo co andar dos anos e das centurias. Pola súa banda, falando do predio, a teor da distribución das masas florísticas, vemos que responde ao modelo habitual en tres dominios: arredor do edificio principal, o xardín; en posición intermedia, o agro; na zona máis afastada, o bosque. No xardín, espazo que precisa máis coidados e atencións das que recibe, encóntrase un acervo monumental, mentres que no agro (pradería, con plantación de nogueiras) aparece unha douglasia verde espectacular.

CASA DO TRISTO

A Pobra de Brollón

O concello da Pobra de Brollón, na comarca da Terra de Lemos –entre a depresión de Monforte de Lemos e a serra do Courel, integrado na Galicia máis agreste, cun medio natural ben conservado e paisaxes de extraordinaria fermosura–, chama a atención pola orixinal topografía montañosa, de fortes elevacións, e tamén polo feito de ir adelgazando territorialmente camiño do sur ata chegar ao río Sil, que actúa de fronteira nun pequeno anaco xeográfico. Aquí vive a sobreira, nunha vila de poucas casas, Santiorenzo, pertencente á parroquia de San Cosme de Liñares. Árbore que atesoura no sen par bolsón do fuste o seu principal atractivo, que a fan encabezar, xunto coa sobreira da Capela das Neves, ou sobreira de Balboa (A Estrada), o patrimonio monumental das sobreiras do país. Poucas veces se ten a ocasión de contemplar un espectáculo tan singular como o proporcionado pola sobreira da Casa do Tristo, singularidade que neste caso se debe a causas naturais. A observación do porte individual produce unha impresión de admiración xeneralizada, en propios e estraños, sendo o tronco a parte da árbore responsable do fenómeno visto. A dicir verdade, a sobreira pasou a maior parte da súa vida no máis completo dos anonimatos, entendendo como tal a súa falta de citación nas publicacións científicas e botánicas.

En suma, un exemplar ignorado pola maioría da xente, do cal só se tiña coñecemento no ámbito parroquial e pouco

máis, de boas a primeiras, salta á fama e colócase nunha posición privilexiada dentro dos rexistros que amosan esta categoría.

A REGADIÑA

A Pobra de Trives

Na alta montaña ourensá, dominada polo macizo de Manzaneda, localízase o concello da Pobra de Trives, que resalta pola extraordinaria fermosura física e paisaxística, chea de contrastes entre os cumios nevados e a riqueza florística do fondo dos vales. As Terras de Trives pertencen ao macizo oriental ourensán, na súa caída cara ao río Sil, de tal maneira que o relevo en chanzos, con fortes pendentes e replanos, constitúe a súa característica territorial máis importante. Esta desigualdade xeográfica é a responsable da gradación climática, térmica e pluviométrica, desde as zonas elevadas, onde predomina un clima de montaña, ata os vales abrigados, cun clima mediterráneo, mentres que na superficie de aplanamento se establece unha transición entre ambos.

Non tan lonxe do río Bibei e a súa célebre ponte, cerca da estación invernal de Manzaneda, inserido no espazo natural constituído pola serra da Queixa e os montes do Invernadeiro, Mendoia, na raia co termo municipal de Manzaneda, é unha vila que ten no seu medio natural un dos principais valores: "*Las masas boscosas de soutos e reboleiras –el souto es la formación más abundante y característica–, y manchas de abedular, cubren de verdor y dan forma a parajes pintorescos. Completando el resto del territorio, hacen acto de aparición el monte bajo (zarza, xesta, tojo), cultivos hortícolas y frutales, y labradío, con cereales (trigo y centeno), patata y abundante pradería. De los abundantísimos ejemplares, repartidos por todas partes, es digno de mención el Castaño de A Regadiña, por su edad, porte y particular conformación arquitectónica.*"

O monumento verde está localizado na entrada da vila, nunha curva da estrada, converténdose nun verdadeiro emblema do lugar, dispoñendo dun significado campo visual, que permite a súa observación desde calquera parte.

PRAZA DO CASTRO

Ponteareas

En Galicia, desde tempos antigos, o piñeiro manso vexeta por calquera parte en todas as provincias, gozando dunha considerable representación, tanto en forma de individuos illados como en pequenas masas, que non chegan a orixinar bosques. Dunha ou outra maneira, polas súas especiais características portais, é unha árbore inconfundible, que todo o mundo chama polo seu nome, sen erro posible. Aquí radica boa parte da fama e da popularidade que lle corresponden a unha das especies florísticas que gozan do favor e do recoñecemento público, non só polas súas virtudes espirituais –que se gozan por contemplación da súa figura aparasolada, debida ao xenuíno formato adquirido pola copa, montada sobre troncos maiormente monopódicos, moi apropiada para recibir gran cantidade de luz– senón tamén polo aproveitamento material que se obtén do seu corpo material, a través da súa madeira, da súa leña, das súas piñas e dos seus piñóns.

O Castro é unha vila de poucas casas, pertencente á parroquia de San Fiz de Celeiros, no concello de Ponteareas e comarca do Condado. Na urbe capital, confecciónanse as alfombras florais máis afamadas da Finisterrae, durante a celebración das festas do *Corpus Christi*, nas rúas da vila, para o paso do Santísimo Sacramento, que alcanzan fama e renome nos nosos lares e máis alá das nosas fronteiras, sendo tanta a importancia do evento que conta coa declaración como Festa de Interese Turístico Nacional.

Próxima á igrexa parroquial, érguese altivo o piñeiro monumental nun terreo moi sinalado polos veciños da aldea polo tradicional cometido festeiro que presta.

"Ejemplar de extraordinaria belleza y elegancia, en perfecto estado de conservación, a lo cual tiene que sumar su gran tamaño. Todo ello lo hacen de primer interés. Además es conocido en la zona por estar situado en el lugar de celebración de las fiestas parroquiales". (Xunta de Galicia, 1985)

CASA DE TENREIRO

Pontedeume

Na desembocadura dun dos ríos máis afamados de Galicia, que lle dá nome ao municipio e á vila capital, xunto coa celeberrima ponte de moitos ollos, está asentada Pontedeume, nun enclave xeográfico privilexiado, da entidade do golfo Ártabro, presidido por un clima marcadamente litoral, caracterizado por temperaturas medias anuais suaves e precipitacións moderadas, clima que propicia o concurso de toda clase de manifestacións verdes (extensas masas boscosas, fértiles terras de cultivo, abundancia e variedade de xardíns), que constitúen unha nota distintiva municipal. Soar da Casa dos Andrade, conta no núcleo urbano cunha historiada torre da homenaxe, a carón da cal se localizan os significados Xardíns da Torre de Andrade; interesante mostra local do equilibrio reinante entre a natureza e a arte. No contexto urbano aparece a Casa de Tenreiro, de orixe indiana, cun xardín de grandes pretensións que pasa a día de hoxe por mal momento, debido a que non se lle prestan os coidados e atencións precisos.

Conta o predio con 2 exemplares senlleiros, *Araucaria heterophylla* (*A. excelsa*) e Teixo (*Taxus baccata*). Tanto unha como a outra acadan valores salientables no patrimonio arbóreo monumental galego. A araucaria excelsa vive a carón da casona residencial, edificio que, en consonancia coas demais construcións e instalacións, denotan tempos pretéritos mellores e certifican o estado de conservación deficitario que afecta á propiedade na actualidade. Araucaria que foi plantada no lugar que ocupa para cumprir unha función simbólica, non en van é unha das árbores indianas por excelencia. É un individuo ben conservado que presenta unha posición moi destacada dentro das araucarias excelsas, tamén chamadas araucarias de pisos pola disposición verticilada anual que adoptan as ramas. Calquera pode observar o espectáculo lamentable, en todos os aspectos, derivado do paso da autoestrada a carón do predio, que repercutiu moi negativamente para a posesión e, por suposto, para a relevancia da araucaria.

Sen lugar a dúbidas, a árbore protagonista por antonomasia da Casa de Tenreiro e o celebrado teixo que, aínda que non é o de maior dendrometría do Fogar de Breogán, ninguén lle discute o sitio de honor que ocupa no podio dos teixos e dos rexistros arbóreos monumentais. A sabendas de que hai que mirar con lupa o seu contido, polo feito de que algunhas das informacións vertidas no artigo non merecen credibilidade, incorporamos un fragmento do traballo de Durán Loriga (sen data), que aparece repetidamente nas publicacións monográficas sobre tan sinalado monumento verde:

"En una finca de Pontedeume, situada donde la ría de su nombre forma una pequeña ensenada, se extienden unos bellos jardines, en los que se alza una de estas gimnospermas, famoso tejo dos veces centenario, vegetal famoso en toda Galicia por su original descripción y enorme desarrollo. Una glorieta de asientos y columnas de piedra ya existente, sirvió de base para crear esta curiosidad vegetal, para lo que no se vaciló en trasladar a su centro un viejísimo tejo situado en un lugar secundario del jardín, operación arriesgadísima para la vida del árbol, que se efectuó con todo éxito en el año 1825, sin otra ayuda mecánica que un plano inclinado. Desde aquella fecha, y durante el transcurso de 15 años, el entonces propietario de la finca puso todo su empeño hasta lograr la realización de su idea de convertir el interior del árbol en una verdadera vivienda vegetal. Siguiendo una silueta preconcebida, de formas que son habituales en los viejos jardines ingleses, se distribuyó el ramaje en cuatro órdenes, correspondientes a otros tantos pisos, a los que sirve de acceso una escalerilla de caracol envuelta por el espeso follaje. Cuando esta labor se dio por concluida, en el año 1840, se celebró en torno a la mesa que rodea el tronco una comida inaugural de veinte cubiertos. Esta finca con el tejo descrito es hoy propiedad del Arquitecto coruñés Antonio Tenreiro, que cuida de su conservación con exquisito cuidado".

Dun tempo a esta parte, xa hai décadas, a falta do recorte practicado de maneira regular fixo que o teixo recuperase a fisionomía propia desta clase de exemplares, cando viven en posición illada, sendo portador dunha arquitectura

copal ovado-globosa de considerable volumetría. Nos últimos anos, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia subvencionou un proxecto de actuación que abrangue tanto o contorno como a árbore. Ata o momento, restaurouse a glorieta, por recuperación do muro basal e instalación dunha nova reixa; colocouse outra escaleira de caracol, de material metálico; e mellorouse o estado dos pisos. Despois da construción do paseo marítimo, o teixo queda fóra do predio, converténdose nun ben municipal. Ao pasar ao dominio público, a situación do teixo é a dunha árbore pechada por unha reixa circular, para impedir o acceso incontrolado da xente, polos danos que derivaban do tránsito innúmero de persoas. De tal maneira que todo o mundo pode contemplar a ximnosperma pero non pode subir pola escaleira de caracol aos seus pisos.

MONTE DE LEIRO

Pontedeume

O piñeiro bravo de Leiro localízase no monte de Leiro, espazo de repoboación forestal que conta cunha plantación de especies arbóreas de crecemento rápido, constituída por unha formación boscosa mixta de piñeiral e eucaliptal. Monte que se encontra á beira da N-651, entre Betanzos e Ferrol, estrada que atravesa e divide o monte e o seu arboredo en dúas partes, xustamente á altura do PQ 14, ao pasar por Leiro –vila coruñesa, con atractivas e pintorescas paisaxes naturais–, desde onde se baixa por unha senda estreita, ata chegar á conífera, ao cabo de medio centenar de metros, aproximadamente. Hai que lamentar a total falta de panorámica visual, detalle que mingua a súa fisionomía e valor.

O piñeiro bravo de Leiro é o único rexistro da súa especie que figura no *Catálogo de árbores senlleiras*. Mírese como se mire, a dicir verdade, é unha mínima representación, sobre todo se temos en conta as considerables áreas de repoboación deste piñeiro existentes na nosa xeografía, que ocupan maior extensión con respecto ao piñeiro insigne, caracterizándose pola súa abundancia na parte litoral, podendo subir ata 1.500 m de altitude, aínda que a partir de 1.200 m escasea.

XARDÍN DA TORRE DE ANDRADE

Pontedeume

En plena comarca eumesa –declarada Sitio Histórico desde o ano 1971–, Pontedeume, unha das vilas mariñeiras máis renomeadas de Galicia, ten nas Fragas do Eume o seu espazo natural máis emblemático, unha das mellores formacións boscosas atlánticas termófilas do país e do continente europeo. No corazón urbano atópase o Xardín da Torre de Andrade, un recinto que debe a fama que acredita a valores arquitectónicos e botánicos. Non en van foi materializado ao amparo da celebrada torre medieval, elemento patrimonial desde o ano 1924, posuíndo, ademais, unha flora que destaca pola diversidade específica e a monumentalidade arbórea, representada por dous rexistros que constitúen os seus principais atractivos florísticos: unha colección de árbores do amor, que flanquean aliñadamente as portas de acceso ao xardín, e un metrosideros excelso.

Aínda que os dous rexistros teñen a mesma antigüidade, por seren plantados con motivo da creación do xardín, da parella, o metrosideros acapara un maior protagonismo, debendo a súa fama e notoriedade a méritos propios e atributos alleos.

Areses Vidal (1952), no artigo *El Tejo de Pontedeume*, fala do xardín e do metrosideros, que insire en tan reputado lugar de vida, como se pode comprobar a través do seguinte parágrafo: "*El parque público, de corta extensión, cuenta con variada y curiosa vegetación. Fue creado en el año 1917 sobre un terreno que había sido huerta y jardines de la casa de los Andrade y en él, por poco frecuentes en otros sitios públicos, llaman la atención un helecho arbóreo (Balantium antarcticum Presl.) y una mirtácea (el Metrosideros tomentosa A. Rich. et All. Cunn.), procedentes ambos de la finca que*

fue de don Joaquín Maldonado y que es hoy asilo de ancianos desamparados, donde hay otro ejemplar de metrosideros mayor y más característico por conservar sus largas raíces adventicias aéreas”.

Di de Pontedeume, López Vizoso (1993), que é un dos enclaves xeográficos máis fermosos de Galicia, na marxe meridional da ría de Ares, con pintorescos tramos costeiros, ao pé do monte Breamo, e ao esteiro do Val do Eume, como contrapunto a esta paisaxe aberta á ampla ría, contando cun acervo histórico, artístico e cultural da moita entidade, cun patrimonio natural moi valioso, presidido por elementos emblemáticos como son a ría, as Fragas do Eume, os espazos axardinados e o acervo arbóreo monumental.

CAPELA DE SANTA MARGARIDA

Pontevedra

Nos derradeiros tempos, ao amparo do esplendor que viven a cultura verde e as ciencias medioambientais, as árbores galegas están sendo protagonistas de numerosos traballos que aparecen en publicacións de diferente rango e tipoloxía, é o caso da obra *O Carballo de Santa Margarida* (Rodríguez Dacal, 2006), editada polo Concello de Pontevedra, que trata da gloria e grandeza deste *quercus* sagrado, que habita desde hai medio milenio, aproximadamente, no adro da capela da Santa, espazo murado que compensa as reducidas dimensións territoriais que presenta coa simboloxía que o caracteriza desde tempos inmemoriais. Capela medieval, de orixes construtivas imprecisas, que segundo os derradeiros estudos, se sitúan entre os séculos XIII-XIV.

Galiza, terra de Carballos, concentra na súa xeografía oceánica as mellores expresións boscosas e individuais desta especie. Inmerso no ámbito litoral pontevedrés e vinculado á Capela de Santa Margarida de Mourente, vive, deste tempos inmemoriais, o seu máximo expoñente: o carballo de Santa Margarida. Este é o carballo máis glorioso, unha das xoias máis rutilantes do patrimonio botánico dos nosos lares que acredita valores propios, emanados do seu porte formidable e lonxevidade multiseccular, e que ademais atesoura méritos alleos de tipo histórico, artístico, cultural, relixioso, social e antropolóxico. É o ser vivo de maior idade no termo municipal –antigüidade que xustifica o sobrenome de “Matusalén”, ao que a tradición popular converteu en testemuño da ancestral Carballeira dos Gafos e lle outorgou poderes sobrenaturais, dentro do contexto máxico e ritual presidido pola benéfica fonte de Santa Margarida e o senlleiro templo eclesíástico medieval– que o padre Sarmiento sacou do anonimato, impregnándoo dunha aura indeleble de fama e inmortalidade. Árbore contada, cantada, fotografada, pintada e, sobre todo, querida no país natal e alén fronteiras, por unha vila cuxas xentes viron nela un motivo de culto e admiración permanente. Sen ningún xénero de dúbidas, o carballo da Capela de Santa Margarida é un dos rexistros máis prezados do patrimonio arbóreo galego. Por tal motivo, non falta de ningún dos catálogos dos nosos lares –árbores sobresaíntes (Xunta de Galicia (1985), árbores monumentais (Rodríguez Dacal e Izco, 2003) e árbores senlleiras (Diario Oficial de Galicia, 2007b), figurando tamén en inventarios (Instituto de Conservación de la Naturaleza, ICONA, 1975) e publicacións de máis alá das nosas fronteiras (Antonio Rigueiro, 2005; Palacios Palomar e Redondo Regidor, 2005; Domínguez Lerena, 2007).

PAZO DE LOURIZÁN

Pontevedra

É o de Lourizán un dos pazos máis emblemáticos de Galicia. Aínda que as súas orixes se remontan a tempos anteriores, o predio debe todo o que é a Eugenio Montero Ríos, político galego liberal que ocupou altos cargos (ministro de Graza e Xustiza, ministro de Fomento, presidente do Senado, presidente do Goberno). Por obra e graza de Montero Ríos, unha das figuras máis influentes tanto na política española como na sociedade galega da súa época, sobre as construcións preexistentes, entre finais do século XIX e principios do XX, edificouse o magnífico

palacio, de nova planta, e levouse a cabo un proxecto botánico de grandes pretensións en todos os campos: agrícola, forestal, xardinístico, florístico e paisaxístico.

Lourizán conta con máis de medio centenar de hectáreas no seu haber, cifra moi considerable no ámbito dos pazos. Á enormidade dimensional territorial hai que engadir, como aspecto distintivo, a grandeza que adquire o seu mundo arquitectónico e botánico, de tal consideración, en ambos os casos, que o fan figurar no grupo dos pazos máis selectos e prezados de Galicia e de España. Todos os elementos e construcións propios e xenuínos do mundo dos pazos están en Lourizán, e moitos outros, respondendo ao modelo de organización territorial compartimentado (xardín, agro, bosque).

Conta con extraordinaria diversidade florística que se contabiliza por centenares de especies leñosas e herbáceas. De tan vasto patrimonio vexetal, resulta que aínda se conservan moitos individuos, en forma illada ou grupal, pertencentes ás primeiras plantacións, practicadas en tempos de tan ilustre titular.

XARDÍNS DE VINCENTI

Pontevedra

Un paseo polo espazo permite ao transeúnte, ademais do seu gozo, a observación do bo grao de harmonía reinante entre a arquitectura e a natureza. Nada mellor que o manexo do plano incluído nesa publicación ??? para constatar a distribución do equipamento mobiliario, que se caracteriza pola riqueza e a variedade: edificios (Deputación Provincial, Delegación da Consellería de Educación, IES Valle-Inclán, Convento de San Domingos), estanque de patos, con casa e ponte, pombal e aseos públicos, curral, parque infantil, fontes (da rocha alveolar, do neno e o paxaro), muros, quioscos, escalinatas, esculturas (sen título, castelo), pozo e monumentos (Valle-Inclán, Mariños e Navegantes Ilustres, Vincenti, Colón, Constitución da Deputación Provincial, Soldado).

O mundo vexetal rivaliza en protagonismo co mundo artificial, contando con gran diversidade florística, acercándose o inventario ao centenar de especies, que proceden de todos os continentes, chamando a atención a importante cantidade de arboredo pertencente ás plantacións primitivas.

BOSQUE DA CARAVELEIRA

A Porqueira

A Porqueira é un pequeno concello galego –cuxas terras se tocan e limitan coas de Rairiz da Veiga, Calvos de Randín, Os Blancos, Xinzo de Limia, Bande e Muíños– de poucos habitantes, situado ao sur de Galicia e da provincia de Ourense, pertencente á comarca da Limia. O termo municipal encóntrase nun estreitamento da Limia, entre as vertentes máis suaves da Raia Seca e o río Limia. A depresión drenada por este río segue unha dirección de leste a oeste e serve de fronteira setentrional á xeografía municipal, encaixándose logo entre os montes de Bande e a serra do Xurés.

O concello agocha na urbe capital o seu principal sinal de identidade artística –unha torre da homenaxe, como única parte que permanece en pé dunha fortificación medieval, correndo a mesma sorte que un antigo mosteiro do que non queda rastro–, cunha base económica baseada na agricultura e a gandería, localizándose o espazo agrario sobre todo na zona chan da depresión, coa pataca como principal cultivo, que ocupa a cuarta parte do solo agrícola. Desde unha óptica forestal, chaman a atención as carballeiras e os soutos, de reducida superficie, como é o caso do Bosque da Caraveleira, no que se atopa o carballo grande de Reboreda.

O *quercus* localízase na entrada da vila de Reboreda, núcleo habitado de poucas vivendas, cuxo topónimo reflicte ben que é terra de carballos, da que o carballo grande é o representante máis cualificado. O monumento verde está enclavado nunha ladeira do monte, dentro dunha zona de bosque resultante da combinación da carballeira co

souto, con manchas de bidueiro.

A pesar da categoría que se lle outorga, é superado claramente por outros rexistros monumentais da súa especie, que acreditan unha maior bagaxe de méritos intrínsecos e atributos extrínsecos. No caso que nos ocupa, hai que ter en conta a condición secular, interesante dendrometría, bo estado de conservación e o feito de estar nun espazo natural galego da entidade da Limia, no centro xeográfico da provincia ourensá, pertencente aos concellos de Sandiás, Xinzo de Limia, Trasmiras, A Porqueira e Rairiz da Veiga (González Rodríguez et al., 1995).

A SAÍNZA

Rairiz de Veiga

Rairiz de Veiga –en opinión de Doval Adán (1993)– é un pequeno concello ourensán, pertencente a comarca da Limia, cuxa xeografía responde ao prototipo dun amplo val, alongado de norte a sur, delimitado polo norte e o oeste polos montes de Bande e as montañas que separan as comarcas naturais da Limia e Allariz. Cara ao sur e ao leste, esténdese a impresionante depresión antelá, que abarca a práctica totalidade do termo municipal. O río Limia –cuxo cruzamento era temido polos romanos na crenza de perder a memoria– actúa como fronteira territorial con respecto ao veciño concello da Porqueira, dándose a circunstancia de que o río Bidueira, afluente máis importante, cruza as terras municipais de norte a sur. Os contrastes climáticos, caracterizados por veráns calorosos e secos e invernos fríos e chuviosos, inciden na vexetación, abundante e variada, con paisaxes xenuínas nas que os carballos, os castiñeiros e outras especies arbóreas propias do clima oceánico deixan a súa pegada na configuración do mundo botánico do territorio, destacando especialmente toda a veiga do río Limia, recoñecida como espazo natural protexido (González Rodríguez et al., 1995).

De novo, acudimos a Doval Adán (1993), que fai alusión a esta historia na descrición do termo municipal: *“De entre todas las fiestas tradicionales que se celebran en el municipio (San Juan de Rairiz de Veiga, Sagrado Corazón de Jesús en Guillamil, San Benito en Lampaza, etc.) la más destacable es la que tiene lugar el 24 de septiembre en A Sainza, en honor a la Virgen de la Merced. Lo más original de esta romería, que se celebra en un hermoso campo sombreado por envejecidos robles, es la típica batalla entre moros y cristianos que tiene lugar por la mañana, al pie de un pequeño castillo. Este simbólico combate, conmemora el episodio del tributo de las Cien Doncellas y leyendas de rendición de cautivos”*.

Sen ningún xénero de dúbidas, a Carballa da Rocha é unha das árbores máis memorables de Galicia, o seu porte, a súa dendrometría, a súa antigüidade e o seu estado de conservación son os méritos propios que a caracterizan.

PAZO DE TORRECEDEIRA

Redondela

A medio camiño entre Pontevedra e Vigo, Redondela é un concello que forma parte da Área Metropolitana de Vigo, enclavado en posición de fondo da ría, na súa marxe esquerda, flanqueado pola ponte de Rande e a illa de San Simón. A xeografía redondelá resulta da conxunción de tres ámbitos ben diferenciados (costa, depresión topográfica e rebordos montañosos), contando o territorio, espallado por todas partes, cun importante patrimonio municipal, cheo de riquezas artísticas e naturais. No referente ao valor artístico, interesa subliñar, entre outros bens, a nómina de cualificados pazos que atesoura, con prezados representantes no contorno da vila capital (pazo de Torres-Agrelo, Pazo de Torrecedeira, pazo do Pousadouro). No tocante á bagaxe natural, hai que falar da enseada de San Simón, espazo natural protexido “de elevado valor paisaxístico que se abre tras o estreito de Rande e na que asenta unha das illas máis ricas en historia de todo o litoral galego, como é a illa de San Simón” (González Rodríguez et al., 1995). O Pazo de Torrecedeira, integrante da nómina das mansións residenciais señoriais máis reputadas de Galicia, remonta

as súas orixes ata o século XVII e abarca na actualidade un territorio que ocupa 5 ha de extensión superficial. Terreo no que está depositado un abundante equipamento mobiliario, presidido polo palacio, en compañía da murallas e muros, dos portalóns, do hórreo, do lavadoiro, do galiñeiro, do invernadoiro, do miradoiro, dos estanques, das escalinatas, das mesas, dos bancos, do sistema de canalización e dos edificios agropecuarios e de servizo. A contemplación da factura arquitectónica do palacio pon de manifesto as súas virtudes e excelencias construtivas, por tratarse dun dos edificios señoriais de maior beleza e fermosura do país. Martín Curty (1987), no seu libro sobre xardíns de pazos, dedica un capítulo a este nobre pazo redondelán, do que tomamos o seguinte parágrafo hitórico-cultural:

“Este pazo, denominado Torre Cedeira o también más raramente «El Corredor», fecha su construcción en el siglo XVII, por lo cual nos encontraríamos ante un caso de origen no medieval, si bien un análisis somero de su conformación arquitectónica podría sugerir la existencia de un cuerpo prismático cuadrangular simple más primitivo en torno al cual se realizó la construcción definitiva del siglo XVII; una centuria después, se construye una notable balconada sobre arquerías en la fachada Sur, que se convierte indudablemente en su alzado más representativo. Ya en el siglo XIX, la propietaria del pazo es Doña Pilar Franco Martínez Colwel, cuyo hijo Manuel Bárcena de la Concha y Franco se constituye en el primer Conde de Torre Cedeira”.

En tempos deste titular, Manuel Bárcena de la Concha y Franco –personaxe clave pola súa actividade e iniciativa no desenvolvemento comercial e social de Vigo no século XIX–, lévase a cabo unha actuación xardinística de grandes pretensións, de carácter paisaxista, que converterá o predio nun parque arbóreo. O proxecto xardinístico foi practicado na década de 1860, un dos mellores da súa clase no mundo dos pazos, deseñado por un especialista francés. A resultas deste proxecto e doutras actuacións posteriores, hoxe en día, un paseo por tan sinalada posesión permite, desde un punto de vista estrutural, a observación de dous compartimentos ben diferenciados: parque-xardín e bosque axardinado.

A flora é un dos distintivos do pazo, caracterizándose pola súa diversidade e monumentalidade. Da época creacional do proxecto xardinístico data o magnífico calocedro, localizado na parte traseira do palacio, que alza a súa copa columnar cara ao ceo, converténdose en sentinela da propiedade señorial. A conífera, que é o mellor exemplar dos calocedros cultivados no Fogar de Breogán, conta co recoñecemento de todos, sendo un emblema verde para a liñaxe familiar e unha das árbores máis prezadas do noso patrimonio natural.

PAZO DE TORRES AGRELO

Redondela

Martín Curty (1987), na súa publicación sobre xardinería de pazos, estuda en detalle o Pazo de Torres Agrelo, dando comezo á súa referencia histórica cunha descrición que revela as súas orixes e o seu pasado, carente da antigüidade e da gloria doutros pazos galegos: *“La edificación pacega que hoy en día podemos ver es datable a mediados del siglo XIX, y no parece proceder en derivación de ninguna reforma o alteración de alguna construcción anterior. Nos encontramos por tanto ante un caso de actuación pacega muy reciente y desde luego no vinculada con el clásico proceso de traslación de torre defensiva a residencia progresivamente prestigiada y ampliada”.*

O Pazo de Torres Agrelo, situado na parroquia de Santa María de Reboreda, a media ladeira, almacena intramuros todos os elementos e estruturas substanciais (palacio, capela, pombal, invernadoiro, xardíns, plantas ornamentais, etc.) que caracterizan o eido dos pazos. Sen dúbidas, un dos valores principais que agocha a propiedade señorial reside no seu mundo verde, en todas as súas vertentes: paisaxe, agro, xardín e flora.

A xardinería, desde o momento da súa aparición, naceu e mantívose durante décadas como un proxecto de grandes pretensións. Só as árbores e a especial configuración topográfica do lugar permiten facer unha reconstrución ideal de tal proxecto xardinístico, elaborado no momento da edificación do palacio, na segunda metade da centuria decimonónica. O desmonte terreal, coa conseguinte formación de terrazas, foi a solución para poder axardinar a

nobre posesión que hoxe, afortunadamente, está restaurada con novas miras: o turismo rural. Evidentemente, a presenza de partes e elementos, como son os compartimentos xardinísticos, a gruta, o estanque, o invernadoiro, o miradoiro, o canaval, o paseo de abeleiras e o gran colectivo florístico que atesoura o predio, testemuñan a magnitude e a envergadura do proxecto primitivo, que tanta axuda e beneficio proporcionan ao novo cometido experimentado. López-Chaves e Amor Moreno (1988), na súa obra sobre os pazos pontevedreses, fan unha breve descrición da propiedade señorial, poñendo énfase nos atributos florísticos: "*Bajo una amplia y tupida bóveda formada por una parra, se llega a la fachada principal de la casa, que ocupa una superficie rectangular, formada por un cuerpo central alargado entre las dos torres almenadas, reservando su parte más alta a terraza corrida, que es un incomparable mirador sobre la ría viguesa y desde la que también se puede dominar gran parte de la extensa finca, que en sus aproximadamente 8 hectáreas alberga numerosos especímenes de reconocida calidad, mereciendo ser destacadas sus azaleas y magnolias, sin olvidar las mandarinas, muy superiores, por su aroma y sabor, a las de otras regiones españolas, como muestra de la benignidad del clima y de la bondad de la tierra que caracterizan Agrelo. Pero son las camelias las que han dado al pazo mayor notoriedad*".

PRAZA PÚBLICA DE REBOREDA

Redondela

En plena ría de Vigo, ao fondo, en situación de ladeira montañosa, Reboreda é unha pequena poboación, de hábitat disperso, inmerso nun forro de verdor permanente, de gran exuberancia e frondosidade, debido ás especiais condicións climáticas. Con masas boscosas autóctonas (carballeiras) e maior cantidade de repoboacións forestais (piñeirais e eucaliptais), na parte alta da ladeira, e cultivos agrícolas no contorno proximal das vivendas, onde se planta de todo, sendo abundante o viñado, a vida cidadá céntrase en torno á praza pública, espazo trapezoidal configurado pola igrexa parroquial, a casa reitoral e o Pazo de Reboreda, principalmente, no que se atopa o palco de música e un paseo de plátanos de sombra en dobre ringleira. Ao fondo, unha pequena praciña co cruceiro do Cristo de Arriba, fronte a un rodal de eucaliptos, cunha sobreira enorme fronte ao cruceiro, da que está separado por un muro de contención, unhas escalinatas e unha cancela.

Dúas árbores fenomenais, o Carballo das Cen Polas, relativamente próximo a praza pública, e a sobreira monumental, revelan a natureza da masa boscosa orixinal, da que hoxe en día, no rodal no que se encontra, queda pouca cousa. No seu lugar, as árbores de crecemento rápido, co eucalipto á cabeza, forman unha estraña combinación e convivencia. A Sobreira do Cristo de Arriba, desde sempre, beneficiouse da proximidade ó celeberrimo Carballo das Cen Polas, ata a morte deste, que se produciu non hai tanto tempo, árbore que foi quen de suscitar o culto e a veneración dos veciños e xentes de máis alá das fronteiras, gozando de moita fama e notoriedade no ámbito comarcal e en Galicia enteira.

PAZO DE BARRANTES

Ribadumia

Ribadumia, concello que ocupa o centro xeográfico do val do Salnés, reflicte no seu nome a estreita vinculación cun dos ríos máis reputados do país galego, o Umia, próximo xa á desembocadura na ría de Arousa, que rega e dá vida ás fértiles ribeiras desta privilexiada xeografía. Un dos aspectos máis salientables do termo municipal é, sen dúbida, a riqueza e fertilidade dos solos, moi aptos para todo tipo de cultivos, en especial para o viñado, destacando as colleitas de albariño, viño branco por excelencia do Fogar de Breogán e de máis alá das súas fronteiras, e do viño tinto de Barrantes, un dos de maior renome dentro dos de tipo artesanal. Ribadumia é coñecida en toda Galicia pola

súa popular Festa do Viño Tinto do Salnés, que se celebra en Barrantes desde o ano 1967. Nas terras parroquiais de Santo André de Barrantes, xorde o Pazo de Barrantes, que nada ten que ver coa produción do viño tinto e moito coa exaltación do viño albariño.

O de Barrantes é un dos pazos de maior señorío dos nosos lares, por razóns artísticas e naturais. Desde as súas remotas orixes, que chegan ata o século XVI, foi acumulando un importante patrimonio arquitectónico, presidido pola casona tipo pazo, edificacións anexas, capela, hórreo, portalóns, estatuaria, muros, piscina, etc. Mundo da pedra que acada gran protagonismo nun predio que dedica practicamente toda a súa extensión (varias hectáreas) a viñedo, deixando un pequeno espazo reservado para xardín –creado no derradeiro cuarto do século XIX–, arredor da mansión residencial, e un paseo de acceso que, no caso que nos ocupa, adquire o maior protagonismo, pola dobre ringleira de eucaliptos que abeiran a primeira metade do seu percorrido.

Estamos a falar da célebre carreira de eucaliptos do Pazo de Barrantes, de tal dimensión e entidade que é a primeira da súa clase da Finisterrae. Galicia é terra de eucaliptos, por razóns de cantidade e calidade, cunha ampla nómina de exemplares seculares distribuídos e cultivados nas catro provincias.

Como aspectos culturais que cómpre salientar do Pazo de Barrantes, hai que sinalar a produción, comercialización e venda de viño albariño, quefacer industrial asegurado mediante unha planta de transformación, elaboración e embotellado, cunha colleita anual que supera as 100.000 botellas. Tamén, o papel cultural desempeñado pola Fundación Graham Greene, con sede no pazo, por amizade entre o escritor e a familia.

ARREDORES DE COVAS

Rubiá

A serra da Enciña da Lastra é un dos espazos naturais protexidos de maior extensión e consideración de Galicia, no noroeste da provincia de Ourense, alí onde as terras de Valdeorras se xuntan coas do Bierzo, pertencendo na súa totalidade ao concello de Rubiá. González Rodríguez et al. (1995) fan a seguinte descrición: "*Trátase dunha serra de natureza caliza o que, engadido a súa situación dentro do mundo mediterráneo, lle confire á serra un elevado valor florístico. Ao mesmo tempo conta cunha grande riqueza faunística, xa que o inaccesible do terreo posibilita o mantemento de especies moi escasas no resto do territorio galego. Todo iso vese complementado pola súa importancia paisaxística, que acada a súa maior expresión nos cortados do Estreito de Covas e nos Penedos de Oulego*".

Eses autores, desde o punto de vista florístico e vexetacional, destacan o feito de que a serra posúe a mellor representación da flora mediterránea en Galicia. A vexetación está composta por extensos bosques de aciñeira (*Quercus ilex* subsp. *rotundifolia*), mestos e compactos, no medio dos cales aparecen numerosos érbedos (*Arbutus unedo*). A incorporación de arbustos como *Pistacia terebinthus*, *Phyllirea angustifolia* e *Crataegus monogyna* frecuente, como tamén o é a presenza no estrato herbáceo de *Rubia peregrina* e *Lonicera etrusca*.

En tan sinalado enclave montañoso, no que se atopan as mellores e máis diversas formacións vexetais tipicamente mediterráneas de Galicia, coa riqueza engadida da mole rochosa calcaria, vexeta a aciñeira máis valiosa do noso país, na vila de Covas, en pleno canon do Sil. Aldea de poucas casas, en medio de cultivos hortícolas e froiteiras, non faltando a pradería e o viñedo. Aparecendo o *quercus* antes de chegar ao núcleo poboacional, nun terreo particular, disposto a modo de noiro, colocado ao bordo da vía circulatoria, entre o cemiterio e o poboado.

Sóbralle razóns á aciñeira de Covas para ocupar a distinción que se lle outorga, que non é outra que ser o mellor representante da súa especie. Como méritos intrínsecos, o porte, a biometría (tanto dendrometría como idade) e a conservación son os seus principais avais. Os atributos extrínsecos céntranse fundamentalmente na valía do lugar de asentamento, como espazo natural protexido, e no compoñente lendario, que garda relación coa pedra de apoio, baixo a cal, segundo di a tradición, os mouros deixaron enterrado un tesouro durante a súa estancia na nosa terra.

PAZO DE MEIRÁS

Sada

O de Meirás é un dos pazos máis prestixiosos do país, contribuíndo á consideración que lle outorga un conxunto de razóns de diversa índole: históricas, artísticas, literarias, políticas e botánicas. Mírese por onde se mire, o primeiro feito que chama a atención da xente, que non precisa acceder ao interior da propiedade por ser visible extramuros, a bastante distancia, é a magnífica construción do palacio, de maxestosa feitura, coas súas tres torres. Arredor, distribúese un abundantísimo mobiliario: edificios, escudos, monumentos, fontes, estanques, frontóns, bancos, mesas, cruceiros, hórreos, balaustradas, miradoiros, muros ameados, garitas, etc. Tras a súa enumeración, hai que dicir que o patrimonio artístico é un dos atractivos máis prezados deste ben privado.

Desde unha óptica histórica, é determinante na celebridade do Pazo de Meirás a identidade de dous donos cualificados: Emilia Pardo Bazán, condesa de Pardo Bazán, escritora insigne e gloria nacional, que acadou o recoñecemento unánime no seu tempo por parte do ámbito literario; e Francisco Franco Bahamonde. A titularidade de ambos os personaxes repercutiu positivamente no curso existencial do pazo, non en van a novelista foi quen ordenou o proxecto arquitectónico do pazo co xardín primitivo, no derradeiro cuarto do século XIX, mentres que en tempos de Franco se acometeron actuacións de mellora en ambos os mundos, o pétreo e o natural. Das pretensións de Pardo Bazán sobre ese pazo fala Sánchez García (2008) no libro *Xardíns das Mariñas*:

"O pazo, xunto da igrexa de San Martiño de Meirás na que D.^a Emilia celebrara no ano 1868 a voda con José Quiroga, foi o lugar elixido nos anos oitenta, cando asentaba a súa carreira literaria, para pasar longas tempadas que ían do verán o outono. Tras a morte en 1890 do seu pai, José Pardo Bazán, a intención de soterralo en Meirás, unida ao desexo de retirar a súa nai do triste casarío familiar da coruñesa rúa de Taberna, levárona a madurar a idea dunha residencia máis ampla e cómoda, na que influíron o arquitecto historicista Vicente Lampérez, pero tamén os gustos da nai, D.^a Amalia de la Rúa-Figueroa".

O predio señorial, a teor da distribución florística, contén tres compartimentos territoriais claramente diferenciados. Na zona máis afastada aparece o bosque, copioso arboredo multiespecífico no que a robinia e a acacia de madeira negra son as especies máis salientables. O agro, en posición intermedia, é unha parcela de considerable extensión superficial, con plantacións de froiteiras e o solo forrado de pradería. E o xardín, área terreal a que lle corresponde maior protagonismo pola extensión que ocupa, cuestións estruturais e a flora que alberga, que destaca pola súa diversidade e monumentalidade.

MOSTEIRO DE SAN XIÁN DE SAMOS

Samos

O nivel de admiración resultante tras a contemplación do Mosteiro de Samos resulta difícil de cuantificar, tal é a súa gloria e a súa grandeza. Cando facemos un xuízo de valor do establecemento monacal, obrigatoriamente estamos aludindo ao conxunto fabricacional presidido pola igrexa e os claustros, que é o que acada maior entidade e adquire máis notoriedade. O claustro pequeno, nomeado como Claustro das Nereidas pola fonte que o centra, é o mais antigo, datando da segunda metade do século XVI. O claustro grande, que remonta as súas orixes ata o século XVII, tamén se chama Claustro do Padre Feijoo polo monumento estatuario que o centra, dedicado a tan insigne e preclaro fillo da Orde Bieita. A igrexa, de estilo barroco, con planta de cruz latina e tres naves, é posterior, de mediados do século XVIII.

A un centenar de metros deste conxunto pétreo fenomenal encóntrase un pequeno templo, a Capela do Salvador –prerrománica, de principios do século X, con nave e cabeceira, en cachotería de lousa e que conta con arcos de

ferradura–, correspondéndolle a honra de ser a edificación máis antiga que se conserva no lugar, chegando ata a actualidade en bo estado corporal con máis de mil anos de idade no seu haber existencial. Capela que constitúe unha demostración palpable e que dá fe das remotas orixes do cenobio, que afunde as súas raíces na Alta Idade Media.

Aínda que ninguén lle nega a importancia que posúe o edificio monacal, composto pola igrexa e os claustros, desde un punto de vista artístico e monumental, o certo é que, no caso que nos ocupa, á minúscula capela correspóndelle maior protagonismo por ser o marco de asentamento e de vida dunha árbore extraordinaria, sen parangón na historia da flora ornamental de Galicia: o Ciprés da Capela do Salvador ou Ciprés Mediterráneo do Mosteiro de Samos, colocado a carón da única porta de entrada do edificio relixioso, mirando ao mediodía. Un reduto terreal, transformado nos derradeiros anos en área recreativa, con bancos, mesas, fonte e plantación arborada, comprendida entre o cemiterio da vila e o río Sarria.

ALAMEDA, FERRADURA E CARBALLEIRA DE SANTA SUSANA

Santiago de Compostela

Pérdese no tempo a orixe constitutiva da Carballeira de Santa Susana como masa boscosa presidida no cumio pola antiquísima capela que lle dá nome, da que hai coñecemento da súa existencia, cando menos, desde o Medievo, sendo doada polos seus propietarios, os condes de Altamira, á cidade compostelá no século XVI (ano 1546) para uso e gozo da poboación. A proliferación de espazos axardinados públicos desde o século XVIII fai que o concello de Santiago, carente de establecementos desta clase, comece a preocuparse pola súa construción, aparecendo en 1835, froito desta necesidade, a Alameda do Campo da Estrela como proxecto consolidado. Xardín primitivo que irá experimentando transformacións posteriores que modifican o seu deseño inicial pero que non supoñen a súa desaparición. Por razóns de aumento demográfico e expansión urbanística, as pequenas dimensións da alameda aconsellan a ampliación do espazo xardinístico, mediante outro compartimento fisicamente pegado a ela, deseñado seguindo un enfoque e unhas pautas diferentes, tanto no que a estrutura como a función respecta: así naceu, no ano 1853, o Paseo da Ferradura, que tardará o seu tempo en acadar a súa configuración definitiva.

Como apoio á importancia da Carballeira de Santa Susana, reproducécese a doazón á vila de Santiago feita por Atanasio López (1933-1934): *"Por quanto hes myo e me pertesnece un agro e heredad questá cerca del monasterio de San Lorenzo por donde al de presente anda el camino Real que viene por cabo el dicho monasterio para esta ciudad... doy dono a la dicha ciudad y al concejo e justicia e Regidores della.., el dicho mi agro arriba declarado para que la dicha ciudad para en todo tiempo de syenpre la tenga para su serbidumbre e pasto común e plantar de árboles e arboledas e con condición que no puedan cerrarlo ni aforarlo ni arrendarlo ni otra cosa alguna syno questé abierto para pasto común e folgança, salido e serbidumbre de la ciudad, vecinos e moradores della.."*

Da primitiva Alameda do Campo da Estrela fala Moreno Astray (1865) no seu libro: *"Hay una hermosísima Alameda formada de un salón y seis anchas calles de copados árboles de diversas especies, tiene una portada elegante coronada por dos leones de cantería, excelente obra, lo mismo que sus remates, del hábil escultor D. José Jacobo Liñares"*. Ás excelencias do Paseo da Ferradura refírese Otero Pedrayo (1954) nunha extensa descrición da que se mostran as primeiras palabras: *"La Herradura es el parque y paseo más noble de España"*.

Os tres compartimentos integrantes –Carballeira de Santa Susana, Alameda do Campo da Estrela e Paseo da Ferradura–, revestidos de propia identidade xardinística, que encaixan ás mil marabillas como espazo unitario, atesouran un prezado patrimonio artístico, cultural e botánico. Non en van, temos ante nós un lugar que conta cun amplo acervo arquitectónico, composto por igrexas (de Santa Susana, do Pilar), palco da música, pavillóns, estanques (de Méndez Núñez), fontes (de San Clemente, do Pilar, dos Condes de Altamira), complexos de escalinatas, miradoiros (do Campus Universitario, da Catedral), bancos (con especial mención para os de Sargadelos); un rico mostrario

escultórico (Marías, Castelao, Valle-Inclán, Méndez Núñez, Rosalía de Castro, País Lapido, Leiteira); e un inventario florístico caracterizado pola súa diversidade, moi superior ao centenar de especies.

Pesan máis os atributos alleos que os méritos propios á hora da catalogación e posta en valor de "A Perona", cuxa fama non se debe tanto a cuestións de talle ou antigüidade como ao feito da súa vinculación a María Eva Duarte de Perón, esposa de Juan Domingo Perón, presidente de Arxentina, sendo plantada con motivo da visita e estancia da ilustre dama en Compostela no ano 1947.

É tal a entidade que reviste o establecemento xardinístico que non entendemos como non forma parte dos BIC, coa consideración de Xardín Histórico, estando sobrado de méritos intrínsecos e atributos extrínsecos para poder conseguir tal declaración. Cuestión pendente que, así o esperamos e desexamos, precisa, máis pronto que tarde, un tratamento e atención acordes coa razón de ser e de existir deste senlleiro ámbito verde santiagués.

CARBALLEIRA DE SAN LOURENZO DE TRASOUTO

Santiago de Compostela

En orixe, a Carballeira de San Lourenzo de Trasouto forma parte dunha extensa masa boscosa de maior extensión, situada arredor do Mosteiro de San Lourenzo de Trasouto, ben patrimonial pertencente aos condes de Altamira, en réxime de usufruto, entre os séculos XIV-XIX, ao servizo da Orde Franciscana, ata a súa supresión por mor da Desamortización de Mendizábal, tal como informa Atanasio López (1933-34):

"Suprimida la comunidad de San Lorenzo en el año 1822, presentó la Casa de Altamira documentación reclamando la propiedad del convento y fincas donadas por los Condes de Altamira, a quienes después de la excomunión del año 1835 fue reconocida por el Estado la propiedad, teniendo en consideración los documentos citados, en los cuales, según se dice, los religiosos reconocen a los Condes de Altamira como propietarios del convento, fincas y bosque de San Lorenzo, que dichos condes habían donado a título de limosna, por lo cual, suprimida la comunidad, revertía a sus primeros dueños o sea a los donantes".

A actuación dos descendentes dos condes de Altamira salvou o convento da destrución á que irremisiblemente estaba condenado, pero no intento, os entón titulares non conseguiron demostrar os seus dereitos sobre as carballeiras de San Lourenzo e de Santa Susana, quedando definitivamente como bens públicos en poder municipal. Aos méritos propios que emanan das características individuais e da antigüidade da formación arbórea, hai que engadir as calidades procedentes do contorno, que potencian o seu valor, por encontrarse pegada ao Convento de San Lourenzo e inserida no barrio de San Lourenzo da cidade apostólica. Sirva como ilustración a cita literaria de Rosalía de Castro (1982), que lle dedica un sentido poema ao Pazo de San Lourenzo en *Follas novas*, escrito no ano 1880, no que alude expresamente á carballeira:

"O mirar cál de novo nos campos

iban a abrochá-las rosas

dixen: "¡En ónde, Dios mío,

iréi a esconderme agora!"

E penséi de San Lourenzo

na robleda silenciosa.

Nalgún tempo aqués vellos carballos,

amostrando as súas raíces,

calva-las redondas copas

que xa de musgo se visten,

ás tristes almas falábanlles

tan soio de cousas tristes".

XARDÍN BOTÁNICO DE FONSECA
Santiago de Compostela

"Corresponde a Santiago de Compostela el honor de contar con uno de los jardines públicos más antiguos de Galicia, vinculado a la Universidad Compostelana. Dicha institución, igual que otras de ámbito nacional y extranjero, optó por la creación de un Jardín Botánico Universitario, destinado al servicio de la ciencia y de la sociedad, convirtiéndose en el primero de la Ciudad del Apóstol y de Galicia y, por supuesto, en el más Occidental de Europa. Su fundación se produce en el año 1845, aunque su creación es anterior, datando del primer cuarto de siglo". Serve este resumo de Rodríguez Dacal (1997a), tomado do seu libro sobre xardíns galegos, para coñecer as orixes, o funcionamento e a finalidade deste escenario sobranceiro na historia da xardinería do Fogar de Breogán, cuxo nome verdadeiro é Xardín Botánico de Fonseca, situado en pleno corazón da zona vella, en veciñanza coa catedral de maior celebridade e universalidade no mundo cristián.

Rodríguez Dacal e Izco (1994a), en *El jardín de los pazos gallegos. Espacio de recreo y fuente de recursos*, completan esta referencia histórica: *"En los primeros años, prestó servicios a las Facultades de Medicina y Ciencias y, desde su creación en 1857, a la de Farmacia. Su ubicación original fue el Patio de Fonseca, sede de las facultades, sufriendo progresivas mermas dimensionales, que llegan a hacerle perder hasta un 35% de las 20 áreas iniciales, por necesidades de ampliación de centros. Estas causas aconsejan, en 1945, la conveniencia de su traslado al Campus Universitario Sur, en la zona de «La Residencia». A partir de este momento, y hasta 1964, se hace cargo de su gestión el catedrático de Botánica Francisco Bellot, profesor de la Facultad de Farmacia compostelana, interesándose y presentando fórmulas de conservación. Desde su marcha a Madrid, el Jardín Botánico se viene abajo, pero no llega a desaparecer, ya que no hay evidencias de que la Universidad santiagoense renuncie expresamente al proyecto ni clausure el antiguo".*

A creación oficial dun novo xardín botánico por parte da Universidade de Santiago, proxecto que esperamos se converta nunha realidade no prazo de tempo máis curto posible, despois de moitos anos de demora, fai que miremos con nostalxia para o antigo Xardín Botánico de Fonseca, do que pouco queda hoxe en día dos vellos esplendores. Un portalón de entrada, que fala da fundación do establecemento na cara interna do lintel da porta; unha fonte de pedra, de cunca tetralobulada e artístico chafariz, en posición centrada; unha reixa metálica sobre muro, que deixa ver o que hai dentro; e algunhas árbores, con todo o protagonismo para unha parella de vetustos xinkgos, representados por un macho e unha femia, recollidos nos catálogos de Rodríguez Dacal e Izco (2003) e da Diario Oficial de Galicia (2007b), como árbores monumentais e senlleiras, respectivamente; sendo citadas tamén no libro *Árboles singulares de España* (Galicia, Antonio Rigueiro, 2004).

PAZO DO GADO
Sobrado

O Pazo do Gado atópase na capital do concello de Sobrado, na parroquia de San Pedro de Porta –cuxo topónimo forma parte do nome propio da árbore senlleira, Freixo de Porta–, no ángulo sudoriental da provincia coruñesa, en posición limítrofe coa provincia lucense, localizándose no seu núcleo urbano, cerca do célebre mosteiro cisterciense. En realidade, a pesar de que a propiedade responde ao modelo de pazo, non goza das atribucións e das excelencias xenuínas das mansións residenciais máis reputadas do país, cunha casona que non alcanza a categoría de palacio, en medio dun vasto territorio no que a masa forestal (gran carballeira mesturada con castiñeiros e bidueiral; existindo tamén repoboacións de piñeiro e de eucaliptal) e a pradería impoñen o seu dominio fronte ao xardín, compartimento practicamente irrelevante.

Na pista de acceso á casona, inseridos no predio señorial, aparecen agrupados catro freixos de folla grande (*Fraxinus excelsior*), de características similares.

Dentro do capítulo de méritos e atribucións que lle corresponden a este freixo, que xustifican a consideración que

se lle outorga, ademais do seu porte, a súa idade e o seu estado de conservación, como argumentos en favor da potenciación do seu valor, destacan, desde o punto de vista artístico, a presenza do Mosteiro de Santa María de Sobrado dos Monxes, mentres que nun ámbito natural, o que máis chama a atención é un encoro do río Tambre: a lagoa de Sobrado.

O Mosteiro de Santa María de Sobrado dos Monxes –monumento histórico-artístico nacional desde 1931–, cos seus tres claustros e a igrexa, pasa por ser unha das xoias máis rutilantes do patrimonio monacal galego e español, despois de superar os mil anos da súa fundación, destacando ao longo da súa dilatada historia a construción do novo mosteiro, entre os séculos XVII e XVIII, e a restauración acometida na década de 1950, que o salvou do estado ruinoso desde a desamortización de Mendizábal.

A lagoa de Sobrado dos Monxes, próxima ao pazo e fonte de subministración tradicional de auga ao mosteiro –situada practicamente no nacemento do río Tambre, nunha zona próxima á capital municipal; depósito acuoso, artificial e regular en canto á súa forma, alimentado polas augas dos regatos Pontevirtude e Rudelo– goza da declaración de espazo natural protexido galego (González Rodríguez et al., 1995), converténdose nun dos atractivos da zona e en lugar de visita obrigada por parte de colectivos científicos e sociais.

CASTELO-PAZO DE SOUTOMAIOR

Soutomaior

Pedro Álvarez de Soutomaior, coñecido popularmente como Pedro Madruga, é o titular de maior sona e celebridade da liñaxe do Castelo-Pazo de Soutomaior. Estamos na segunda metade do século XV e, daquela, a fortaleza atravesaba por momentos de esplendor, por ser o dono un dos personaxes máis senlleiros de Galicia. Home que se distinguiu principalmente polo seu carácter belicoso, participou en moitas das contendas militares do tempo que lle tocou vivir, con distinto éxito e fortuna, non en van en dúas ocasións saíu perdedor e asistiu con impotencia á destrución da súa fortaleza.

Pero, a dicir verdade, a historia de Soutomaior non empezou con este líder lendario de finais do Medievo, xa que as orixes, a través dunha torre, de traza sinxela e de pouca monta, remóntanse ata o século XII. A paisaxe, ao longo destas centurias, estaba dominada pola flora agrícola e forestal, sen presenza de xardíns e de plantas ornamentais. A toponimia do lugar e do castelo –Soutomaior– é concluinte, aludindo a un territorio de grandes dimensións poboado de castiñeiros, cuxos derradeiros representantes morreron hai poucos anos, quedando unha parella de árbores pluricentenarias que locen os impresionantes esqueletos de madeira, reducidos a eixes troncais. Na Idade Moderna, o de Soutomaior, como tantos castelos galegos, pasou por unha longa etapa de decaemento, por falta de uso e ausencia prolongada dos titulares, de tal maneira que haberá que esperar ao derradeiro terzo do século XIX, no goberno de Antonio Aguilar Correa y Soutomaior, Marqués de la Vega de Armijo, para que adquira a verdadeira dimensión de pazo, rodeado por un proxecto xardinístico de gran entidade. Ninguén mellor que a Marquesa de Ayerbe (1905), na obra monográfica que escribiu sobre o castelo e a liñaxe familiar, para coñecer a achega deste significado personaxe:

“ En 1870, buscando los Marqueses de la Vega de Armijo y de Mos un lugar en que poder fijar su residencia de verano, visitaron el Castillo de Sotomayor. Verlo y decidirse a restaurarlo fue todo uno, sin que les arredrara la necesidad de hacer caminos, lo gigantesco de la obra emprendida, la creación de los jardines que han sustituido a los campos de maíz, la construcción de cañerías, conductos de agua, etc., etc., y sin que interviniera en la obra ningún arquitecto que al querer perfeccionar la restauración pudiera, con inhábiles reformas, destruir el sello de antigüedad y de grandeza anejo a la tosquedad de algunas construcciones”.

A primeira metade do século XX transcorre con altibaixos, atravesando algúns momentos con máis pena que gloria, pasando por sucesivas mans privadas, con especial mención para Eugenio Carlos de Hostos y Ayala e a súa familia,

que se preocuparon pola mellora do pazo no tempo en que foron donos, ata a súa venda na década de 1970, converténdose en ben de titularidade pública, pertencente á Deputación Provincial de Pontevedra. Desde entón, un proxecto restaurador, que afecta ao mundo arquitectónico e botánico, devólvelle vellos esplendores, sendo na actualidade un modelo señorial cara ao que hai que mirar polas excelencias que acapara como castelo e como pazo. De tal maneira que segue sendo válida a afirmación expresada hai xa máis dun centenar de anos por López Otero (1900): "*Salí del Castillo dudando si aquel fue palacio, si cuartel, y baluarte o si ambas cosas en una sola pieza*". A arquitectura de Soutomaior está dominada pola fortaleza, presidida polas torres e os lenzos ameados, a capela, a pousada, o pavillón agrícola, a casa do garda, o muíño, os estanques, as fontes, as fervenzas, o lavadoiro, as canalizacións, os muros, as pérgolas, as esculturas, as mesas, os bancos e a mole rochosa natural. Todo magnificamente conservado e en estado de revista permanente, para uso e gozo de visitantes que se acercan anualmente por millares.

A natureza verde do pazo mostra unha perfecta ordenación da paisaxe, en ámbitos ben diferenciados a teor da utilidade da flora. Os xardíns, indisolublemente unidos ás plantas de ornato; os cultivos agrícolas, con claro protagonismo para as especies froiteiras e vitícolas; e o bosque, baseado en árbores forestais.

No tocante á xardinería, no pazo hai cinco compartimentos: parque, residencia, campo agrícola, capela e bosque, sendo o parque o motivo central do noso interese, por concentrar unha parte importante do rico mostrario que almacena a posesión, superior ás cen especies, cun abundante cargamento de árbores pertencentes a plantacións pretéritas.

CASA DE RAMOS

Taboada

A ninguén se lle escapa que o de Ramos é un dos carballos por excelencia do país galego. Calquera persoa que se achega ata a vila capital axiña se decata da importancia deste cualificado representante do patrimonio arbóreo da nosa terra, posuidor dunha arquitectura singular merecedora de toda clase de recoñecementos e admiracións por parte do observador. Unha maneira de descubrir o interese deste carballo, cuxa celebridade é de tal magnitude que transcende máis alá da nosa xeografía, é a consulta do apartado de datos histórico-culturais do catálogo de árbores sobresalientes, que di o seguinte:

"Cuenta la tradición que la parroquia de Sto. Tomé do Carballo debe su nombre al presente ejemplar, denominado «O Carballo de Ramos». Su fama y popularidad es inmensa, teniendo constancia de que era punto de cita para la reunión y deliberaciones de los jefes locales durante las Guerras Carlistas. Son abundantes las citas bibliográficas, desde el escritor monfortino Moure Mariño hasta correspondientes locales, poetas, etc..., suponiendo un gran orgullo para toda la villa de Taboada".

Por ser un dos seus puntos fortes, non podemos nin queremos silenciar o uso como motivo literario, destacando sobre todo as composicións poéticas que o cantan. Como botóns de mostra, reproducimos unha cuarteta de Trapero Pardo (1964), que ten o carballo como protagonista; pero, nunha orde cuantitativa, a produción máis significativa vén avalada pola firma de Sócrates Rigueira Ramos, xuíz de paz e home de gran cultura, da que se insire unha pequena mostra.

"En tod-ás terras de Lugo

n-hay vila coma Taboada:

tén o carballo á saída,

tén a San Roque na entrada".

(Trapero Pardo).

"¡Mítico roble, Carballo de Ramos!

Lanzas al viento tu copa verdosa,

*mirando al cielo de una villa hermosa,
y en la campiña, tu canto escuchamos".*

(Sócrates Rigueira Ramos).

Goza dunha localización moi favorable, que tamén contribúe positivamente á súa posta en valor, non en van forma parte do tecido urbano da vila, aínda que está en posición periférica, na parroquia de Santo Tomé do Carballo, cerca da igrexa e detrás da Casa de Ramos –apelido da familia outrora propietaria, feito que xustifica o nome que recibe–, nun contorno que no pasado foi carballeira, da que permanecen en pé uns poucos exemplares, encabezados por este rexistro sensacional. Nos derradeiros anos, o predio que o contén foi poboado cunha plantación froiteira multiespecífica (maceiras, castiñeiros, nogueiras) cuxos crecementos e desenvolvementos dos individuos compoñentes producirán unha ocultación e mingua do campo visual do monumento vexetal.

PAZO DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA

Vedra

"Pocos, muy pocos parques y jardines botánicos públicos y particulares, sin exceptuar los de muchas capitales de primer orden, pueden ostentar tanta variedad, riqueza y hermosura, ni brindar con tanta magnificencia de naturaleza y arte".

Con sabedoría e brevidade, Areses Vidal (1951) indica o significado e a razón de ser desta propiedade señorial do país ullán, integrante do grupo máis selecto dos pazos galegos partindo dos seus merecementos artísticos e naturais. A casona tipo pazo, a capela, o curralón, o invernadoiro, o muíño, os estanques, os portalóns, as fontes, as pérgolas e a bóla do mundo son os elementos que acaparan o maior protagonismo construtivo. O mundo botánico está representado polas paisaxes, os agros, os xardíns e as plantas, que poñen unha nota de cor e de vida no predio. Armada Comyn (1983), titular actual, expresa nun parágrafo revelador o legado recibido, do que se converte en celoso conservador: *"Santa Cruz de Ribadulla es mi solar. Allí está el pazo, que hoy es jardín, con una casa grande. Pasó de casa a torre, de torre a granja, de granja a jardín. ¿Cómo se ha formado el parque, cómo se han reunido los libros de la biblioteca, de donde vinieron las plantas?... Esa es la historia del pazo"*. Con anterioridade, outros personaxes deixaron a súa pegada, distinguíndose polas súas actuacións arquitectónicas e botánicas.

Juan Ibáñez de Mondragón "O Fundador", compra o casarío e a torre de Ortigueira a principios do século XVI, arranxa a casona, levanta a muralla, dálle a primeira traza ao predio e planta o oliveiral. Andrés Ibáñez de Mondragón –o Primeiro Marqués– (1645-1709), amplía e une o palacio e a capela, constrúe estanques e fontes e actúa na fervenza. Juan Antonio Armada Ibáñez de Mondragón –o Ilustrado– (1722-1787), distingue polo fomento da oleicultura e a sericicultura, sendo o artífice da plantación da carreira de buxos. Juan Ignacio Armada Ibáñez de Mondragón –o Literario– (1757-1824), ao noso xuízo, ve chegar as primeiras camelias e magnolias grandifloras. Juan Antonio Armada Guerra –o Marqués Vello– (1757-1824), contempla a plantación dos primeiros eucaliptos. Iván Armada y Fernández de Córdoba –o Tío Iván– (1845-1899) é o verdadeiro artífice dos actuais verxeis e forestas, plantando centos de especies e milleiros de plantas, encargándose tamén da construción do invernadoiro.

As 36 ha que totalizan a superficie territorial do Pazo de Santa Cruz de Ribadulla dan para moito, permitindo a coexistencia de diversos compartimentos terreaís con nome propio: entrada; estanque grande e bóla do mundo; estanque redondo invernadoiro e muíño; fervenza; xardín do sol; carreira de oliveiras; campo agrícola e bosque. Compartimentos cuxa visión unitaria fan da nobre posesión un inmenso e excelso xardín poboado por plantas forestais, agrícolas e ornamentais. Para obter unha idea da grandeza verde, nada mellor que reproducir un fragmento da descrición feita no *Diario de una peregrinación*, no último cuarto da centuria decimonónica, por Fernández Sánchez e Freire Barreiro (1880-1885):

"Pasan de dos mil doscientos los frutales, sin contar muchos cientos de olivos, castaños, nogales, naranjos y limoneros; no bajan de quinientas las especies de árboles y arbustos de adorno, la mayor parte de los cuales en vano se buscarían en quintas que gozan de merecida fama; los forestales, muchos de ellos exóticos, no pueden reducirse a número; quizás

no falta ninguna de las variedades conocidas de eucaliptos; por todas partes se encuentran bojés de increíble corpulencia; de una interminable calle de manzanos, perales y avellanos, pasáis a otra y otras de mimosas que en una pasmosa longitud roban su imperio al sol; ¿y quién podría contar las infinitas plantas y flores de suave aroma y vivísimos e incomparables matices que esmaltan aquel paraíso?'

ALAMEDA DA PRAZA DE COMPOSTELA

Vigo

A imaxe actual da Alameda da Praza de Compostela é a dunha zona pechada entre rúas e edificios, que restrinxen ao mínimo o seu habitáculo, mingúan notablemente o seu campo visual, condenando as plantas a unha competencia ambiental permanente. Evidentemente, co paso do tempo, a cidade de Vigo non tratou como se merecía este establecemento verde, que pasa por ser o primeiro xardín urbano público da cidade olívica, creado en 1828, como se pode ler no *Expediente formado por el Ilustre Ayuntamiento sobre Limpieza y buen Orden de Calles, Obras echas en el Arenal en Terrenos del Pueblo, y Plantío de Alamedas en el mismo Sitio del Arenal con lo más que contiene* (Arquivo Municipal de Vigo): *"y promover al par de otra calle, especialmente desde el convento de las Monjas hasta la puerta de la Gamboa, la planificación de una alameda que sirba de paseo y recreo de los habitantes y transeúntes, y hermostee el mismo Pueblo"*.

Ao longo do dilatado curso existencial, a alameda viguesa foise cargando de historia, de cultura, de arte, de equipamento mobiliario e de contido florístico. De todos os eventos e acontecementos ocorridos, que foron moitos, como lle corresponde a un recinto que axiña vai acadar o par de séculos, son dignos de mención dous. En primeiro lugar, o cambio de emprazamento ata o lugar que ocupa hoxe en día, do cal proporciona abundante información o *Proyecto de Paseo y Jardines en la Alameda* (Arquivo Municipal de Vigo), firmado por Domingo Rodríguez Sesmero, arquitecto municipal, con data do 4 de maio de 1882. En segundo termo, seguindo unha orde cronolóxica, o outorgamento da denominación "Alameda da Praza de Compostela, no ano 1935, segundo obra no *Expediente de Nombramiento de la Plaza de Compostela* (Arquivo Municipal de Vigo).

O xardín –que consta de tres compartimentos ben diferenciados: parterre occidental, parterre da fonte das cadeas e parterre oriental– responde a un estilo dominado pola formalidade, con trazos de paisaxismo achegados pola masa arbórea que crece en liberdade. A pesar de que é importante desde o punto de vista estrutural –coa súa planta case rectangular e as súas partes compoñentes ordenadas ao longo dun eixe lonxitudinal central que atravesa o recinto de principio a fin–, interesa de igual maneira o arboredo que contén, de gran vetustez e monumentalidade.

PASEO DE AFONSO XII

Vigo

Vigo, un dos concellos urbanos máis extensos e o de máis poboación de Galicia, ten na súa capital unha cidade marítima que adquire por merecemento o rango de metrópole cosmopolita, sendo tal a entidade alcanzada que na actualidade é un dos núcleos urbanos máis prestixiosos da fachada atlántica galego-portuguesa. Inmerso no rico acervo patrimonial que destaca en todas as fronteiras e ramas do mundo do saber e formando parte dos seus sinais de identidade, unha especie arbórea, a oliveira, ocupa un sitio de honor e significa moito para a cidade e as súas xentes, de tal maneira que, sen o seu concurso, nada sería como é no ser e existir histórico vigués.

Sirvan as palabras de Meijide Pardo (1964), tomadas dun interesante artigo sobre a oleicultura galega, para dar comezo á descrición da oliveira, como exemplar illado de maior fama e notoriedade do país. Árbore ligada en orixe á Colexiata de Santa María, templo antiquísimo que remonta a súa fundación á Idade Media, en cuxo adro viviu ata principios da centuria decimonónica unha oliveira formidable que acabou por desaparecer a causa das obras de

remodelación acometidas na construción eclesiástica:

"No dejemos de lado, por su valor simbólico, al célebre y asombroso olivo que creció en el atrio de Santa María, iglesia-colegiata de Vigo, hasta que fue cortado en 1816, según un testimonio coetáneo. Por la extraordinaria magnitud del tronco y de sus ramas, lo que evidencia una lejanísima cronología, por lo que los nativos de Vigo eran nombrados –escribió Taboada Leal– con el timbre o título de Hijos de la Oliva. Así, en 1813, el Concejo vigués solicitó fuera suprimida la concha del escudo de la ciudad –por representar símbolo de reconocimiento servil o vasallaje hacia el Arzobispo de Santiago, quien nombraba alcalde y regidores del Municipio– y sustituida aquélla por un magnífico olivo con que, desde tiempo inmemorial, se hallan enriquecidos sus naturales, que son conocidos por razón de tan frondoso árbol como Hijos de la Oliva".

Contan as crónicas que, antes da desaparición da oliveira orixinal, un vigués ilustre fixo un gallo dunha rama, que enraizou na horta da súa casa familiar, obtendo un fillo lexítimo que, algunhas décadas despois, foi plantado por vontade dos seus descendentes no lugar que ocupa hoxe en día, a Praza de Afonso XII, en pleno núcleo histórico, converténdose en sucesor e continuador da fama e da tradición iniciadas polo seu predecesor. O pobo de Vigo, a través dunha cartela inserida na reixa metálica que rodea o emblemático monumento vexetal, deixa constancia da súa vinculación e da súa consideración: *"Dentro de esta verja, ofrenda de los vigueses a su árbol simbólico, queda hoy depositada por ellos la promesa firme de su amor, de su lealtad y de su abnegación por la ciudad amada. 14 - agosto - 1932".*

PAZO DE CASTRELOS

Vigo

Pérdense no tempo as orixes do Pazo de Castrelos, que nace como unha fortificación militar e defensiva –Torre de Lavandeira– a finais do Medievo. Con poucas fontes documentais de apoio, pola lenda dun escudo da fachada frontal do edificio señorial, que data do ano 1670, descubrimos un cambio de situación e cometido, transformado en pazo, experimentando o proxecto fabricacional sucesivas actuacións e engadidos ata a primeira metade do século XX. A visita á propiedade do pazo, ben municipal vigués pertencente ao Patrimonio Artístico Nacional desde o ano 1955, non deixa lugar a dúbidas da súa relevancia, tratándose dunha das manifestacións do seu xénero de maior entidade do país galego e da xeografía española.

Historicamente, estamos ante un pazo con dúas etapas claramente diferenciadas no seu dilatado curso existencial: unha privada, que abarca varias centurias, e outra pública, a partir da primeira metade do século XX, por doazón ao pobo vigués feita por Fernando Quiñones de León y de Francisco-Martín. Na fase municipal leváronse a cabo moitas obras, algunhas discutibles e pouco afortunadas, pero, na actualidade, un paseo polo nobre predio deixa claro o feito de que, por dereito propio, é unha verdadeira xoia que asimilou ben o andar dos anos. Así pensan López-Chaves e Amor Moreno (1988): *"supo adaptarse, en tiempos recientes, a su última finalidad, cual es la de ser un pazo al servicio de un pueblo, que sabe conjugar la doble función cultural y recreativa, pues, además de realizar una gran labor como museo y teatro, el parque público es la zona verde más importante de Vigo".*

Unha vintena de hectáreas totalizan a superficie do terreo do pazo, constituíndo a súa paisaxe un regalo para os ollos do espectador, que se encontra ante un espectáculo dunha fermosura sen parangón, froito da conxunción equilibrada e harmónica dos xardíns e as plantas. Xardíns que responden ao modelo pechado e con terrazas, xenuíno dos pazos, que estruturalmente engloban oito compartimentos: patio de entrada, rosaeda, xardín xeométrico, pradería do té, pradería hortícola, ría, bosque axardinado e parque. Cun gran protagonismo para a rosaeda, o xardín xeométrico e a pradería de té –pola súa estrutura, o seu contido e a disposición en terrazas– e tamén para a última parcela, que a xente denomina popularmente como Parque de Castrelos, por ocupar a maior parte do territorio, dando lugar a máis dunha confusión para os usuarios ao entender que se trata dun xardín independente que non ten nada que ver co pazo, cando iso non é certo.

Indagando acerca da creación do proxecto xardinístico, non hai unanimidade con respecto ás súas orixes, que con toda seguridade se poden situar na segunda metade do século XIX, previsiblemente no derradeiro cuarto, en tempos de Fernando Quiñones de León y de Francisco Martín, Marqués de Alcedo, sendo continuadas as obras iniciais polo seu fillo, Fernando Quiñones de León y Elduayen, Marqués de Valladares.

Durán-Loriga, nos cadernos de notas de viaxes palacianos, escribiu: *"Sin faltar en ellos aquella característica regional que hace del jardín gallego algo indefinible por su melancólico abandono, se percibe en estos de Castrelos una cuidada ordenación, dentro de un sentido natural, que le asimila a ciertos jardines ingleses, fruto, sin duda, de las reformas relativamente recientes efectuadas por el Marqués de Alcedo y su hijo"*. Pola súa banda, Martín Curty (1987), en *Los jardines cerrados*, incide no tema: *"La personalidad fundamental de este periodo es D. Fernando Quiñones de León, marqués de Alcedo. Bajo su tutela, se ejecutan los jardines a que da frente la fachada posterior del edificio (...). Es justamente en el límite de los siglos XIX y XX, cuando toma posesión del pazo el hijo del citado Marqués de Alcedo, D. Fernando Quiñones de León y Elduayen, generalmente conocido como el «Marqués de Valladares», aunque también ostentaba el título de Marqués de Mos. El Marqués de Valladares es el encargado de efectuar las últimas modificaciones que podemos ver en el estado actual del conjunto"*.

O mundo arquitectónico de Castrelos constitúe un dos atributos primordiais, encabezado polo conxunto construtivo formado polo palacio, a capela e a ala de servizos –que albergan prezadas coleccións pictóricas e arqueolóxicas– en compañía doutras pezas e elementos, de moita categoría, como o pombal, os estanques, as fontes, as murallas e muros, os ceadores, os pórticos, as pérgolas, as mesas, os asentos, as garitas, es escudos, as pilastras, as maquetas –no centro do estanque da pradería do té aparece unha réplica do pazo, de moito interese fabricacional e gran vistosidade–, o auditorio, a ría, o palco musical, as esculturas, o invernadoiro, as escalinatas, etc.

Posúe 4 rexistros no *Catálogo de árbores senlleiras*; "Matusalén" das Camelias, Eucaliptos, Faias e Tulipeiros. De todos eles, o "Matusalén" das Camelias é a árbore que acapara máis atencións, por posuír unha posición envexable, a carón do pazo, gozando dun amplo campo visual, bo estado de conservación e unha antigüidade secular. As árbores monumentais e senlleiras son a punta de iceberg dunha listaxe florística caracterizada pola súa diversidade, superando o centenar de especies, e pola gran cantidade de plantas que se dispoñen illadamente e formando conxuntos.

PAZO DE RUBIÁNS

Vilagarcía de Arousa

Seis centurias contemplan o ser e existir do Pazo de Rubiáns, enclavado no ámbito xeográfico da ría de Arousa, nun lugar que dispón dunhas condicións ambientais inmejorables para a natureza verde que, no caso que nos ocupa, conta con magníficas manifestacións paisaxísticas, agrícolas, xardinísticas e florísticas. De tal maneira que a ninguén se lle escapa o indiscutible protagonismo que acapara o mundo botánico nesta propiedade señorial arousá. *"Esta Casa fezo Don García de Caamaño. Año 1411"*. Esa é a lenda inscrita nunha pedra que repousa sobre o portalón de entrada ao predio, que revela ao visitante as orixes, a través dunha casa-forte, presidida por unha torre, mandada construír por tan nobre titular, nas proximidades da que se desenvolveu unha vila que comezou sendo un burgo mariñeiro e acabou adquirindo pronto rango de vila co nome do fundador: Vila de García, é dicir, Vilagarcía. A fortaleza vai pasando por distintas fases construtivas ata que na segunda metade do século XVIII adquire a condición palaciana, en tempos de Juan Gayoso de Mendoza y Caamaño. No primeiro cuarto da centuria decimonónica, o palacio experimenta unha importante remodelación que o aproxima bastante á configuración que presenta na actualidade. A Marquesa de Casa Valdés (1973), membro da liñaxe familiar, fálanos da dita actuación: *"En el siglo XVIII pleiteó largamente Rubianes sobre la tenencia del señorío con las Casas de San Román y Duque de Alba, pero fue confirmado en la posesión D. Miguel Gayoso, Señor del pazo. Al tomar posesión de la de Rubianes, que encuentra semidestruida, describe la Casa, habla de la Torre, que ya no existe, y de la Capilla. Gayoso, desterrado en Francia por los sucesos napoleónicos, manda se arregle Rubianes para retirarse a él y es derribada la Torre, cortado el pazo y conservando"*

gárgolas, molduras, escudos, por cierto muy interesantes, y otros elementos, queda la casa en la traza que hoy se ve. Esto ocurrió hacia el año 1818.*

Un paseo pola zona descúbrelle ao espectador un patrimonio pétreo que destaca por cantidade e calidade, encabezado por catro elementos moi significados (mansión palaciana, capela, vaquería e pombal), en compañía dun hórreo, dun cruceiro, dunha pérgola-emparrado, de estanques, de fontes, de portalóns e doutros edificios espallados pola posesión. O palacio, a capela –que data do ano 1598– e a vaquería –construción agropecuaria con patio interior, cun cuarto de milenio de antigüidade–, en estreita veciñanza territorial, constitúe o conxunto fabricacional máis prezado do pazo, sendo determinantes de cara á súa posta en valor.

Ao remate das obras de transformación da fortaleza en pazo, aparecen as primeiras manifestacións xardinísticas, con pouca información ao respecto, das que se conserva hoxe en día a pantalla de buxos plantada no contorno do estanque de ras, en situación afastada en relación co palacio. Haberá que esperar ata a segunda metade do século XIX para asistir á potenciación deste quefacer, contratando os donos un reputado especialista que vén do país galo: Martín Dorgambide. Con posterioridade, cara a finais de século, e ao longo do XX, acometeranse novas obras xardinísticas.

A flora de Rubiáns é un dos principais atractivos do pazo, resaltando pola súa diversidade, superior ás cen especies, e pola cantidade de rexistros incluídos no catálogo de árbores senlleiras: alcanforeiros, magnolias grandifloras e eucaliptos. Unha parte considerable dos alcanforeiros espallados pola xeografía galega proceden de Rubiáns. As magnolias son dos exemplares máis vellos do país galego. A colección de eucaliptos destaca pola entidade dos pés compoñentes, moitos considerados como “fóras de serie” pola súa envergadura portal. Un apunte máis é a aposta do pazo a favor da exaltación da camelia, que destaca en termos cuantitativos e cualitativos, por dispoñer dunha cuantiosa masa, algúns de cuxos individuos obtiveron os galardóns máximos (camelias de ouro) no concurso-exposición da camelia das Rías Baixas (Pontevedra, Vigo, Vilagarcía), salientando tamén que aquí se plantou o primeiro exemplar de *Camellia crysantha*.

XARDÍN DE ARTIME

Vilagarcía de Arousa

En pleno núcleo poboacional, na parroquia de Santiago de Carril, en disposición paralela á coñecida e popular praia Compostela, da que está separado por unha vía circulatoria, sen necesidade de entrar no recinto, unha serie de elementos arquitectónicos –reixa metálica sobre muro– e florísticos –representados por grandes árbores, que alzan as súas arquitecturas copais ata o ceo– poñen de manifesto a existencia dun espazo axardinado que se supón antigo e valioso. Quen así pense non se equivoca un pelo na súa consideración inicial, aínda que a realidade do contido, visto desde dentro, produce unha sorpresa inesperada polo deficitario estado de conservación que presenta o lugar. Un paseo polo que queda do Xardín de Artime –dividido en dúas partes por unha avenida central que comunica a entrada co edificio residencial, paseo arborado de magnolias grandifloras e camelias– provoca no espectador sensacións encontradas, derivadas da observación do triste panorama, caracterizado polo descoido e abandono que vén os seus ollos e da análise do que debeu de ser en tempos pretéritos a xulgar polos elementos xardinísticos e florísticos espallados por todas partes. Certamente, a visión actual –na que o aspecto selvático serve para definir a situación que atravesamos, motivado pola gran densidade vexetacional e os cuantiosos desenvolvementos corporais conseguidos polas árbores, que ocupan boa parte do terreo– dista moito da posta en valor do proxecto creativo decimonónico, de grandes pretensións, tanto nunha orde cuantitativa –non en van abarcaba maior extensión superficial, de tal maneira que chegaba ata o mar e o ferrocarril– como cualitativa, pola perda de parte da estrutura e do deseño estrutural e dunha porción dos elementos florísticos orixinais.

No tocante á flora, cómpre subliñar a importante presenza de árbores correspondentes a plantacións pretéritas, que dominan o recinto e deixan unha pegada considerable polas dendrometrías acadadas.

Ramón Pérez Santamarina, a finais do século dezaioito, adquire o predio coa finalidade de instalar unha fábrica de curtidos, sendo o responsable da construción do edificio palaciano. Terán que pasar algunhas décadas para constatar a creacións do xardín primitivo, cara a mediados da centuria decimonónica, en tempos de Benigno Artime. Logo, a finais, no goberno de Joaquín Martínez García, o espazo axardinado experimenta un importante proceso de restauración, acondicionamento e mellora. Ao longo do século pasado as cousas cambian e van a peor co andar dos anos, atravesando desde hai algunhas décadas por unha fase decadente.

PRAZA SUSO GAIOSO

Vilalba

Vilalba forma parte da extensa comarca da Terra Chá, que é grande de seu por unha chea de razóns (históricas, artísticas, culturais e naturais) e tamén xeográficas, non en van é o segundo concello galego de maior superficie territorial, cunha trintena de parroquias, case medio milleiro de entidades poboacionais e alta densidade de habitantes. A terceira parte, residentes na vila capital, teñen a oportunidade de ver a diario este emblema verde que logrou acuñar nome propio –«Pravia» é a denominación máis utilizada, xunto cunha segunda designación, «Pradia», de menor emprego–, do que non hai unanimidade á hora de buscar a súa orixe toponímica, como se pode ver no apartado de datos histórico-culturais do *Inventario de árbores sobresaíntes galegas* (Xunta de Galicia, 1985): *"Ej. conocido por la zona por su buen porte y belleza, especialmente en la localidad de Villalba. Se dice que fue plantado por un asturiano de Pravia y que de ahí le viene el nombre. Sin embargo, dudamos mucho de que este punto sea correcto, siendo más razonable que el nombre de «Pradia» o «Pravia» sea un derivado de «Pradio», «Pradoiro» o «Pradairo» que es como se denomina por la zona al Acer pseudoplatanus"*.

Ninguén que se achega ata Vilalba sae da vila sen ver este singular exemplar, que reside no centro urbano, ao bordo da rúa da Pravia –outroa rúa Xeneral Franco, optouse por cambiar a denominación, hai uns anos, en apoio e recoñecemento de tan entrañable árbore–, de porte vistoso, tanto polos catro brazos como pola copa aparasolada, que recorda o formato dos piñeiros mansos.

Vázquez Cernadas (1993), en *Galicia pueblo a pueblo*, faise eco deste carismático elemento do patrimonio municipal o falar da cultura, dos monumentos e do turismo: *"La vila de Vilalba, situada casi en el centro geográfico del término, constituye un buen punto de partida para una visita a estas tierras chairegas. La Pravia, un simbólico viejo arce, nos da la bienvenida a la villa, en la Plaza de Suso Gayoso, donde también se encuentra la Fonte da Carretera y la Casa de la Cultura que alberga un Museo de Arqueología e Prehistoria. En sus proximidades, se encuentra la torre del Homenaje, hoy Hostería dos Condes de Vilalba, que constituye el monumento emblemático del municipio"*.

BARRIO DA MISERICORDIA

Viveiro

Facendo unha visión retrospectiva, a dicir verdade, o Ciprés da Misericordia, na súa condición secular, é testemuña dun cambio transcendental no seu curso existencial, relacionado cun desafortunado proxecto urbanístico que non respectou a súa arquitectura corporal nin o seu significado funcional, botando por terra unha considerable parte da súa ramaxe, modificando incomprendiblemente o seu campo visual, borrando os vínculos de conexión coas súas orixes e diminuíndo apreciabilmente a súa posta en valor. De súpeto, por mor da construción dun complexo de vivendas, prodúcese un atentado lamentable e incomprendible que implica a afectación irreversible do ser e do estar desta conífera memorable.

Todo hai que dicilo, a descomunal árbore estaba situada nunha propiedade residencial ruínosa –na saída do núcleo poboacional, pola ponte da Misericordia, ao bordo da estrada da Coruña, no barrio da Misericordia–, presidida por

unha casona, a modo de palacete –chamaba a atención pola súa feitura fabricacional, con fachada principal granítica e entrada señorial, composta por unha ampla escalinata, con balaustrada lateral e columnas de mármore–, rodeada por restos dun antigo e valioso xardín, vido a menos polo estado de esquecemento e abandono padecido. Espazo que denotaba tempos mellores a xulgar polos elementos botánicos de ornato conservados, con especial mención para un paseo de buxos e especies de gran entidade na flora exótica da terra galega (magnolia grandiflora, teixo fastixiado, oliveira, etc.), con inclusión, por suposto, do monumento verde protagonista desta descrición, o ciprés de California, plantado diante da fronte da mansión, pegado a unha reixa metálica sobre muro, disposto cal sentinela e elemento emblemático da posesión, impresionando a todos pola sen par corpulencia que amosaba o seu porte, caracterizado por un tronco e unha copa de extraordinaria envergadura.

SOUTO DA RETORTA

Viveiro

Tomando en consideración a toponimia do lugar, no pasado, a configuración vexetal nada tivo que ver coa que vemos hoxe en día, de tal maneira que unha masa boscosa de castiñeiros e carballos, con protagonismo para os primeiros, en número e calidade, foi con toda seguridade a expresión forestal xenuína que encheu de verdor e vida esta área xeográfica, acompañada na beira fluvial polo típico bosque de galería, que ten ao ameneiro como elemento dominante e formador, co que conviven outras especies de ámbitos acuosos e húmidos (abeleiras, freixos, salgueiros cincentos, loureiros, fieitos reais, pradairos brancos, bidueiros). O certo é que esta situación experimentou un cambio radical desde as últimas décadas da centuria decimonónica, coa introdución do eucalipto e a correspondente repoboación forestal a partir desta especie arbórea de crecemento rápido.

Desde entón ata hoxe, mediante tres plantacións sucesivas, que se practicaron ata o primeiro cuarto do século XX, configurouse unha formación dun valor excepcional, que contabiliza en torno a seiscentos exemplares, estendidos en disposición paralela ao curso do río Landro, que lles dá de beber permanentemente, formando unha banda estreita e alongada que ocupa varios centenares de metros de lonxitude. Arboredo que ten no chamado “O Avó” o seu embaixador por excelencia.

Desde o ano 2000, o eucaliptal goza da declaración de Monumento Natural (Diario Oficial de Galicia, Decreto 77/2000, do 25 de febreiro, n.º 72, 12 de abril de 2000). No folleto *Espacios naturais protexidos de Galicia* (Xunta de Galicia, 2000) encontramos a seguinte descrición: “*O eucaliptal de Chavín, tamén coñecido polo nome de «Souto da Retorta», é un predio situado a carón do río Landro, onde se encontra un rodal de eucaliptos con algún pé dos de maior envergadura de Europa, entre eles, o exemplar coñecido como “El Abuelo”, cun perímetro de 7,55 m e unha altura de 61,78 m, aos que acompaña a vexetación típica da fraga atlántica*”.

A dicir verdade, hai unha fácil explicación para xustificar a presenza desta masa poboacional forestal –situada na parroquia de Santa María de Chavín, en pleno corazón do val do Naseiro– que acadou altos índices de valoración e coñecemento en Galicia e máis alá das súas fronteiras, non en van ocupa posicións cimeiras dentro das expresións que se poden encontrar desta especie no continente europeo. Por riba de todo, á parte das razóns cuantitativas, polo elevado número de efectivos que a compoñen, chaman poderosamente a atención as cifras dendrométricas, sobre todo as alturas, con representantes que pasan dos 60 m, o que os coloca entre as árbores de maiores talles da xeografía española e europea. Estes crecementos e desenvolvementos tan espectaculares débense ao feito de residir nunha zona de excepcional produtividade forestal, pola concorrencia dunha serie de parámetros: a proximidade ao mar; a baixa altitude, de 20 m; o emprazamento nun val; as temperaturas benignas, sen contrastes acusados nin xeadas; as altas precipitacións, superiores a 1.000 mm anuais; a fertilidade e profundidade do solo, a ausencia de escorredura, etc.

Na súa viaxe “Por el Landro a través del Val do Naseiro”, artigo publicado en *La Voz de Galicia*, Pedro F. Linares (1992) fai mención do Souto da Retorta, poñéndoo no lugar que lle corresponde: “*Al pasear por este tupido bosque, último*

de la ruta que hoy se propone, resulta difícil comprender la mala imagen que el eucalipto tiene en Galicia. Sin entrar en consideraciones sobre si su presencia en los montes gallegos es positiva o no, pocos bosques existen en esta región tan impresionantes como el de O Souto da Retorta. Evidentemente, no es esta especie arbórea la única que impide en muchas zonas ver el cielo, pero sí es la única en la que algunos de sus ejemplares necesitan hasta seis personas para rodear su circunferencia. Según dicen, es la masa forestal de eucaliptos más grande de Europa. Seguro que es difícil de confirmar este dato, pero para el visitante sí será la más impresionante que pueda ver en Galicia. Atravesada por el Landro, en el último punto al que se puede acceder caminando, el río provoca una bella cascada de más de 20 metros de altura, cuyas aguas terminan en una pequeña central eléctrica ya en desuso".

BOSQUE DE MEDE

Xermade

Poucas casas ten a aldea de Cazás, unha de tantas entidades poboacionais rurais do concello lucense de Xermade, situado no extremo noroccidental da Terra Chá. Á saída da viña, algo antes de que o cartel indicador marque a fin da entidade habitada, a ambos os lados da estrada, aparece un rodal boscoso (carballo e bidueiro) que abarca unha pequena superficie territorial. Conviven ambas as especies, que constitúen as árbores dominantes, configurando unha arboredo onde a cantidade a pon o bidueiro, cun número de individuos moi superior, mentres que o carballo marca o toque de calidade, pola maior antigüidade dos seus representantes, que non son moitos. E como mostra, o mellor botón corresponde ao protagonista desta descrición, coñecido como o Carballo de Mede.

A súa situación, ao bordo do rodal, e o seu enorme talle, fan que resalte claramente do resto do conxunto arbóreo do que forma parte. Feito que favorece a súa contemplación a gran distancia debido ao seu amplo campo visual. Con todo, ten que competir coa masa vexetal á que pertence, na que está inmerso, polo cal non se presenta como exemplar illado, compartindo o espazo coas arquitecturas das árbores veciñas.

Dentro da nutrida nómina de carballos monumentais espallados polo país galego, o Carballo de Mede é un dos representantes máis cualificados, categoría que ostenta a pesar de ser superado con moito por outros compañeiros en dendrometría troncal e antigüidade. Porén, a observación do seu porte –no que o fuste adquire un gran protagonismo, por razóns cualitativas e cuantitativas– non deixa dúbidas para comprender o seu prezo, que aumentará co andar dos anos se as condicións ambientais son propicias e se lle prestan os coidados e atencións necesarios. O contorno do veterano carballo e da vila de Cazás responde ao dun ámbito xeográfico caracterizado pola presenza de masas forestais formadas de carballeira e bidueiral; áreas de monte baixo, con moito toxo; abundantes claros dedicados a pradería, soporte do compoñente pecuario; e zonas de cultivos agrícolas, con pataca e plantacións hortícolas.

PREDIO DA CERCA DE PENINVELLO

Xinzo da Limia

A Limia é unha comarca natural ourensá onde a agricultura constitúe oficio e vocación secular, abarcando a vista unha ampla panorámica de terreos con explotacións agrarias (pataca, sobre todo, e cereais) e outros cultivos de uso doméstico. Enclavada no centro xeográfico provincial, depresión tectónica terciaria de fondo chan, percorrida polo río Limia –na que se encontra a Lagoa de Antela, un dos maiores lagos de auga doce ata a súa desecación, no ano 1958, decidida polo IRYDA (Instituto de Reforma y Desarrollo Agrario), coa intención de aproveitar a súa superficie para terras de labor–, e hoxe en día un espazo natural protexido (González Rodríguez et al., 1995) pertencente aos

concellos de Xinzo de Limia, Sandiás, Trasmiras, A Porqueira e Rairiz de Veiga.

Nas ladeiras deste vasto territorio, no concello de Xinzo de Limia, están Peninvello e unha parella de castiñeiros salientables con gran relevancia e notoriedade.

A observación de ambos os exemplares revela un aspecto a ter en consideración á hora da súa posta en valor, que non é outro que a súa condición de caracochas ou carochas, como árbores vellas, de troncos afectados por podremias e ocos, sobre os que se desenvolven copas demoucadas polo paso do tempo e polas prácticas culturais.

Ao facer referencia aos atributos alleos, necesariamente temos que falar da proximidade da Lagoa de Antela, que contaba cunha superficie aproximada de 40 km² sendo a máis extensa de toda Galicia, cuxa gran dimensionalidade permitía a presenza dunha enorme variedade de aves, tanto de carácter sedentario como migratorio. A contemplación da paisaxe actual da Limia, que semella ser un páramo, dista moito do estado natural preexistente, que nunca debeu desaparecer, caracterizada pola existencia de masas vexetacionais e ecosistemas autóctonos sometidos a un proceso de destrución brutal e inmisericorde a pesar do seu prezo ecolóxico e botánico.

Os castiñeiros están situados un fronte ao outro, a 8 m de separación, no Predio da Cerca, parcela de terreo estreito e pendente, contigua a zonas hortícolas das casas da vila, lindeira coa estrada de Xinzo de Limia a Muíños. Por esta vía, desde Xinzo en dirección a Bande, chégase a Peninvello, integrando as dúas árbores protagonistas unha xeografía proximal presidida por masas forestais (carballeira e souto), moito monte baixo (xestas e toxos), pradería e zonas agrofitoiteiras no contorno da aldea.



ANEXO II

BIOMETRÍA E OUTROS DATOS
DE ÁRBORES E FORMACIONES

A nomenclatura de cada exemplar ou formación inclúe o nome común que recibe o monumento, o nome científico do exemplar ou exemplares cando se trata de formacións mixtas e a familia botánica á que pertence.

Nas fichas descritivas que acompañan a todos os exemplares incluídos no catálogo detállanse unha serie de datos que nos axudaran a coñecer a situación xeográfica de cada exemplar ou formación con información sobre a provincia, o concello e a parroquia onde se localiza.

Para a caracterización das árbores e formacións que compoñen o catálogo, así como os exemplares que non conseguiron formar parte deste selecto grupo, tomáronse unha serie de datos no campo que a continuación imos describir.

- Altura total do exemplar (HT): distancia vertical expresada en metros desde a zona da base en contacto coa parte superior da ladeira e a cima do exemplar. Para a medición das alturas empregouse un *Vertex Laser*.
- *Altura ata a ramificación (HR)*: altura medida desde o chan ata a primeira rama de envergadura considerable, desbotando aquelas que se atopan secas ou tronzadas. No caso de exemplares sobre terreo inclinado, a medición realizarase desde a zona da base en contacto coa parte máis elevada do terreo.
- Perímetro basal (Pbasal): medida tomada con cinta métrica sobre o chan rodeando a base do exemplar. No caso de que medre sobre terreo inclinado, a medición realízase desde a zona da base en contacto coa parte máis elevada do terreo e rodeando o pé do exemplar coa cinta perpendicular ao eixe do fuste.
- Perímetro normal (Pnormal): medida do perímetro tomada á altura normal do exemplar, isto é a 1,30 metros do chan. No caso de que o exemplar medre sobre terreo inclinado, deberemos tomar a altura normal augas arriba deste. Esta medida é moi útil naqueles casos nos que o perímetro basal non poida ser medido, por ter un banco pegado o tronco (carballo de Santa Margarida, Pontevedra), por estar rodeado de leña (carballo híbrido da praza de Quindous, Cervantes), ou por outros motivos non menos curiosos.
- Diámetro de copa (Dcopa): o dato do diámetro de copa é o resultado da media das medicións do diámetro maior e o diámetro perpendicular a este.
- Idade aproximada (Ia): todos os datos relativos á idade dos exemplares foron sacados de fontes documentais naqueles casos nos que foi posible atopalos, poñendo nestes casos a idade exacta do exemplar. Para aqueles casos nos que non existe fonte documental, expresase a idade cun intervalo que intenta ser o máis razoable posible, polo que ás veces este rango resulta demasiado grande.
- Coordenadas UTM: para a toma de coordenadas empregouse un GPS GARMIN map 76S, tomando os datos cando os valores na pantalla se manteñen constantes e se recibe un mínimo de 4 satélites para considerar a medida axeitada. No caso de formacións, a medida tómase aproximadamente no punto medio da formación.
- Altitude: a altitude tómase ao mesmo tempo que as coordenadas ao realizar o GPS ambas as medicións a un tempo.